

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2013.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do d3a **vinde e seis de setembro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporaci3n en primeira convocatoria de sesi3n ordinaria.

A S I S T E N:

Don 3ngel Benito Curr3s Fern3ndez, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Mar3a de los Reyes Leis Rodr3guez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona Mar3a de los Ojos Grandes Pardo Vald3s.
Dona Mar3a Amelia Gonz3lez Brandariz.
Don Jos3 Lu3s Garc3a Bello.
Don Juan Jos3 de la Fuente Fuentes.
Dona Mar3a Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adri3n Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Dom3nguez Iglesias.
Don Lu3s Mejjide Rodr3guez.
Don Jos3 Mar3a Rosende Rico.
Dona Mar Mart3n Garc3a.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Ros3n Ferreiro.
Dona Marta Alv3rez-Santullano Fern3ndez-Trigales.
Don Francisco Reyes Santi3s.
Don Gonzalo Mui3os S3nchez.
Don Jos3 A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los 3ngeles G3mez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rub3n Cela D3az.
Dona Elvira Cienfuegos L3pez.
Don Rafael Xes3s Vilar Gonz3lez.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2013.**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 25 de xullo de 2013.**
- 3. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.**
- 4. Aprobación definitiva da modificación puntual número 2 do plan especial de reforma interior de Vieiro no ámbito da unidade de execución número 1.**
- 5. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do plan parcial do SUNP-31. San Marcos.**
- 6. Adhesión do Concello ao código de boas prácticas para a instalación de infraestruturas de telefonía móbil.**
- 7. Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito do orzamento do ano 2013: 2013-CREXT-54 e 2013-SUPLE-55.**
- 8. Resolución de alegacións e aprobación da conta xeral 2012.**
- 9. Proposición do grupo municipal do BNG relativa a mellorar a seguridade no trazado ferroviario.**
- 10. Proposición do grupo municipal do BNG para o cumprimento da normativa na prevención e loita contra incendios forestais.**
- 11. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á revisión do Plan de Axuste 2012-2022.**
- 12. Dar conta de resolución da Alcaldía relativa a axustes contables do orzamento de 2013 ás operacións realizadas durante a prórroga orzamentaria.**

13. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Previa declaración de urxencia, inclúese na orde do día do pleno o seguinte asunto:

Dar conta de acordo da Xunta de Goberno de determinación de festivos locais para o ano 2014.

Manifesta o Sr. Alcalde que tal e como se informou aos grupos municipais, vaise dar conta nestes momentos, antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión, do acordo da Xunta de Goberno relativo á designación dos dous festivos locais para o ano 2014, do seguinte xeito:

DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014.

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela en sesión de 26 de setembro de 2013, que sinala como festivos locais para o ano 2014 os seguintes:

Día 29 de maio, día da Ascensión.

Día 24 de xuño, día de San Xoán.

Seguidamente procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE XULLO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2013 (acta núm. 11/2013).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 25 DE XULLO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xullo de 2013 (acta núm. 12/2013).

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2013 aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, o que se someteu á información pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia número 152, do 12 de agosto de 2013.

No período de reclamacións presentáronse tres pola Asociación Hostelería Compostela, se ben unha delas reproduce as outras dúas, nas que en resumo se solicita a aplicación do horario establecido para os meses de xullo e agosto ao mes de setembro, que o mes de abril se equipare aos meses de maio e xuño, e que se prorrogue o prazo para a substitución do mobiliario ata o día 1 de outubro de 2014.

As reclamacións ou suxestións presentadas foron obxecto do seguinte informe, de data 16 de setembro, do xefe do servizo da oficina do Casco Histórico e Rehabilitación:

“O Pleno do Concello de Santiago aprobou na súa sesión ordinaria do 26 de abril de 2012 a nova ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería. Esta norma, actualmente vixente, tratou de resolver as deficiencias da anterior normativa sen esquecer a mellora das medidas de disciplina ou a estética destas instalación de xeito que se atopen á altura que esixe unha cidade histórica como é Santiago de Compostela.

Durante o ano de vixencia da nova ordenanza logrouse que as terrazas presenten un aspecto máis ordeado, unha mellora na estética de moitas delas (se ben hai que ter en conta as prórrogas concedidas para a substitución do vello mobiliario por outro acorde coa norma), unha mellora na delimitación do espazo ocupado polas terrazas e novas instalacións de quioscos, como a cafetería do parque da Alameda, xa adxudicada. Non obstante, durante este primer ano observáronse igualmente algúns aspectos que era preciso mellorar na regulación das terrazas, aspectos que foron obxecto de diversos decretos dictados al amparo da competencia que a disposición adicional terceira concede á Alcaldía (ou, no seu caso, ao concelleiro no que aquela delegue) para dictar disposicións ou intrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da ordenanza.

Non obstante, a existencia de diversos decretos que completan a ordenanza e indican os criterios de aplicación da mesma fai que sexa en ocasións difícil para os cidadáns coñecer e aplicar a norma dado que é preciso coñecer igualmente estas resolucións que a desenvolven. Á vista destas circunstancias, o Pleno do Concello -tras tramitarse unha proposta de reforma da ordenanza de terrazas na comisión de urbanismo e infraestructuras e na Comisión de Goberno do Concello- aprobou inicialmente na súa

sesión de data 18 de xullo de 2013 dita reforma da ordenanza, que incorpora os decretos ao texto da ordenanza entre outros axustes da mesma.

Con data 12 de agosto de 2013 publicouse o anuncio da aprobación inicial da reforma da ordenanza no boletín oficial da provincia, abríndose un período de alegacións durante un mes. Neste tempo presentáronse dúas alegacións da Asociación de hostalería de Compostela nas que se solicita que se amplíe o horario dos meses de xullo e agosto ao mes de setembro, e que o mes de abril se equipare aos meses de maio e xuño, e que se prorrogue o prazo para substituír o mobiliario ata o 1 de outubro de 2014.

Asimesmo, o Interventor municipal propón no seu informe de 10 de xullo de 2013 que ó artigo 13, que se refire ás fianzas, se engada un apartado terceiro que indique.

“As fianzas deberán constituírse na caixa da corporación.”

Con respecto aos escritos da Asociación de hostalería de Compostela máis que tratarse de alegacións ao texto aprobado nas que se fagan consideracións xurídicas, trátanse de propostas de novas reformas a maiores das aprobadas polo Pleno do Concello.

De conformidade co ata aquí exposto entendemos que procede aprobar definitivamente a reforma da ordenanza introducindo no seu texto o contido dos decretos que a desenvolven e outras modificacións aconselladas pola experiencia deste primeiro ano de aplicación de acordo coa proposta anexa, incluíndo a consideración que fai ao artigo 13 o Interventor municipal.”

Por outra banda, figura no expediente un informe do Sr. Interventor de Fondos Municipais, do día 10 de xullo de 2013, que propón engadir no artigo 13, “ fianza”, un apartado terceiro coa indicación de “as fianzas deberán constituírse na Caixa da Corporación”.

Dona María Pardo Valdés indica que antes da aprobación da ordenanza vixente, que regula as terrazas, a normativa concerniente a estas actividades de restauración na nosa cidade era moi pobre, pois se limitaba a uns poucos artigos de regulación de uso da vía pública que non resolvían moitos dos problemas que estes elementos creaban.

Para resolver os problemas antes mencionados, e outros que existen neste ámbito, o Pleno do Concello de Santiago aprobou no seu período ordinario de sesións, o 26 de abril de 2012 a nova ordenanza reguladora de terrazas e quioscos de hostalería. Esta norma, actualmente vixente, tenta solventar as deficiencias da normativa anterior sen esquecer a mellora das medidas de disciplina ou a estética das instalacións para que estean á altura que require unha cidade histórica e patrimonio da humanidade como Santiago de Compostela.

Dende a entrada en vigor da nova ordenanza foi doado comprobar como as terrazas presentan unha forma máis ordenada, melloraron a súa aparencia a pesar das prórrogas concedidas para a substitución do mobiliario antigo, e existe unha mellor delimitación do espazo ocupado polas mesmas, igual que sucede coas novas instalacións de quioscos, como a cafetería do parque da Alameda. Cando se cumpre o primeiro ano de uso da ordenanza enténdese que é o momento de realizar pequenos axustes coa experiencia da súa aplicación para mellorar a regulación dun sector tan importante para a cidade, e máis en tempo de crise e de aumento do desemprego. Por iso, coa modificación permítese a instalación de terrazas auxiliares nos hoteis, se simplifica a documentación necesaria para o permiso de terraza, por exemplo planos a escala, e se inclúen no texto da ordenanza os materiais, mobiliarios e cores, a prohibición do plástico, acero inoxidable, aluminio, nas súas cores naturais ou acabados metálicos brillantes no casco antigo, e se permiten as cores orixinais dos materiais utilizados, así como o negro, branco, marrón, nas súas diferentes tonalidades, o verde Compostela e gris en diferentes tons. Noutras partes da cidade tamén se prohíbe o acero inoxidable ou o aluminio, aínda que se permiten máis cores e deseños modernos.

Noutra orde de cousas, e no tocante á delimitación do espazo da terraza, se preferiría o uso de elementos axardinados, que tamén poden ser utilizados con peches de madeira en forma de balaustrada. Igualmente se introduce unha nova regulación para dar máis facilidades á instalación de terrazas, que poden separarse ata vinte metros dende o fronte do local e poden superar a parte dianteira da sala, e o permiso do propietario dun local veciño sómentes é necesario cando pode verse afectado, pero non se precisa o permiso das comunidades de propietarios. Por último, modifícanse e amplíanse os módulos, que permiten adaptarse mellor ás rúas estreitas.

Prosegue explicando a concelleira que as terrazas non constitúen unha extensión do local ou do hotel aos efectos dispostos no decreto de zonas saturadas, limitándose neste caso, e sendo máis restrictiva a regulación que a establecida inicialmente no Decreto de zonas saturadas.

Expón tamén a Sra. Pardo que durante o período de exposición ao público recibíuse unha reclamación da asociación de hostelería de Compostela, solicitando a ampliación de prazo para cambiar os mobles por un ano e a ampliación do horario de peche. Proponse o rexeitamento de ambas peticións, dado que xa se tiña concedido unha prórroga para o cambio de mobiliario en outubro deste ano, e tamén unha prórroga do horario da temporada de verán como compesación ás malas condicións climatolóxicas do inverno pasado.

Unha consideración de especial preocupación para este equipo de goberno foi compatibilizar en todo momento as medidas de promoción económica dunha actividade

tan importante para Santiago como é a hostelería, xeradora de tantos miles de postos de traballo na nosa cidade, coa preservación do espazo público que parcialmente ocupan as terrazas e que está destinado en primeiro lugar ao cómodo desprazamento dos transeúntes e habitantes de Santiago e aos visitantes. Neste sentido, a externalización da xestión das sancións urbanísticas resultou un elemento fundamental para garantir o cumprimento da legalidade, que está empezando a funcionar enviando unha mensaxe clara aos locais de hostalería, de que a sensibilidade coa problemática que atoparon na redacción desta normativa debe enmarcarse no pleno respecto á mesma.

Don Rubén Cela anuncia o voto en contra do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego a esta aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, en coherencia co defendido con anterioridade polo seu grupo, tanto na aprobación da ordenanza, fai máis dun ano, como na aprobación inicial da presente modificación o pasado mes de xullo.

O grupo de goberno propón aprobar o mesmo texto debatido neste pleno municipal fai dous meses, xa que as únicas alegacións presentadas foron as realizadas pola Asociación de Hostalería de Santiago, referidas tanto aos horarios como aos prazos de adaptación do mobiliario, alegacións para as que se propón a súa desestimación. O único que se incorpora é un matiz técnico a proposta da intervención municipal, sobre onde deben constituírse as fianzas, polo tanto xa están expostas con anterioridade neste pleno as razóns da oposición do BNG tanto a ordenanza inicial como ás modificacións posteriores, polo que non tería sentido reiteralas hoxe.

En calquera caso, o concelleiro quere deixar constancia de que non percibe que durante este ano de vixencia da norma se producira ningunha mellora salientable neste ámbito, como se afirma no informe que acompaña a este expediente. Pola contra, o que si comprobou, tal e como denunciou no seu día, é que foi unha norma aprobada aceleradamente, de feito aprobouse inicialmente pola vía de urxencia, sen diálogo cos grupos da oposición e facendo un calco da lexislación madrileña, que pouco ou nada ten que ver coa realidade de Compostela, e sen facer caso a unhas recomendacións tan cualificadas como as do Colexio de Arquitectos. Iso levou, ao seu ver, a que a ordenanza que ven a aprobarse hoxe estivera precedida nada máis e nada menos que de dez decretos modificativos, en pouco máis dun ano, decretos que en moitos casos non foron precisamente interpretativos, senón claramente modificativos do espírito e das prescricións da ordenanza.

O seu grupo -engade- considera que unha ordenanza deste tipo debera garantir un axeitado uso dos espazos públicos, cunha especial fixación, por suposto, no coidado estético da cidade, e a preservación do seu patrimonio, ao tempo que garanta un equilibrio aceptable entre o dereito dos veciños a descansar e o dos hosteleiros a traballar. A ordenanza tal e como está plantexada, dende o seu punto de vista, máis que

regular e ordenar, no que se centra é en liberalizar aínda máis o uso dos espazos públicos, e dá a impresión de que o fai á carta, e que aínda vai ser máis arbitraria e discrecional que a anterior.

Polo tanto, o Sr. Cela opina que foi mala a ordenación inicial e que segue a ser mala esta modificación, cuxa aportación fundamental é que despois do batiburrillo de decretos sacados corrixindo a ordenanza, agora polo menos a cidadanía poderá coñecer a regulación a través dun único documento, e polo tanto todos os profesionais da hostalería poderán saber exactamente cal é a normativa que está en vigor, cousa que neste último ano non foi nada doado.

Dona Mercedes Rosón, pola súa banda, afirma que este probablemente é o tema que máis veces ten vido a este pleno nos dous anos de lexislatura que levamos, tema que alentou bastantes discusións.

Adianta a concelleira que o voto do grupo socialista tamén vai ser desfavorable, en coherencia coa postura mantida ao longo de toda a tramitación, por estar en desacordo coa forma e co fondo da mesma, por facela con esa présa á que se refería o señor Cela fai un momento, por facela por urxencia sen falala con ninguén interesado, reproducindo unha ordenanza dunha cidade dunha escala moi diferente á nosa e sen atender á realidade de Compostela. O seu grupo daquela xa anunciaba que a ordenanza tería que ser modificada, e o tempo non tardou moito en darlles a razón, e non foron axustes pequenos, como acaba de dicir a señora concelleira, senon modificacións de calado, levadas a cabo a través de dez decretos que a señora Pardo asinou para ir resolvendo temas varios que ian aparecendo. Por outra banda, e como xa manifestou a sra. Rosón na sesión do pasado 18 de xullo, os decretos non ofrecían tódalas garantías legais, porque plantexaban cambios nos contidos da ordenanza, algo que é competencia clara do pleno, e polo tanto tiñan que ser previamente aprobados a través dunha modificación da mesma, por ser a ordenanza unha norma de carácter xeral, o que dá idea da chapuza que significou o proceso.

A aprobación definitiva da modificación da ordenanza de terrazas e quioscos ten lugar sen estimar as alegacións da hostalería, e pensa a concelleira que o grupo de goberno erra ao non ampliar o prazo para o cambio de materiais das terrazas, porque a crise afecta duramente a moitos hostaleiros que fixeran un cambio de mobiliario recentemente e que agora, dende fai un ano, se atopan cara a obriga de facer un novo investimento.

Por outra banda, espera a Sra. Rosón que a rixidez na aplicación da normativa á que se refiriu a sra. Pardo sexa certa, porque esta materia afecta á convivencia, á propia estética, á paisaxe e imaxe da cidade. Non obstante, pensa que hai que ter flexibilidade no momento actual, e se ben o seu grupo está de acordo en non ampliar os horarios, non

o está en negar unha ampliación do prazo para a adaptación do mobiliario, pois son moitos os hostaleiros, sobre todo no ámbito da cidade histórica, que teñen feito grandes investimentos nos tres ou catro últimos anos,

Neste momento o Sr. Alcalde dá a benvida en nome de toda a Corporación ao novo interventor de fondos municipais, Don Vicente Calvo del Castillo.

De conformidade cos informes do Sr. Interventor de Fondos Municipais e do xefe do servizo da oficina do Casco Histórico e Rehabilitación, a proposta da Concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 16 deste mes, e o dictame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 19 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor dos membros do grupo municipal popular e 12 en contra dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG:

a) Rexeitar as reclamacións presentadas no período de información pública pola Asociación Hostelería Compostela.

b) Engadir ao artigo 13 da ordenanza un apartado terceiro co seguinte texto: “As fianzas deberán constituirse na caixa da Corporación.”

c) Aprobar definitivamente a modificación puntual da ordenanza municipal reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, que non sofre modificacións con respecto ao texto aprobado inicialmente, excepto no que atinxe ao artigo 13, de conformidade co expresado no anterior apartado b).

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 2 DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DE VIEIRO NO ÁMBITO DA UNIDADE DE EXECUCIÓN NÚMERO 1.

Explica pormenorizadamente o contido do presente asunto o informe emitido pola xefa de sección de planeamento e xestión urbanística o pasado día 23 de setembro, que indica literalmente o seguinte:

“O proxecto de referencia fórmase por iniciativa particular de INMOBILIARIA PAXONAL S.L. co obxecto de modificar puntualmente o planeamento vixente no ámbito da área de execución nº 1 (AE-1) do Plan especial de reforma interior (PERI) de Vieiro.

1. Planeamento vixente

O planeamento vixente no ámbito é a *Modificación e adaptación do PERI de Vieiro* que fora aprobada definitivamente o 28 de febreiro de 2000 e que resultou incorporada ao Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) a través da súa disposición transitoria 12ª. Posteriormente tramitouse unha Modificación puntual no ámbito da AE-1, que resultou definitivamente aprobada polo Pleno Municipal o 31 de maio de 2012.

Para o desenvolvemento da AE-1, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado o 19 de xullo de 2012, aprobou definitivamente o correspondente Proxecto de equidistribución, que adxudicou as parcelas resultantes con aproveitamento lucrativo, e transmitiu ao Concello os terreos de cesión obrigatoria con destino a viario e espazos libres públicos.

2. Modificación proposta

A Modificación propón unha redistribución do aproveitamento edificable entre os bloques 1 e 2, co obxecto principal de unificar o número de plantas do bloque 2 en toda a súa lonxitude, de xeito que o espazo en planta baixa que resulta da ordenación vixente –cunha altura de 5,50 metros- divídese agora orixinando unha nova superficie construída de 125,37 m² en planta primeira, na zona de unión co edificio lédante, xa executado. Co obxecto de manter o aproveitamento total permitido na unidade, propónse o recuamento en planta baixa da liña de edificación do bloque 1, o que supón reducir a superficie edificable deste bloque en 131,91 m² construídos, incrementando o espazo libre privado en planta baixa. A ordenación resultante reflíctese graficamente no plano de alzados (nº 5) do documento.

A Modificación non altera a superficie edificable total autorizada no polígono, nin a delimitación das parcelas resultantes da equidistribución aprobada, afectando unicamente ao aproveitamento ou edificabilidade materializable nas parcelas D1 e D2, na actualidade pertencentes á mercantil promotora da presente modificación, segundo a escritura de compravenda outorgada o día 28 de decembro de 2012, perante o notario José Manuel Amigo Vázquez, número 3147 do seu protocolo.

3. Tramitación

A Modificación recibiu o informe favorable do arquitecto xefe do servizo municipal de Planeamento, asinado o 4 de xullo de 2013.

Obra no expediente a Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 20 de xuño de 2013, pola que se declara a non necesidade de someter a Modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ambiental.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 11 de xullo de 2013 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 31 de xullo, e nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, ámbolos dous con data 21 de agosto de 2013. Simultaneamente, practicouse notificación persoal a INMOBILIARIA PAXONAL S.L, como promotora da Modificación e propietaria das dúas parcelas afectadas.

Durante o referido trámite de información pública, que rematou o pasado día 21 de setembro, non consta a formulación de alegacións.

4. Proposta de resolución

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, a adopción do seguinte ACORDO:

* Aprobar definitivamente a Modificación puntual nº 2 do Plan especial de reforma interior (PERI) de Vieiro, no ámbito da área de execución nº 1 (AE-1), promovida por INMOBILIARIA PAXONAL S.L., sen modificacións respecto da inicialmente aprobada.

O acordo que se adopte será notificado aos interesados e publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá, así mesmo, a normativa urbanística aprobada.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do proxecto definitivamente aprobado.”

Tamén consta no expediente o informe favorable do arquitecto xefe do servizo municipal de planeamento, asinado o día 4 de xullo con carácter previo á aprobación inicial do documento de modificación.

Dona María Pardo Valdés explica que a modificación que se trae a aprobación propón unha redistribución do aproveitamento edificable dentro dos bloques 1 e 2, co obxecto principal de unificar o número de plantas do bloque 2 en toda a súa lonxitude, de forma que o espazo na planta baixa que resulta da ordenación vixente, cunha altura de 5,5 metros, se divide agora, orixinando unha nova superficie construída de 125,37 metros cadrados en planta primeira na zona de unión co edificio lindante xa executado.

Co obxecto de manter o aproveitamento total permitido na unidade se propón o retranqueo na planta baixa da liña de edificación do bloque 1, o que supón reducir a superficie edificable deste bloque en 131,91 metros cadrados construídos, incrementando o espazo libre privado en planta baixa. A ordenación resultante reflíctese gráficamente nos planos de alzado, en concreto no documento número 5.

Por outra banda, a modificación non altera a superficie edificable total autorizada no Polígono, nin a delimitación das parcelas resultantes da equidistribución aprobada, afectando unicamente ao aproveitamento ou edificabilidade que se materializa nas parcelas D-1 e D-2, na actualidade pertencentes á empresa impulsora da presente modificación, segundo consta na escritura de compra-venda outorgada o 28 de decembro de 2012 ante o notario José Manuel Amigo Vázquez, núm. 3.147 do seu protocolo.

Don Rubén Cela adianta que o grupo municipal do BNG vai votar favorablemente a aprobación inicial desta modificación puntual, porque entenden que a proposta presentada é razoable e permite legalizar algo xa feito, pois na situación actual non se podía outorgar licenza, e non facelo, baixo o seu punto de vista, provocaría un mal maior. A solución adoptada detrae a edificabilidade gañada a outro edificio polo mesmo número de metros cadrados, solución que o concelleiro xulga ponderada.

Tamén Dona Mercedes Rosón di que o voto do seu grupo vai ser favorable á aprobación desta modificación, entendendo que se busca e se resolve, a través dunha solución técnica e xurídicamente lexitima, unha situación irregular que se plantexaba neste plan especial de reforma interior. O grupo socialista está de acordo no plantexamento que se fai, nesa redistribución dos aproveitamentos que permiten resolver o problema xurdido nunha das edificacións xa construídas, e mantendo a unidade de cornisa, o que era moi importante dentro desa unidade edificatoria.

Xa que logo, de conformidade cos informes técnico e xurídico do servizo de planeamento, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 23 deste mes, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 19 de setembro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar definitivamente a modificación puntual nº 2 do Plan especial de reforma interior de Vieiro, no ámbito da área de execución nº 1, redactada polo arquitecto D. José Manuel Arias Illanes e promovida por Inmobiliaria Paxonal S.L, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada e sometida á información pública.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Igualmente remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PLAN PARCIAL DO SUNP-31. SAN MARCOS.

O proxecto, redactado polos arquitectos D. Carlos Pérez e D. Jesús Conde a iniciativa da INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR S.L. ten por obxecto principal permitir a implantación de uso residencial colectivo nas parcelas 115 e 118 do Plan Parcial do SUNP-31 (parcelas 24 e 25 do proxecto de compensación) cualificadas polo planeamento vixente para uso hoteleiro e outros de carácter terciario.

O informe técnico e xurídico que emiten o arquitecto xefe do servizo de planeamento e xestión urbanística e a xefa de sección de xestión urbanística o pasado día 16, indica literalmente o seguinte:

“A Modificación proposta tramítase de oficio polo Concello de Santiago a resultas dunha iniciativa formulada por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR SL, e ten por obxecto principal permitir a implantación de uso residencial colectivo nas parcelas 115 e 118 do Plan parcial do SUNP-31 (parcelas 24 e 25 do Proxecto de compensación), cualificadas polo planeamento vixente para uso hoteleiro e outros de carácter terciario.

1. Planeamento vixente

O réxime urbanístico vixente nas parcelas obxecto de modificación é o sinalado polo Plan parcial do SUNP-31, o cal foi definitivamente aprobado o 28 de novembro de 2002 e modificado puntualmente con data 27 de novembro de 2008.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa disposición transitoria terceira, incorpora a ordenación resultante do Plan parcial vixente, outorgando aos terreos afectados a condición de solo urbanizable delimitado, como tamén se indica no artigo 58.7 da normativa.

O Plan parcial vixente aplica ás parcelas 115 e 118 as condicións de uso e de edificación que se sinalan na ordenanza 4 da súa normativa, e que se sintetizan na cualificación para uso hoteleiro, comercial e oficinas, e na atribución das superficies edificables de 1.800 m² construídos para a parcela 115, e 5.234 m²c para a 118.

Por outra banda, o Plan parcial, en desenvolvemento das determinacións do Plan xeral daquela vixente -aprobado no ano 1989- establece a tipoloxía de vivenda unifamiliar para o uso residencial, e un número máximo de 115 vivendas no ámbito do polígono.

En execución do Plan parcial, foi aprobado, con data 9 de febreiro de 2004, o Proxecto de compensación do polígono, que determinou a cesión ao Concello dos terreos cualificados como viario, espazos libres e equipamento de dominio público, e a adxudicación das parcelas resultantes de uso lucrativo

2. Obxecto e xustificación da Modificación

A Modificación proposta pretende a alteración do uso principal asignado ás parcelas afectadas -de hoteleiro a residencial-, a introdución dunha nova tipoloxía edificatoria -a vivenda colectiva- e o incremento do número máximo de vivendas fixado polo Plan parcial vixente.

A conveniencia e oportunidade da modificación proposta baséase, segundo a memoria do proxecto presentado, nas seguintes circunstancias:

1ª. A suficiencia da actual oferta de prazas hoteleiras no conxunto da cidade, e, en particular, na área máis próxima ao SUNP-31, na que existe unha variada oferta de establecementos hoteleiros cuxa capacidade ronda as 2.000 prazas.

Para acreditar este extremo, achégase informe da Asociación Hostelería Compostela, no que se fai mención ao sobredimensionamento da oferta de hospedaxe en Santiago, e o continuado descenso da demanda, que comprometen gravemente a viabilidade económica do sector.

Achéganse tamén informes elaborados pola Universidade de Santiago de Compostela e polo Instituto de Estudos Turísticos da Xunta de Galicia, nos que se constata o efectivo descenso da demanda e do nivel de ocupación dos establecementos hoteleiros na cidade de Santiago.

2ª. A conveniencia de promover a fixación de poboación na zona e evitar unha excesiva terciarización, para o que se propón diversificar a oferta de uso residencial, mediante a incorporación da vivenda colectiva e da suxeita a réxime de protección pública.

Sen prexuízo do anterior, a Modificación non exclúe a posibilidade de que as parcelas afectadas poidan tamén destinarse a outros usos distintos do residencial, como son o hoteleiro, comercial e oficinas, que se declaran expresamente compatibles.

3. Contido e determinacións resultantes da modificación

Edificabilidade e usos

Co obxecto de manter o aproveitamento do vixente Plan parcial -22.391 ua-, resultante dos coeficientes de ponderación asignados polo dito Plan aos usos residencial e hoteleiro (1 e 0,85, respectivamente), o cambio de uso proposto para as parcelas 115 e 118 acompáñase da redución proporcional -nun 15%- da edificabilidade materializable no conxunto das citadas parcelas, como de seguido se indica:

7.034 m²c uso hoteleiro 0,85..... 5.978,9 ua 5.978,9 m² uso residencial

A superficie edificable total autorizada no conxunto das dúas parcelas é de 5.978,9 m² construídos -fronte aos 7.034 permitidos polo Plan parcial vixente-, que se distribúe en 1.793,67 para a parcela 115 e 4.185,23 para a parcela 118.

A nova edificabilidade residencial que resulta da modificación destínase á construción de vivenda colectiva, cun número máximo de 103 vivendas, reservándose para vivenda de protección pública o 30% da nova superficie edificable residencial (1.793,67 m²c).

Densidade de vivenda

A incorporación dos novos tipos de vivenda, en canto supoñen un uso máis intensivo e concentrado da parcela, achégase da proposta de incrementar a densidade máxima de vivenda establecida polo vixente Plan parcial, o cal desenvolvía neste punto as determinacións do anterior Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) aprobado en decembro de 1989, que fixaba unha densidade máxima de 15 vivendas por hectárea nas áreas tipo A.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa disposición transitoria terceira e do artigo 58.7 da normativa, clasifica o ámbito do Plan parcial como urbanizable delimitado, polo que a Modificación propón incrementar a densidade de vivenda, en coherencia coas novas tipoloxías edificatorias proxectadas, ata acadar as 28 vivendas por hectárea, ao ser este o mínimo permitido polo artigo 58 do PXOM nesta clase de solo, e en sectores de características semellantes ás do SUNP-31 (SUD-17 Monte do Gozo-Aríns)

A aplicación do parámetro de 28 vivendas por hectárea supón un número máximo de 218 vivendas no ámbito do Plan parcial, polo que, descontando as 115 vivendas xa

permitidas polo plan vixente, resultan 103 novas vivendas no ámbito das parcelas obxecto da presente Modificación.

A Modificación distribúe este número de vivendas entre as dúas parcelas afectadas (27 na parcela 115, e 76 na 118).

Reservas dotacionais

Na memoria do documento efectúase unha comparativa entre as dotacións actualmente existentes no ámbito e as que resultarían esixibles consonte ao artigo 47 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en atención aos novos usos e intensidades resultantes da Modificación proposta.

Coa Modificación séguense a cumprir os estándares de reserva dotacional legalmente esixibles, xa que tanto a redución de superficie edificable como o cambio de uso proxectado -de hoteleiro a residencial- non leva aparelada a necesidade de incrementar as dotacións existentes.

No apartado 3.3 do documento efectúase una comparación entre o valor urbanístico das parcelas afectadas segundo a edificabilidade e usos outorgados polo Plan parcial vixente, e o que resultaría coa nova edificabilidade e usos proxectados, para os sós efectos de acreditar que non se produce un incremento de valor do que se puidera derivar a esixibilidade de maiores cargas urbanísticas, ao abeiro do previsto pola disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 2/2008.

Reserva de vivenda protexida

O Plan parcial vixente, aprobado en novembro de 2002, non cualifica solo para a construción de vivenda de protección pública, xa que a lexislación urbanística vixente no momento da súa aprobación non esixía reserva obrigatoria de vivenda protexida.

Na actualidade, a resultas da modificación introducida pola Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, no artigo 47.11 da LOUG, establécese, con carácter xeral, a reserva dun 30% da edificabilidade residencial no solo incluído en actuacións de urbanización, se ben os plans xerais poderán adaptar a reserva á estimación da demanda potencial de vivenda protexida realizada en base ao número de inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia. Para este efecto, a Resolución do IGVS de data 9 de xaneiro de 2013 -publicada no DOG de 18 de xaneiro- sinala, para o Concello de Santiago, unha porcentaxe do 16,43%.

No presente caso, posto que a Modificación proposta supón a aparición dunha nova edificabilidade residencial -5.978,9 m²c- non considerada polo vixente PXOM, propónse cualificar para vivenda protexida o 30% da nova superficie edificable residencial resultante da Modificación, o que equivale a 1.793,67 m² construídos de vivenda de protección pública, que se localizan na parcela 115.

Ordenanza aplicable ás parcelas 115 e 118

A Modificación propón a creación dunha nova ordenanza 4, que substituirá á do Plan parcial vixente, e que será aplicable ás parcelas 115 e 118, nas que se efectúa a seguinte cualificación ou asignación de usos pormenorizados:

- * Uso principal ou característico: residencial colectivo.
- * Usos compatibles (mesmo en edificación exclusiva): hoteleiro, dotacional, oficinas.
- * Usos compatibles en planta baixa: comercial e garaxe-aparcadoiro.

Proxecto de edificación e licenza conxunta

O plan parcial vixente establece, para as parcelas de Ordenanzas 1 e 2, a tipoloxía de edificación unifamiliar adosada ou pareada, *en edificación e proxecto conxunto* para cada un dos ámbitos que a tal efecto se delimitan, os cales se corresponden con ringleiras completas de vivenda unifamiliar.

A referencia a “*edificación e proxecto conxunto*” para cada unha das ringleiras debe interpretarse no senso de garantir certo grado de coherencia formal na edificación das distintas parcelas, evitando un resultado final desordenado ou non integrado no seu contorno. Esta finalidade pódese obter igualmente mediante a aprobación dun Estudo de detalle que concrete as condicións estéticas e de composición da edificación (artigo 73.1.c) da LOUG) evitando así a necesidade de aprobar un proxecto conxunto de edificación ou solicitar unha licenza conxunta, toda vez que as parcelas son susceptibles de edificación independente consonte ás determinacións do planeamento aplicable.

Por este motivo, aprovéitase a presente Modificación para clarificar este extremo, reformando a redacción das ordenanzas 1 e 2 no senso de permitir a aprobación dun Estudo de detalle que concrete as condicións estéticas e compositivas da edificación, de xeito alternativo ao proxecto de edificación conxunta.

4. Valoración do interese público da Modificación proposta

A LOUG non reconece o dereito dos particulares, nin para a formulación do planeamento xeral, nin para a modificación do planeamento urbanístico aprobado, xa que o exercicio do *ius variandi* que corresponde á administración, ademais de ter un

carácter esencialmente discrecional, debe estar vinculado á consecución de obxectivos de interese público, cuxa avaliación compete neste caso á Corporación Municipal.

Polo tanto, non corresponde aos técnicos municipais avaliar o interese público da Modificación proposta, o cal haberá de ponderarse pola Corporación Municipal á vista da xustificación que se contén na Memoria e das circunstancias anteriormente sinaladas. Dende o punto de vista estritamente legal, estímase que a Modificación proposta resulta coherente coas circunstancias e cos obxectivos explicitados na Memoria, e, que, por tal motivo, o exercicio do ius variandi non se manifesta como inxustificado, irracional ou arbitrario, senón que se atopa suficientemente motivado e orientado á consecución de obxectivos de interese xeral, cuxa avaliación compete ao Pleno Municipal.

5. Informe da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Con carácter previo á aprobación inicial, e en cumprimento do esixido polo artigo 85.1 da LOUG, solicitouse o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que foi emitido con data 5 de agosto de 2013.

Do informe emitido cabe subliñar as seguintes observacións:

- Respecto da dotación de sistemas xerais:

Da análise da modificación resulta que se produce un aumento de capacidade residencial do PXOM de Santiago de 5.978,90 m² edificadas. O punto 2.3.6 da memoria xustificativa do PXOM sobre o cumprimento do artigo 47.1 da LOUG, observa unha capacidade residencial total de 9.294.709 m² e unhas reservas de sistemas xerais que máis que duplican o estándar legal, polo que os 5.978,90 m² residenciais adicionais non dan lugar a incumprimento do artigo 47.1 da LOUG.

- Respecto das dotacións locais:

En relación coa disposición transitoria 1^a.d) da LOUG, e supoñendo que o instrumento de equidistribución fose aprobado nos seus termos, a modificación non suporía incremento de intensidade de uso para os efectos do artigo 94.3 da LOUG, porque a redución da edificabilidade combinada co cambio de uso de hoteleiro a residencial xenera unha redución das necesidades de dotacións conforme ao artigo 47.2 LOUG.

- Respecto da ordenación detallada:

A ordenación detallada non é completa ao permitir trasvases de edificabilidade, número e tipo de vivendas entre as parcelas, máxime cando os titulares non coinciden

plenamente; polo que cómpre establecer a edificabilidade, número de vivendas e tipo destas para cada unha das dúas parcelas afectadas pola modificación.

Á vista do informe, procedeuse a reformar o Proxecto informado pola Consellería nos seguintes termos:

- Mantense a dotación local de espazos libres resultante do plan parcial vixente (14.602 m²) e desbótase a proposta inicial de incorporar unha parte daquela ao sistema xeral, atendendo ás consideracións do informe autonómico respecto da reserva de sistemas xerais resultante do PXOM.
- Suprímense as referencias aos trasvases ou transferencias de edificabilidade e número de vivendas entre parcelas.

As modificacións citadas foron incorporadas ao documento presentado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR con data 16 de setembro de 2013.

6. Tramitación

A Modificación proposta, se ben supón unha modificación puntual da asignación de usos pormenorizados efectuada polo Plan parcial vixente, afecta a outras determinacións -como son a tipoloxía e a densidade de vivenda, ou a reserva de sistemas xerais- cuxo establecemento corresponde ao planeamento xeral (artigo 57.1 da LOUG).

Por este motivo, a tramitación da Modificación haberá de axustarse ao procedemento regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación dos plans xerais, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica por terse declarado a súa innecesariedade mediante Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 30 de xaneiro de 2013.

7. Proposta de aprobación inicial

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

- a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) e do Plan parcial de ordenación do SUNP-31.1 (San Marcos), segundo o proxecto presentado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR SL o día 16 de setembro de 2013.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do organismo autónomo Augas de Galicia.

c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas nas parcelas 115 e 118 do Plan parcial do SUNP-31 (parcelas 24 e 25 do Proxecto de compensación), durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”

Tal e como se indica no informe transcrito, o documento someteuse a informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, que foi emitido con data do 5 de agosto de 2013 indicando a necesidade de introducir determinadas modificacións, recollidas no documento reformado presentado por Inmobiliaria Outeiro de Sar con data do 16 de setembro deste ano

Tamén esta secretaría xeral emitiu informe favorable á aprobación do documento con data do 23 de setembro deste ano.

Dona María Pardo Valdés indica que a modificación proposta se tramita de oficio polo Concello de Santiago como resultado dunha iniciativa formulada pola inmobiliaria Outeiro de Sar SL, e ten por obxecto principal permitir a implantación de uso residencial colectivo nas parcelas 115 e 118 do Plan Parcial do SUNP-31, parcelas 124 e 125 do proxecto de compensación, calificadas polo planeamento vixente para uso hoteleiro e outros de carácter terciario.

Con carácter previo á aprobación inicial, e en cumprimento do esixido polo artigo 85.1 da LOUG, se solicitou o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que foi emitido con data 5 de agosto de 2013. Á vista de dito informe, se procede a reformar o proxecto informado pola Consellería nos seguintes termos:

- Mantense a dotación local de espazos libres resultante do plan parcial vixente (14.602 m²) e desbótase a proposta inicial de incorporar unha parte daquela ao sistema xeral, atendendo ás consideracións do informe autonómico respecto da reserva de sistemas xerais resultante do PXOM.

- Suprímense as referencias aos trasvases ou transferencias de edificabilidade e número de vivendas entre parcelas.

A modificación proposta pretende a alteración do uso principal asignado ás parcelas afectadas, a introdución dunha nova tipoloxía edificatoria de vivenda colectiva, e o incremento do número máximo de vivendas fixado no plan parcial vixente.

A superficie edificable total autorizada no conxunto das dúas parcelas é de 5.978,9 metros cadrados construídos, fronte aos 7.034 permitidos polo Plan parcial vixente, que se distribúen en 1.793,67 para a parcela 115 e 4.185,23 para a parcela 118.

A nova edificabilidade residencial que resulta da modificación destínase á construción de vivenda colectiva, cun número máximo de 103 vivendas, reservándose para vivenda de protección pública o 30% da nova superficie edificable residencial, 1.793,67 metros cadrados construídos.

Don Rubén Cela informa que o grupo municipal do BNG vaise abster neste punto, porque se ben é certo que é posible que tal e como se argumenta por parte dos promotores desta modificación, hoxe a planta hoteleira en Santiago en xeral xa está dabondo dimensionada, e en particular no entorno do SUNP-31 do que nos estamos a referir, en San Marcos, non comparte o feito de que necesariamente haxa que facer unha modificación de cualificación deses terreos nos termos plantexados.

Lembra que esa cualificación non recolle exclusivamente usos hoteleiros, senón que especifica outros usos de carácter terciario, en concreto, uso hoteleiro, comercial e oficinas, e superficie edificable de 1800 metros cadrados para a parcela 115, e 5234 metros cadrados para a parcela 118.

É certo que o Plan parcial vixente, de novembro de 2002, non cualifica o solo para construción de vivenda de protección pública, xa que a lexislación urbanística daquel intre non esixía a reserva obligatoria, polo que se vai poder agora garantir o 30% da nova superficie edificable para vivenda de protección pública, e iso evidentemente sempre é positivo. Sen embargo, non é tan positivo que no caso de aprobarse o cambio de uso principal destas parcelas para residencial, aplicando os parámetros que propón o goberno municipal, se vaia acadar que practicamente se dupliquen as vivendas que estaban plantexadas inicialmente, pois pasarían de 115 vivendas a 218 vivendas, o que

supón 103 novas vivendas, dato que desvirtúa completamente o deseño existente para esa zona.

Polo motivo expresado, adianta o concelleiro que o seu grupo non vai apoiar esta modificación, pois aínda que é evidente que a Inmbiliaria Outeiro de Sar sae gañando claramente, o que non é tan claro é que con este cambio saia gañando a cidade.

Dona Mercedes Rosón intervén agora, e di que o voto do seu grupo tamén vai ser desfavorable, polas razóns que pasa a expoñer. Di que estamos efectivamente diante dunha modificación que se tramita de oficio polo Concello, como non podía ser doutra maneira, posto que no caso de alteración do Plan Xeral así o esixe a lei, pero que responde a un claro interese privado, a resultas, como di expresamente o informe técnico-xurídico, da solicitude dun promotor. No informe técnico-xurídico recoñécese que hai un interese de parte, e dende logo non se adiviña por ningures o interese público desta operación, interese que calquera modificación do planeamento xeral esixe para que sexa viable.

Engade a concelleira que os técnicos non se mollan moito, posto que deixan a esta corporación a decisión de que se valore o interese público desta modificación. Non obstante, os informes técnicos sempre son imprescindibles, porque teñen que asesorar aos órganos políticos sobre o interese público de forma firme e clara, e non tan flebe e vaga como a que aparece hoxe nesta modificación, que se sustenta en informes da asociación de hostelería dun grupo de traballo da Universidade de Santiago de Compostela sobre o exceso de prazas hoteleiras no Concello de Santiago que presentan os promotores desta modificación, e que os técnicos fan súa.

Sen embargo, non figura por ningures o informe sobre a necesidade das vivendas, e o grupo de goberno, que un día elimina a empresa municipal de vivendas porque di que hai nove mil e pico pechadas, ó outro, e sen pestañar, defende a necesidade de vivendas para amañar esta proposta. A necesidade de vivendas en Santiago de Compostela hoxe é inexistente, por iso non hai unha causa que xustifique a modificación, nin unha razón de interese público que lexitime unha modificación do plan xeral de ordenación municipal a demanda dun particular. Pregunta a concelleira por que non hai informes das asociacións de promotores, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dos bancos, ou doutras asociacións e colectivos que xiran entorno ao mundo da vivenda e que xustifiquen esta modificación.

Pensa a Sra. Rosón que a concelleira de urbanismo coñece perfectamente que só razóns de interese público xustifican unha modificación do Plan Xeral, condición *sine qua non*. Para o grupo socialista, esas razóns non existen neste expediente, e lembra que o uso das dúas parcelas non é exclusivamente o hoteleiro, senón que é terciario, e en terciario caben oficinas, caben comercios e caben actividades económicas varias.

Plantéxase ademais un cambio de uso de terciario a residencial de vivenda colectiva nun plan parcial no que non existe esa tipoloxía. Está deseñado o uso residencial para vivenda unifamiliar en todo este ámbito, respondendo á tipoloxía de vivenda denominada cidade xardín.

Explica tamén a concelleira que o Plan Parcial plantexa 115 vivendas unifamiliares, e a proposta agora duplica o número das mesmas, con 103 vivendas máis, deseñando vivenda colectiva no medio do monte aproveitando as infraestruturas existentes, tal e como se facía no pasado, por exemplo, no Concello de Teo, con urbanizacións ao pé da estrada, o que responde a un modelo urbanístico dun concello gobernado polo PP durante moitísimos anos, e que hoxe se importa a Compostela, con bloques de vivendas tirados no Monte do Gozo, na estrada de Lugo, fundamentados na necesidade de vivenda, e sen precisar a intensidade deste novo uso e os conflitos que vai xerar en materia de tráfico, por poñer un exemplo.

A seguir, a Sra. Rosón indica que en ningún momento nesta proposta se fala de algo tan tremendamente importante como é o Camiño de Santiago, malia que estas dúas parcelas están no corazón do Camiño Francés, unha dentro, case ao final da rúa Paulo Coelho e a outra xa na estrada de Lugo. Non hai informe de Patrimonio que diga algo destes bloques de vivenda que van precisar de aparcamentos, que van alterar a mobilidade, e que van duplicar a intensidade dos servizos que o uso residencial precisa.

Non sabe a concelleira se o goberno municipal pensou na imaxe urbana que van provocar estes bloques sobre o Plan Parcial, ou nas consecuencias que esta modificación vai ter, por exemplo, no proxecto de compensación aprobado en febreiro de 2004, que queda desestabilizado para unha parte dos propietarios.

Con estes plantexamentos que o grupo popular fai, apoiados na necesidade de vivenda, todas as parcelas que están sen construír para vivenda unifamiliar poden ser susceptibles tamén de cambiar para vivenda colectiva, pois a modificación que hoxe se tramita é toda unha declaración de intencións do que é a política urbanística deste partido popular, respondendo a intereses particulares que xeneran unha volta atrás, un retroceso enorme nunha cidade que se caracterizaba, ata fai moi pouco, en facer do planeamento a súa identidade.

Fronte á cidade contínua, que se plantexa nos dous plans xerais de ordenación municipal, o actual equipo de goberno importa as prácticas desordenadas dos concellos gobernados polo Partido Popular, que desgraciadamente deixaron unha pegada moi profunda en toda paisaxe galega.

Intervén de novo Dona María Pardo, que di que semella que a sra. Rosón non tivo nada que ver coa aprobación do actual Plan Xeral de Ordenación Municipal, porque na proposta que se presenta non se cambian nin edificios nin volumes nin pisos, xa que o único que se muda é o uso dos mesmos, que pasa de hoteleiro a residencial comunitario, o que non ten repercusión a efectos da intensidade de uso, número de persoas, vehículos ou tamaño do edificio que ia a realizarse. Non se pode esquecer ó respecto o caso da Pulleira, responsabilidade do anterior goberno municipal, que contemplaba nos solos 16 e 17 dúas mil vivendas fóra do ámbito urbano.

Engade a concelleira que a incorporación dos novos tipos de vivenda, en canto supoñen un uso máis intensivo e concentrado na parcela, deriva da proposta de incrementar a densidade máxima de vivenda establecida polo vixente plan parcial, o cal desenvolveu neste punto as determinacións do anterior plan xeral de ordenación urbana aprobado en decembro de 1989, que fixaba a densidade de 15 vivendas por hectárea nas áreas de tipo A.

O vixente plan xeral de ordenación municipal, a través da súa disposición transitoria terceira e do artigo 58.7 da normativa, clasifica o ámbito do Plan Parcial como urbanizable e delimitado, polo que a modificación propón incrementar a densidade de vivenda en coherencia coas novas tipoloxías edificatorias proxectadas, ata acadar as 28 vivendas por hectárea, ao ser este o mínimo permitido polo artigo 58 do actual plan e en sectores de características similares aos do SUNP-31, como é o 17 e o 18, ou o 16 do Monte do Gozo-Aríns.

A aplicación do parámetro de 28 vivendas por hectárea supón un número máximo de 218 vivendas no ámbito do plan parcial, polo que, descontando as 115 xa permitidas polo vixente plan, resultan as 130, 3 novas vivendas no ámbito das parcelas obxecto da presente modificación. A modificación distribúe este número de vivendas entre as dúas parcelas afectadas, 27 na parcela 115, e 76 na 118.

A integración do modelo no tecido social, a superficie de vivendas e os estándares de dotacións por habitante son os elementos claves para garantir un modelo urbano compacto e xerador dun espazo que garante a estababilidade social. Á Sra. Rosón moléstalle que existan vivendas colectivas en urbanizacións privadas, como a do Carme de Abaixo, pois o goberno anterior sempre promoveu urbanizacións privadas acotadas.

O libro verde do medio urbano publicado polo Ministerio de Medio Ambiente en marzo de 2007, xa sinalaba que as densidades baixas demostraban a súa ineficacia á hora de crear espazos urbanos, e nomeadamente urbanizacións, denunciando que densidades por debaixo de 40 ou 45 vivendas por hectárea non garantizan unha presenza de poboación que permita condicións mínimas de servizos, como escola, médico, alimentación, zonas verdes, correos, café, etc., pois isto non é posible máis que nun barrio suficientemente

poboado, e así, por exemplo, unha panadería necesita para poder funcionar entre dúas mil ou tres mil persoas, ou un supermercado necesita entre oito mil e dez mil persoas, é dicir entre 70 e 90 habitantes por hectárea.

Coa modificación proposta se posibilita a flexibilidade necesaria para introducir un uso residencial acorde coas distintas unidades familiares e grupos sociais, aínda que non se altera a edificabilidade. A posibilidade de edificar vivendas con distintas superficies dá acceso a persoas con distintos tipos de rendas, procurando así as relacións humanas e as integracións sociais, esas que o grupo socialista nega en todo momento ao non querer permitir vivendas colectivas en urbanizacións de vivendas unifamiliares.

As dotacións en relación á edificabilidade non se ven alteradas, polo que a modificación garantizará o mantemento do tecido social e o modelo que o plan propón. Os modelos de ocupación territorial que se cimentan sobre baixas densidades de vivendas son insostibles, e levan asociados consumos de grandes cantidades de enerxía e de solo, bens que son moi escasos. Afirmo a concelleira que non podemos seguir pensando en ocupar o noso territorio con urbanizacións de baixas densidades de vivendas, que supoñen para o concello un gasto imposible de soportar, pois é necesario redensificar para acotar a vida urbana e conseguir rúas animadas, fomentando a máxima diversidade.

Dona Mercedes Rosón, pola súa banda, pensa que por un criterio de sostibilidade é imprescindible certa densidade nas zonas compactas dos centros das cidades, pero non no monte, como se está a propoñer nesta modificación.

No tocante á ordenación, o que di o informe técnico é que hai que elaborar un estudo de detalle e probablemente unha modificación do Plan parcial para poder encaixar a nova proposta, da que non se ve por ningures o seu interese xeral, pois nin os promotores nin sequera a Xunta de Galicia fan referencia á necesidade de vivenda pública neste momento en Santiago de Compostela, cando resulta que existe moitísimo solo dispoñible preparado para edificar. O que é verdade é que o grupo maioritario da xunta de compensación ten unhas parcelas, e negocia co concello o cambio de uso, e o que lle extraña realmente á Sra. Rosón é que se faga isto con tanto descaro, pois dende logo vai traer consecuencias.

En definitiva, polas razóns expostas o voto do partido socialista vai ser contrario á aprobación desta modificación.

Remata o Sr. Alcalde o debate deste punto, dicindo que a insinuación verquida pola Sra. Rosón na súa intervención é extrana, e se se trata de falar de política de vivenda no Concello cómpre lembrar a levada a cabo polo goberno anterior, de construír en dez anos dez mil vivendas, sen que o censo chegara a mil habitantes de incremento. Iso sí que responde a intereses especulativos e ao mellor particulares, con oito mil vivendas

baleiras. Afirma tamén o Sr. Currás que facer dezaioito solos residenciais comunitarios para encheiros de vivendas unifamiliares tampouco responde a un interese público, e parece ser que a sra. Rosón sabe moito dunha urbanización que se chama Carme de Abaixo, onde hai un residencial comunitario que a concelleira coñece moi ben, e eses si que son intereses privados.

Xa que logo, de conformidade cos informes da sección municipal de xestión urbanística, do servizo de planeamento, e da Secretaría do Pleno, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 17 deste mes de setembro, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 19 seguinte, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 9 en contra, dos membros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, de conformidade co que dispón o artigo 123.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial de ordenación do SUNP-31.1 (San Marcos), segundo o proxecto formulado polos arquitectos D. Carlos Pérez e D. Jesús Conde e presentado por Inmobiliaria Outeiro de Sar S.L. o día 16 de setembro de 2013.

b) Someter o acordo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais dos de maior difusión na provincia. Durante o citado período, o expediente estará a disposición de calquera persoa que desexe examinalo ao obxecto da presentación das alegacións que se estimen pertinentes.

c) Dar audiencia aos Concellos limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e recabar do Organismo Autónomo Augas de Galicia o informe previsto na lexislación sectorial aplicable

O presente acordo determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas nas parcelas 115 e 118 do Plan Parcial do SUNP-31 (parcelas 24 e 25 do proxecto de compensación), durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.

6. ADHESIÓN DO CONCELLO AO CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TELEFONÍA MÓBIL.

En relación co presente asunto indica a proposta da Concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 16 deste mes, o seguinte:

“En Julio de 2004 y tras la aprobación de la Ley General de Telecomunicaciones (32/2003 de 3 de noviembre 2003), el Ministerio de Industria convocó la COMISIÓN SECTORIAL PARA EL DESPLIEGUE DE INFRAESTRUCTURAS DE RADIOCOMUNICACIÓN (CSDIR), cuyo objetivo era impulsar, salvaguardando las competencias de las Administraciones implicadas, el despliegue de las infraestructuras de radiocomunicación, en especial de las redes de telefonía móvil y fija inalámbrica, de acuerdo con los principios de seguridad de las instalaciones, de los usuarios y del público en general, la máxima calidad del servicio, la protección del medio ambiente y la disciplina urbanística.

La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) participó activamente en los trabajos de la Comisión y en Junio de 2005, se compromete, junto a las Comunidades Autónomas y el Sector de Radiocomunicación, a aplicar las Recomendaciones de esa Comisión, aprobadas por unanimidad.

En virtud de ese compromiso, el 14 de Junio de 2005 se firma un Convenio de Colaboración entre la FEMP y el Sector de Telecomunicaciones para llevar a cabo las recomendaciones que les afectan y especialmente la nº 13: “la Conveniencia de alcanzar acuerdos entre la FEMP y el sector de las telecomunicaciones que posibiliten el establecimiento consensuado de criterios técnicos, medioambientales y urbanísticos para favorecer el desarrollo armónico de las infraestructuras de red de radiocomunicación”. Ese convenio se ha renovado anualmente desde entonces.

En este marco de colaboración se pone en marcha el Servicio de Asesoramiento Técnico e Información (SATI) con el objetivo de asistir a los Ayuntamientos en todo lo relacionado con los despliegues de infraestructuras de radiocomunicación, concretamente de telefonía móvil, en cumplimiento del CBP.

El SATI tiene dos objetivos prioritarios:

- dar respuesta a las consultas de los Ayuntamientos en todo lo relacionado a la implantación de Infraestructuras de Radiocomunicación, concretamente de telefonía móvil y muy especialmente a la aplicación del Código de Buenas Prácticas y la transposición del Modelo de Ordenanza al acervo normativo de cada Ayuntamiento.
- servir de instrumento de conciliación, a través del asesoramiento, la información y la formación, entre los operadores y los Ayuntamientos en el despliegue de la red de telefonía móvil.

Para ello el SATI cuenta, entre otras, con una herramienta básica que es el Código de Buenas Prácticas (CBP) para el despliegue ordenado de las redes de telefonía móvil,

aprobado en diciembre de 2005 y suscrito por todas las operadoras de telefonía móvil que despliegan red (Orange, Telefónica, Vodafone y Xfera).

El CBP ratificado ya por todos los operadores y por más de 1100 ayuntamientos de toda España, tiene por objeto, siempre dentro del marco del cumplimiento de la legislación vigente, servir de referencia a los Gobiernos Locales y a las empresas para, por un lado, facilitar la tramitación de licencias municipales mediante el recurso a las soluciones urbanísticas que el Código propone y por otro, contribuir a resolver los conflictos que se puedan presentar.

El CBP ofrece respuesta a las cuestiones que se han demostrado más relevantes o plantean más dificultades tanto a los Gobiernos Locales como a las empresas para resolver la instalación y funcionamiento de las redes de telefonía móvil: elementos normativos; modelo de plan de despliegue, propuestas para la integración en el entorno, indicaciones sobre el control de emisiones, etc.

La adhesión al Código de Buenas Prácticas que se propone adoptar formalmente y por unanimidad en pleno municipal tiene dos objetivos:

- Formalizar el consenso político de la corporación en torno a la necesidad de dar una respuesta ordenada y en un marco general de buenas prácticas a la instalación y funcionamiento de las estaciones base de telefonía móvil. La controversia social sobre las antenas de telefonía móvil se traslada con mucha frecuencia al gobierno municipal que se ve condicionado por ella en la toma de decisiones que afecta a la normalización de unas infraestructuras imprescindibles para el desarrollo y la mejora de la calidad de vida.
- Hacer público y dar a conocer que hay un marco técnico comúnmente aceptado por el que se rige el Ayuntamiento.

La adhesión formal al CBP añade la ventaja de que esos Ayuntamientos disfrutarán del compromiso SATI de respuesta y atención prioritaria.

Por lo expuesto, PROPONGO la adopción del siguiente ACUERDO:

“Nosotros, los representantes del municipio de Santiago de Compostela reunidos en pleno, con motivo del Acuerdo suscrito entre la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y el Sector de las Telecomunicaciones el 14 de junio de 2005 bajo el patrocinio de la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y Sociedad de la Información, declaramos nuestro deseo y compromiso de participar de manera constructiva en el desarrollo de la Sociedad de la Información así como de favorecer el desarrollo armónico de las infraestructuras de red de radiocomunicación en

general y de facilitar el acceso al uso de la telefonía móvil a toda nuestra población en particular, en términos de seguridad jurídica, medioambiental y sanitaria.

Reconocemos la necesidad de una colaboración estrecha entre todas las instituciones que tienen competencias relacionadas con el despliegue de redes de radiocomunicación, así como con las operadoras de telefonía móvil, para no poner freno al desarrollo de nuestros pueblos y ciudades, pero es nuestra obligación hacerlo en términos de seguridad. Por esto, creemos necesario que exista un Código de Buenas Prácticas suscrito por todas las partes interesadas y avalado por el Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

Acordamos la adhesión del Ayuntamiento de Santiago de Compostela al Código de Buenas Prácticas para la instalación de Infraestructuras de Telefonía Móvil, aprobado por la Comisión Ejecutiva de la FEMP el 13 de Diciembre de 2005 y ratificado por las empresas operadoras del sector de las Telecomunicaciones, así como nuestro compromiso de cumplimiento”.

Dona María Pardo explica que o documento que se trae a aprobación contén o que podería denominarse un decálogo de criterios comunmente aceptados tanto en España como noutros países de Europa en relación coa implantación de antenas de telefonía móvil. Contempla unhas pautas xerais, pero que apuntan xa solucións concretas respecto das que se acadou un elevado grao de consenso entre o sector público e o das telecomunicacións.

O documento conta coa aprobación da Federación Española de Municipios e Provincias, e o seu contido réxese polos principios de seguridade das instalacións, dos usuarios e do público en xeral, a máxima calidade do servizo, a protección do medio ambiente, e a disciplina urbanística.

Sen deixar de lado a ineludible preocupación polos efectos que este tipo de instalacións poden ter sobre a saúde, o Código de boas prácticas céntrase naqueles aspectos que de acordo coa xurisprudencia competen ao concello. Máis alá da interlocución, tanto dos Concellos como da propia federación española de municipios e provincias cos órganos da administración do Estado encargados de controlar as emisións, o código de boas prácticas propón unha serie de solucións para que as instalacións de telefonía móvil se adapten ao entorno, evitando ou minimizando o impacto que soen producir sobre a imaxe urbana.

A adhesión ao Código de boas prácticas traerá consigo ademais a atención gratuíta e preferente do servizo de asesoramento especializado que a FEMP pón a disposición dos concellos, denominado SATI, de cara á tramitación e aprobación dunha nova ordenanza que substitúa á actual. Como é sabido, a vixente ordenanza aprobouse no ano 2006, se

ben a súa redacción é do ano 2002, que foi cando empezou a tramitarse. É polo tanto debedora do escenario concreto no que xestou, e as súas solucións non son xa axeitadas á situación actual. Refírese a concelleira á evolución, ou mellor dito revolución producida nos últimos anos, da que constitúe claros exemplos a enorme difusión dos teléfonos intelixentes entre a cidadanía, a administración electrónica, etc.

Por outra parte, a redacción orixinal da ordenanza, e en gran medida a filosofía que a inspirou, sufriu un varapalo xudicial mediante unha serie de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza do ano 2009 que anulaban varios dos seus preceptos.

O problema principal é que como no seu momento non estaban claramente deslindadas as competencias dunhas e doutras administracións territoriais, sobre todo no que á protección da saúde se refire, a regulación redactada e aprobada por moitos concellos durante a primeira metade da década pasada non respectaba a mencionada distribución competencial, e en lugar de centrarse nos aspectos propiamente municipais, moitas ordenanzas, como a de Santiago, establecían requisitos máis xustificados na protección da saúde, de acordo co estado do coñecemento científico daquel momento, que non respecto da imaxe urbana.

Faise polo tanto necesario redactar e aprobar unha nova ordenanza adaptada ás circunstancias actuais, e como punto de partida o Concello conta co modelo que a propia Federación Española de Municipios e Provincias proporciona, que se deberá actualizar ao momento presente e adaptar ás nosas particularidades en canto sexa necesario como cidade patrimonio da humanidade.

Para completar esta tarefa correctamente, a Federación Española de Municipios e Provincias proporciona gratuitamente un servizo de asesoramento técnico e información, o SATI, e o voto favorable á adhesión ao “Código de Buenas Prácticas” permitirá ao Concello de Santiago por un lado formalizar o consenso político da corporación entorno á necesidade de dar unha resposta ordenada e nun marco xeral de boas prácticas á instalación e funcionamento das estacións base de telefonía móbil, e por outro, poñer de manifesto que o Concello se rexe por un marco técnico comunmente aceptado nesta materia.

Propón por tanto a Sra. Pardo o voto favorable da Corporación á seguinte manifestación:

“Nosotros, los representantes del municipio de Santiago de Compostela reunidos en pleno, con motivo del Acuerdo suscrito entre la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y el Sector de las Telecomunicaciones el 14 de junio de 2005 bajo el patrocinio de la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y Sociedad de la Información, declaramos nuestro deseo y compromiso de participar de manera

constructiva en el desarrollo de la Sociedad de la Información así como de favorecer el desarrollo armónico de las infraestructuras de red de radiocomunicación en general y de facilitar el acceso al uso de la telefonía móvil a toda nuestra población en particular, en términos de seguridad jurídica, medioambiental y sanitaria.

Reconocemos la necesidad de una colaboración estrecha entre todas las instituciones que tienen competencias relacionadas con el despliegue de redes de radiocomunicación, así como con las operadoras de telefonía móvil, para no poner freno al desarrollo de nuestros pueblos y ciudades, pero es nuestra obligación hacerlo en términos de seguridad. Por esto, creemos necesario que exista un Código de Buenas Prácticas suscrito por todas las partes interesadas y avalado por el Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

Acordamos la adhesión del Ayuntamiento de Santiago de Compostela al Código de Buenas Prácticas para la instalación de Infraestructuras de Telefonía Móvil, aprobado por la Comisión Ejecutiva de la FEMP el 13 de Diciembre de 2005 y ratificado por las empresas operadoras del sector de las Telecomunicaciones, así como nuestro compromiso de cumplimiento”.

Finalmente engade que a isto seguirá a redacción dunha ordenanza de antenas de telefonía móvil, e invita aos grupos da oposición a participar conxuntamente na súa elaboración, a partir da ordenanza base da FEMP, adaptándoa a unha cidade que é patrimonio da humanidade, e esperando á aprobación da nova lei xeral de telecomunicacións que está a punto de aprobarse no Parlamento Español.

Auséntase do salón de Plenos a concelleira Dona María Gómez Bugallo.

Dona Elvira Cienfuegos intervén seguidamente, e di que o seu grupo entende o interese do goberno municipal de adherirse ao Código de boas prácticas para a instalación de infraestructuras de telefonía móvil, á vez que entende que a FEMP promovese e subscribise un acordo co sector de telecomunicacións, porque é a imaxe urbana a estricta marxe que aos concellos lles está deixando a lexislación estatal, que mesmo incluíu recentemente que as operadoras poidan prestar os servizos sen a previa autorización expresa da administración local.

A adhesión e o conseguinte apoio do servizo de asesoramento técnico e información vai servir para facilitar e dotar de seguridade xurídica ás decisións urbanísticas en materia de antenas de telefonía móvil, pero lamentablemente non vai ser capaz de garantir a protección da saúde da cidadanía contra os efectos das ondas electromagnéticas.

Di a concelleira que cómpre lembrar que o problema xorde polo interese de determinados concellos, e en concreto tamén do de Santiago, de protexer á súa

ciudadanía na medida do posible dos campos electromagnéticos a través de normas que limitaban as súas ubicacións ou as súas características, o que non foi posible porque as operadoras fixeron valer os dereitos que lles brindaron as leis de rango superior.

Certo é que os efectos sobre a saúde das ondas electromagnéticas son motivo de controversia na comunidade científica, e que as discrepancias acadan posicións moi distantes, o cal é explicable polos grandes intereses económicos que hai en xogo, e que impiden que os estudos públicos avancen ao ritmo necesario. Seguen, por exemplo, sen rematar e difundir estudos públicos europeos previstos para o 2006, sobre os efectos da utilización dos teléfonos móbiles, e o Parlamento Europeo ten instado á Comisión a que se incrementen os fondos para avaliar os efectos negativos a longo prazo das radiacións, sen que ata o momento haxa avances.

Espera a concelleira, polo tanto, que a adhesión ao código de boas prácticas non serva para disuadir aos concellos, e ao noso en particular, de ser sensibles á preocupación e á alarma da cidadanía, e polo tanto que se siga a dar traslado desa preocupación e da alarma que xeran as antenas e as súas radiacións para que se lexisle en consonancia cos estudos coñecidos e se apremie e remate a discusión dos que están en marcha. E nesa esperanza, seguramente pouco infundada, e tamén na de que a adhesión teña algún efecto positivo para a cidadanía de Compostela, o BNG apoiará a proposta presentada.

Dona Mercedes Rosón avanza que o grupo socialista tamén vota a favor da adhesión ao SATI, indicando que cando se encargaban do goberno municipal formaban parte de diferentes comisións na FEMP, e estaban esperando dalgún xeito esta ferramenta, que vai permitir que moitísimos concellos de toda España resolvan todos os graves problemas que a aparición de todo o mundo das antenas e da telefonía móbil supuxeron para o territorio.

Espera e desexa a concelleira que este instrumento sexa realmente útil para todos e resolva eses graves problemas que teñen que ver con eses infinitos expedientes de disciplina urbanística tramitados como consecuencia da aparición totalmente desordenada das antenas. Agarda tamén que a adhesión a este grupo permita legalizar correctamente, non a calquera prezo, todas as infraestruturas de radiocomunicacións no marco das recomendacións da “Comisión Sectorial para el desarrollo” da propia FEMP.

Por último, agradece o ofrecemento da concelleira de urbanismo para a colaboración na redacción da próxima ordenanza de telefonía.

De conformidade coa proposta transcrita con anterioridade, o dictame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do día 19 de setembro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 24 votos a favor, dos membros presentes dos grupos municipais Popular, PSdeG-PSOE e BNG, e

1 abstención, correspondente á concelleira do grupo socialista Dona María Gómez Bugallo, ausente no momento da votación, autorizar a adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao “Código de Buenas Prácticas para la instalación de infraestructuras de telefonía móvil”, aprobado o 13 de decembro de 2005 pola Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias, de acordo co modelo facilitado pola Federación, co contido que seguidamente se transcribe:

“Nosotros, los representantes del municipio de Santiago de Compostela reunidos en pleno, con motivo del Acuerdo suscrito entre la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y el Sector de las Telecomunicaciones el 14 de junio de 2005 bajo el patrocinio de la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y Sociedad de la Información, declaramos nuestro deseo y compromiso de participar de manera constructiva en el desarrollo de la Sociedad de la Información así como de favorecer el desarrollo armónico de las infraestructuras de red de radiocomunicación en general y de facilitar el acceso al uso de la telefonía móvil a toda nuestra población en particular, en términos de seguridad jurídica, medioambiental y sanitaria.

Reconocemos la necesidad de una colaboración estrecha entre todas las instituciones que tienen competencias relacionadas con el despliegue de redes de radiocomunicación, así como con las operadoras de telefonía móvil, para no poner freno al desarrollo de nuestros pueblos y ciudades, pero es nuestra obligación hacerlo en términos de seguridad. Por esto, creemos necesario que exista un Código de Buenas Prácticas suscrito por todas las partes interesadas y avalado por el Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

Acordamos la adhesión del Ayuntamiento de Santiago de Compostela al Código de Buenas Prácticas para la instalación de Infraestructuras de Telefonía Móvil, aprobado por la Comisión Ejecutiva de la FEMP el 13 de Diciembre de 2005 y ratificado por las empresas operadoras del sector de las Telecomunicaciones, así como nuestro compromiso de cumplimiento”.

7. APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO DO ANO 2013: 2013-CREXT-54 E 2013-SUPLE-55.

O informe-proposta do director da área de facenda, orzamentos e informática relativo ao presente asunto, que leva data do pasado día 19, indica literalmente o seguinte:

“De conformidade co establecido no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente

de modificación de créditos na modalidade de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito motivados nos seguintes asuntos que se pasan a detallar.

ASUNTO 1: CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS PARA LIQUIDAR DÉBEDAS DE ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (CONTA CONTABLE 413).

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Vistas as peticións formuladas por diferentes Servizos Xestores da Corporación relativas á necesidade de asumir o pagamento de facturas neste exercicio económico, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento municipal ou o que existe é insuficiente e non ampliable, e tendo en conta que se dispón dalgúns medios de financiamento previstos na lexislación vixente de facendas locais (Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais positivo), compre a tramitación dunha modificación de crédito consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que permita afrontar a tramitación e pagamento de facturas de exercicios anteriores que se encontran na actualidade na contabilidade municipal como facturas pendentes de aplicar ao orzamento.

O importe da modificación orzamentaria proposta nas modalidades de crédito extraordinario e suplemento de crédito ascende a **UN MILLÓN CENTO NOVENTA E CATRO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS, CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (1.194.056,46 €)**. A relación de facturas por servizos xestores que conforman este monto figuran como anexo I a este informe.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións o Remanente Líquido de Tesouraría.

Segundo consta na Liquidación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio económico do 2012, aprobado por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 27 de febreiro de 2013, o Concello presenta un Remanente Líquido de Tesouraría de 1.890.310,25 euros. Este importe resulta suficiente para afrontar a modificación orzamentaria proposta.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A dotación dun crédito extraordinario de CENTO OITENTA E SETE MIL CENTO ONCE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (187.111,97 €) susténtase na necesidade de asumir o pagamento de facturas neste exercicio económico de distintos Servizos Municipais, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito (...), el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido as aplicacións orzamentarias as que habería que asignar crédito xa que teñen saldo cero nos créditos iniciais do Orzamento vixente:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
010 91200 22001	ORGANOS DE GOBERNO.PRENSA E PUBLICACIONES.	1.762,54	0,00
020 32000 22001	ADMON.XERAL.EDUCACIÓN.PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTR PUBL	1.200,00	0,00
020 32000 22100	EDUCACION E NORMALIZACION LINGUSITICA. ENERXÍA ELÉCTRICA.	833,68	0,00
020 32000 22101	EDUCACION E NORMALIZACIÓN LINGUISTICA. AUGA.	143,24	0,00
020 32000 22103	EDUCACION E NORMALIZACION LINGUA.COMBUSTIBLES Y CARBURANTES.	1.428,80	0,00
020 32000 22699	ADMON.XERAL.EDUCACIÓN. OUTROS GASTOS DIVERSOS	450,00	0,00
030 93900 22000	FACENDA. MATERIAL ORDINARIO NO INVENTARIABLE.	719,09	0,00
040 34200 62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	7.000,00	0,00
040 34200 63200	INSTALACIÓNS DEPORT. INV. REPOSICION EDIFICIOS E CONSTRUCC.	54.761,66	0,00

Aplicación	Descripción	Importe	Créd inic 2013
040 34900 22698	O.A.DEPORTES.ACTIVIDADES.XADE	35.000,00	0,00
070 17100 21300	PARQUES E XARDINS.REPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	12,30	0,00
070 31300 22699	OTROS GASTOS DIVERSOS	351,10	0,00
090 13400 22103	COMBUSTIBLES Y CARBURANTES.PROTECCION CIVIL	321,53	0,00
090 13400 22400	PROTECCION CIVIL. PRIMAS DE SEGUROS	23,31	0,00
100 92000 62300	ADMON. XERAL. MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	3.232,20	0,00
100 92000 62500	ADMINISTRACION XERAL.MOBILIARIO	3.155,44	0,00
130 15900 21200	REPARAC. MANTEM. EDIFICIOS E O.CONSTRUC	32,71	0,00
130 15900 22699	O.A. URBANISMO. GASTOS DIVERSOS	813,21	0,00
130 15900 64001	OUTRAS INVERSIONS EN PROXECTOS	42.445,83	0,00
130 33601 22699	PROT.PATRIM.E CASCO HISTORICO.OTROS GASTOS DIVERSOS	252,96	0,00
130 33601 64001	PROTEC PATR HCO E CULTURAL.OUTRAS INVERSIONS EN PROXECTOS	11.167,55	0,00
140 24100 22699	EMPREGO. GASTOS DIVERSOS.OBRADOIRO	22.004,82	0,00
TOTAL IMPORTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO A FINANCIAR CON RLT ANO 2012		187.111,97	

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

A dotación dun suplemento de crédito de UN MILLÓN SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.006.944,49 €) susténtase na necesidade de asumir o pagamento de facturas neste exercicio económico de distintos Servizos Municipais, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente (...) o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido as aplicacións orzamentarias as que habería que incrementar crédito no Orzamento vixente xa que o que existe resulta insuficiente ou non ampliable:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
010 91200 22000	ORGANOS DE GOBERNO.MATERIAL DE OFICINA.	420,38	5.000,00
010 91200 22699	ORGANOS DE GOBERNO. GASTOS DIVERSOS	711,00	42.886,85
010 91200 23100	ORGANOS DE GOBERNO.LOCOMOCION DE CARGOS ELECTIVOS.	304,92	10.000,00
010 91201 22601	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	17.529,11	90.000,00
010 92500 22602	INFORMACIÓN.MANTEMENTO PÁXINA WEB CONCELLO	24.993,00	53.500,00
010 92501 22602	INFORMACIÓN COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	1.396,00	142.000,00
010 94300 46600	TRANSF.OUTRAS EELL.TRANSF.E ENTID.AGRUPEN CONCELLOS	9.100,00	86.819,69
020 32100 21200	C.EDUC.INFANTIL.REPARAC. MANTEM. EDIFICIOS E O.CONSTRUC	139,86	100.500,00
020 32100 22100	C.EDUC.INFANTIL. ENERXÍA ELÉCTRICA	20.087,90	89.978,16
020 32100 22701	C.EDUC.INFANTIL.TRABALLOS REAL POR OUTRAS EMPRESAS.SEGURIDAD	1.125,57	20.016,20
020 32101 21200	ESC.INFAN.XEST.MUNIC.REPARAC.MANTEM.EDIFICIOS E O.CONSTRUC.	180,74	15.000,00
020 32101 22100	ESCOLAS INFANTIS XEST.MUNIC.ENERXÍA ELÉCTRICA	7.882,93	3.547,94
020 32102 21200	ESC.INF.CONV.CONSORCIO.REPARAC. MANTEM. EDIFI E O.CONSTRUC	1.079,45	8.670,00
020 32102 22103	ESCOLAS INFANTIS.CONVENIO CONSORCIO.COMBUSTIBLE CARBURANTES	900,00	11.200,00
020 33402 22698	NORMALIZACIÓN LINGUISTICA.ACTIVIDADES	3.363,00	26.700,00
030 93200 22706	XESTION SISTEMA TRIBUTARIO.ESTUDOS E TRABALLOS INFRACC TRAFI	16.656,18	450.000,00
030 93900 21300	O.A.FACENDA.REPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	67,66	3.000,00
040 34200 22100	INSTALAC.DEPORTIVAS.SUMINISTROS.ENERXÍA ELÉCTRICA.	27.411,84	191.407,94
040 34900 22103	O.A.DEPORTES.COMBUSTIBLES E CARBURANTES.	2.135,57	47.000,00
040 34900 22699	O.A.DEPORTES.GASTOS DIVERSOS	1.605,00	500,00
040 34900 48900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS	3.750,00	95.400,00
050 33401 22104	BANDA DE MUSICA. VESTIARIO.	1.086,00	5.000,00
050 33401 22699	BANDA DE MUSICA. GASTOS DIVERSOS	7.073,15	2.000,00
060 15500 21000	VIAS PÚBLICAS. REPARAC. MANTEM. E CONSERVAC. INFRAESTR.	20.617,86	380.000,00
060 15500 21300	VIAS PÚBLICAS. REPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	328,92	3.500,00

Aplicación	Descripción	Importe	Créd inic 2013
060 15500 60900	INFRAESTRUCTURAS OBRAS DE INVERSIONS	12.600,64	425.000,00
060 16200 22700	RECOLLID.ELIMINAC.TRAT.RSU.TRABALLOS OUTRAS EMP.	5.877,73	6.175.911,69
070 17100 21000	PARQUES E XARDINS.REPARAC. MANTEM. E CONSERVAC. INFRAESTR.	883,23	97.000,00
070 17100 22700	PARQUES E XARDINS. LIMPIEZA E ASEO.	764,06	830,00
070 17100 22709	PARQUES E XARDINS.CONTRATO CONSERVACION E MANTEMENTO	11,60	3.494.595,67
070 17200 22699	MEDIO AMBIENTE. GASTOS DIVERSOS	106,14	2.000,00
070 31300 22700	SANIDADE.TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMP.LIMPEZA E ASEO.	1.711,12	71.390,02
080 16500 22100	ALUMEADO PÚBLICO.SUBMINISTROS ENERXIA ELECTRICA	364.937,95	2.132.667,43
080 16500 22709	ALUMEADO PUBLICO.CONTRATO DE CONSERVACION E MANTEMENTO	209.543,73	739.372,80
090 13200 22699	SEGURIDADE E ORDEN PÚBLICO. GASTOS DIVERSOS	231,89	14.000,00
090 13300 21300	ORDENACION TRAFICO.REPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	35,16	10.000,00
090 13300 22699	ORDENACIÓN DO TRAFICO.GASTOS DIVERSOS	602,29	2.500,00
090 13500 21400	SERV. EXTINCIÓN INCENDIOS. MANTEM. MATERIAL TRANSPORTE	117,58	50.723,65
090 44100 22690	TRANSPORTES. OUTROS GASTOS DIVERSOS.	2.160,30	1.929,15
100 92000 16200	ADMON XERAL. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO.	11.776,00	60.000,00
100 92000 16204	ADMON XERAL. GASTOS ACCIÓN SOCIAL	684,80	223.500,00
100 92000 21200	ADMON.XERAL.REPARAC. MANTEM. EDIFICIOS E O.CONSTRUC	3.075,00	50.000,00
100 92000 21300	ADMON.XERALEPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	78,65	3.000,00
100 92000 21400	ADMÓN XERAL. REPARAC. MANTEM. MATERIAL TRANSPORTE	275,99	75.000,00
100 92000 22001	ADMON.XERAL.PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTRAS PUBLICACIONS.	3.246,51	3.662,52
100 92000 22100	ADMON.XERAL.SUMINISTROS.ENERXÍA ELÉCTRICA.	36.926,77	143.272,54
100 92000 22103	ADMON.XERAL.COMBUSTIBLES E CARBURANTES.	2.097,92	100.000,00
100 92000 22110	ADMON.XERAL.PRODUCTOS LIMPEZA E ASEO.	357,04	200,00
100 92000 22200	ADMON.XERAL.TELEFONICAS.	16.753,49	273.008,81
100 92000 22201	ADMON.XERAL.CORREO E SERVICIOS URXENTES.	277,08	200.000,00
100 92000 22602	ADMON.XERAL.PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	1.560,57	3.000,00
100 92000 22604	ADMON.XERAL.GASTOS XURIDICOS.	3.156,43	90.000,00

Aplicación	Descripción	Importe	Créd inic 2013
100 92000 22699	ADMON.XERAL. GASTOS DIVERSOS	10.461,90	10.000,00
100 92000 22700	ADMON.XERAL.TRABALLOS REALIZADOS OUTRAS EMP.LIMPEZA E ASEO.	21.728,21	661.250,12
100 92000 23020	ADMON.XERAL.DIETAS DO PERSOAL NON DIRECTIVO.	156,00	5.000,00
100 92000 23120	ADMON.XERAL.LOCOMOCION DO PERSOAL NON DIRECTIVO.	353,46	2.689,90
100 92001 22699	INFORMATICA. GASTOS DIVERSOS	4.420,00	1.000,00
100 92001 22706	INFORMATICA.ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.CAU	21.860,91	91.713,90
100 92001 22709	INFORMATICA.MANTEMENTO PROGRAMAS E OUTROS.	6.130,01	295.811,76
120 33403 21200	CSC. REPARAC. MANTEM. EDIFICIOS E O.CONSTRUC	5.576,31	60.000,00
120 33403 22001	CSC. PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTRAS PUBLICACIONS	60,00	4.000,00
120 33403 22103	CSC. COMBUSTIBLES E CARBURANTES.	22,53	23.000,00
120 33403 22698	CSC. ACTIVIDADES	2.728,92	240.000,00
120 33403 22699	CSC. OUTROS GASTOS DIVERSOS	15,00	10.000,00
120 33800 22698	FESTAS E FESTEXOS ACTIVIDADES	68.906,72	605.301,19
120 92402 22698	RELACIONS VECIÑAIS. ACTIVIDADES	6.000,00	6.000,00
120 92402 22699	RELACIONS VECIÑAIS.GASTOS DIVERSOS	604,21	3.000,00
130 33601 22698	PROT.PATRIM.E CASCO HISTORICO. ACTIVIDADES	88,50	5.000,00
140 23101 22109	UMAD.MATERIAL VARIO	53,77	3.065,00
140 23101 22701	UMAD.TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMP.SEGURIDADE.	3.955,93	45.612,44
140 23900 21300	O.A.SERV.SOCIAIS.REPARAC. MANTEM, MAQUIN.,INSTA E UTILLA.	64,43	5.000,00
140 23900 22100	ENERGÍA ELÉCTRICA.	7,73	66,05
140 23900 22103	O.A.SERV.SOCIAIS.COMBUSTIBLES E CARBURANTES.	3.414,63	11.000,00
140 23900 22698	O.A.SERV.SOCIAS. ACTIVIDADES	240,00	50.000,00
140 23900 22699	SERVIZOS SOCIAIS.OUTROS GASTOS DIVERSOS	299,61	13.450,00
TOTAL IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO A FINANCIAR CON RLT AÑO 2012		1.006.944,49	

ASUNTO 2: CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS PARA EXECUTAR INVESTIMENTOS NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Vista a proposta formulada en escrito de data 19 de setembro pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible onde se pon de manifesto a necesidade de realización dunha serie de investimentos na súa Área que non poden demorarse para o exercicio seguinte sen grave quebranto dos intereses municipais, para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento municipal destinado a esta finalidade específica no nivel en que está establecida esta vinculación xurídica, e tendo en conta que se dispón dalgúns medios de financiamento previstos na lexislación vixente de facendas locais (Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais positivo), compre a tramitación dunha modificación de crédito consistente nun Crédito Extraordinario que permita afrontar a execución de investimentos desta Área do Concello.

O importe da modificación orzamentaria proposta nas modalidades de crédito extraordinario ascende a **SEISCENTOS VINTEOITO MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS (628.183,00 €)**.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións o Remanente Líquido de Tesouraría.

Segundo consta na Liquidación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio económico do 2012, aprobado por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 27 de febreiro de 2013, o Concello presenta un Remanente Líquido de Tesouraría de 1.890.310,25 euros. Este importe resulta suficiente para afrontar a modificación orzamentaria proposta, xa que a modificación obxecto do asunto 1º absorbería 1.194.056,46 euros deste financiamento .

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A dotación dun crédito extraordinario de **SEISCENTOS VINTEOITO MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS (628.183,00 €)** susténtase na necesidade de realizar unha serie de investimentos na Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible que non poden demorarse para o exercicio seguinte sen grave quebranto dos intereses municipais e para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito (...), el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido as aplicacións orzamentarias as que habería que asignar crédito xa que teñen saldo cero nos créditos iniciais do Orzamento vixente:

1.- Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
130 15500 61900	DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE. VÍAS PÚBLICAS. INVERSIÓNS	560.000,00	0,00

Incorpórase financiamento para dar cobertura a gastos de redacción de proxectos, dirección facultativa, coordinación de seguridade e saúde e execución material de obras de reurbanización e mellora de rúas no núcleo urbano do termo municipal.

A urxencia ven determinada polo necesidade de acometer a reforma das rúas, de xeito que os danos ocasionados polo uso ordinario, pero tamén accidentes, poderían constituír un posible perigo para o tráfico rodado e unha eventual responsabilidade patrimonial da administración no caso de accidente, ao marxe de prexudicar a imaxe da cidade.

As obras executaranse no núcleo urbano da cidade, onde reside a maior parte da poboación e onde circula a inmensa maioría do tráfico rodado.

2.- Novos investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
130 33601 60900	PROTC PATRIM HCO. E A. OBRAS DE INVERSIÓNS NOVAS	15.000,00	0,00

Créase consignación no orzamento para dar cobertura a instalación de pasamáns en escaleiras e rampas da cidade histórica. Preténdese a instalación de elementos que

favorezan o tránsito peonil en lugares de difícil acceso polas pendentes, especialmente para persoas con mobilidade reducida ou de avanzada idade.

A urxencia ven determinada polas dificultades que determinadas zonas da cidade histórica presentan en materia de accesibilidade. Trátase de elementos que favorecen a accesibilidade e a seguridade, especialmente na tempada de choivas, xa que evitan accidentes.

3.- Inversión na reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
130 32300 63200	PROMOCIÓN EDUCATIVA. INVERSIÓN REPO. EDIFICIOS E O. CONSTRUCCI	23.183,00	0,00

Créase consignación no orzamento para dar cobertura a gastos de redacción de proxectos, dirección facultativa, coordinación de seguridade e saúde, e execución material de obras de acondicionamento exterior da ludoteca de Fontiñas.

A urxencia ven determinada pola imposibilidade de pór en funcionamento o edificio sen que se realicen estas obras, sendo un equipamento básico e de primeira necesidade para o barrio.

4.- Inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo de servizos, edificios e outras construcións:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
080 45400 61901	MEDIO RURAL. OUTRAS INVERSIÓN REPOSICIÓN E INFRAESTRUTURAS	30.000,00	0,00

Créase consignación no orzamento para dar cobertura a obras de reposición de infraestruturas de canalizacións, sinalizacións, e actuacións en elementos asociados ao medio rural (ex, lavadoiros).

A urxencia ven determinada polo feito de que durante o presente exercicio 2012 non se investiu ningún recurso económico nestes conceptos, de xeito que os danos no mesmo ocasionados por accidentes, vandalismo ou deterioro ordinario, poderían constituír un posible perigo para viandantes ou para o tráfico rodado e unha eventual responsabilidade patrimonial da administración no caso de accidente, ao marxe de prexudicar a imaxe da cidade.

Total importe de Crédito Extraordinario 628.183,00 €

ASUNTO 3: CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON NOVOS INGRESOS RECADADOS E NON PREVISTOS NO ORZAMENTO CORRENTE PARA FACER FRONTE A INVESTIMENTOS E GASTOS CORRESPONDENTES AOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Vista a proposta formulada en escrito de data 17 de setembro polo Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade onde se pon de manifesto a sinatura dun convenio con data 2 de maio de 2013 coa “Gestora de conciertos para contribución a los servicios de extinción de incendios A.I.E.” para o pago dunha contribución especial para o establecemento e mellora dos servizos de extinción de incendios, correspondendo a este exercicio 2013 unha cota de 288.440,95 € partida de ingresos non prevista no Orzamento vixente.

Por outra banda, e tendo en conta estes antecedentes, e dada a natureza de carácter de afectado da cota sinalada, e vista a necesidade de efectuar neste ano unha serie de investimentos e de acometer unha serie de gastos nos servizos municipais de Prevención e Extinción de incendios non previstos no Orzamento actual e que son finalidade do Convenio sinalado, compre a tramitación dunha modificación de crédito consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que permita afrontar estes investimentos e gastos previstos.

O importe da modificación orzamentaria proposta nas modalidades de crédito extraordinario e suplemento de crédito ascende a **DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS, CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (288.440,95 €)**.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.b) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a

utilizar polas Corporacións novos ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden de novos créditos do orzamento de ingresos recollidos na partida 351.00 Contribucións especiais para o establecemento do Servizo de Extinción de Incendios, por un importe de 288.440,95 € procedentes da cota a abonar pola “Gestora de conciertos para contribución a los servicios de extinción de incendios A.I.E.” en base ao Convenio asinado o 2 de maio de 2013 e aprobado en Xunta de Goberno Local en acordo de 27 de decembro de 2012.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A dotación dun crédito extraordinario de **DOUSCENTOS CORENTA E TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (243.500,00 €)** susténtase na necesidade de asumir novos investimentos e gastos nos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito (...), el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario (...).”

En consecuencia sinálase de seguido as aplicacións orzamentarias a crear para poder facer fronte as necesidades apuntadas anteriormente:

5.- Inversión en obras de reposición do edificio do Parque de Bombeiros:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 63200	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. INVERSI. REPOSICIÓN EDIFICIO PPTO 2013	100.000,00	0,00

1.- Inversión en equipos para o desenvolvemento da actividade:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 62300	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. MAQ. INSTALACIÓN E UTILAXE PPTO 2013	100.000,00	0,00

2.- Inversión en adquisición de mobiliario para o edificio do Parque de Bombeiros:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 62500	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. MOBILIARIO PPTO 2013	30.000,00	0,00

3.- Adquisición de vehículo de bombeiros mediante sistema de renting:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 20400	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. ARREND. MATERIAL DE TRANSPORTE PPTO 2013	13.500,00	0,00

Total importe de Crédito Extraordinario 243.500,00 €

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

A dotación dun suplemento de crédito de CORENTA E CATRO MIL NOVECENTOS CORENTA EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (44.940,95 €) susténtase na necesidade de asumir novos gastos nos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente (...) o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido as aplicacións orzamentarias as que habería que incrementar crédito no Orzamento vixente xa que o que existe resulta insuficiente ou non ampliable:

1.- Vestiario do persoal do Servizo de Extinción de Incendios:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 22104	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. VESTIARIO	10.000,00	14.324,47

2.- Servizos de reparacións de maquinaria, instalacións e utillaxe do Servizo de Extinción de Incendios:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
090 13500 21300	SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS. REPARACIÓN MAQ. INSTAL. E UTILLAXE	34.940,95	8.000,00

Total importe de Suplemento de Crédito

44.940,95 €

ASUNTO 4: SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO COA MINORACIÓN DO CRÉDITO ORZAMENTARIO DA APLICACIÓN 030 93900 22711.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Vista a proposta formulada en escrito de data 19 de setembro pola Concelleira Delegada da Área de Servizos Sociais onde se pon de manifesto a necesidade de crédito para facer fronte as axudas MAPIS polos conceptos de manutención, vivenda aloxamento, gastos excepcionais, comedor escolar e ás axudas de emerxencia dos cidadáns que as precisen. A motivación radica na situación actual de crise económica que levou a un aumento considerable no número de solicitudes con respecto a anos anteriores.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de importe **VINTE MIL EUROS (20.000,00 €)**, a financiar cunha minoración na aplicación orzamentaria 030 93900 22711 da Área de Facenda e Administración Pública.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa na aplicación orzamentaria 030 93900 22711 da Área de Facenda e Administración Pública que autorizou a citada minoración co visto bo da súa Concelleira Delegada que consta na proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

A dotación dun suplemento de crédito de **VINTE MIL EUROS (20.000,00 €)** susténtase na necesidade de crédito para facer fronte as axudas MAPIS deste exercicio económico que xestiona a Concellería da Área de Servizos Sociais para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente (...) o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido a aplicación orzamentaria a que habería que incrementar crédito no Orzamento vixente xa que o que existe resulta insuficiente ou non ampliable:

1.- Crédito que permita o financiamento de novas axudas MAPIS:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
140 23203 48001	BENESTAR SOCIAL. TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS	20.000,00	300.000,00

Total importe de Suplemento de Crédito 20.000,00 €

ASUNTO 5: SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO COA MINORACIÓN DO CRÉDITO ORZAMENTARIO DA APLICACIÓN 030 93900 22711.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Vista a proposta formulada en escrito de data 19 de setembro pola Concelleira Delegada de Turismo onde se pon de manifesto a necesidade de dotar de crédito a aplicación orzamentaria 110 43200 44900 para facer fronte ao financiamento do 20% do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e Plan de Medios, cuxo 80% financia a Excm. Deputación Provincial da Coruña vía subvención e que executa, vía encomenda de xestión, a empresa municipal de turismo INCOLSA.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de importe **TRINTA E SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (37.500,00 €)**, a financiar cunha minoración na aplicación orzamentaria 030 93900 22711 da Área de Facenda e Administración Pública.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa na aplicación orzamentaria 030 93900 22711 da Área de Facenda e Administración Pública que autorizou a citada minoración co visto bo da súa Concelleira Delegada que consta na proposta da Concelleira Delegada de Turismo.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

A dotación dun suplemento de crédito de **TRINTA E SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (37.500,00 €)** susténtase na necesidade de dotar de crédito a aplicación orzamentaria 110 43200 44900 para facer fronte ao financiamento do 20% do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e Plan de Medios para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no vixente Orzamento municipal.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente (...) o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

En consecuencia sinálase de seguido a aplicación orzamentaria a que habería que incrementar crédito no Orzamento vixente xa que o que existe resulta insuficiente ou non ampliable:

1.- Crédito que permita o financiamento do 20% do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e Plan de Medios:

Aplicación	Descrición	Importe	Créd_inic_2013
110 93900 22711	TURISMO. APORTACIÓNS A SOCIEDADES MERCANTÍS MUNICIPAIS	37.500,00	819.315,00

Total importe de Suplemento de Crédito 37.500,00 €

O monto global da modificación orzamentaria proposta é de **DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E OITO MIL CENTO OITENTA EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO** (2.168.180,41 €), que detallado por número de referencia sería de

CRÉDITO EXTRAORDINARIO	2013-CREXT-54	1.058.794,97 EUROS
SUPLEMENTO DE CRÉDITO	2013-SUPLE-55	1.109.385,44 EUROS

En base ao antedito, **PROPONSE** á Concelleira Delegada da Área de Facenda e Administración Pública decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2013 baixo os números de referencia **2013-CREXT-54 e 2013-SUPLE-55**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local.”

O informe que emite o **Sr. Interventor de fondos municipais** o día 20 deste mes sinala:

“**Asunto:** Expediente de modificación de crédito extraordinario nº 2013-CREXT-54 por importe de 1.058.794,97 euros, e suplemento de crédito nº 2013-SUPLE-55 por importe de 1.109.385,44 euros, financiados co remanente líquido de tesourería, con baixas e con novos ingresos.

INFORME

Incoado por resolución da Concelleira Delegada de Facenda de data 19 de setembro, recíbese nesta Intervención Xeral expediente de modificación de crédito, modalidade

crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, co baixas e co novos ingresos. A proposta presenta memorias xustificativas.

Por esta Intervención procédese a informar o expediente, en aplicación dos artigos 177.2 do RD lexislativo 2/2004, 37.3 do RD 500/90 e 4.1.g) do RD 1174/1987.

Subexpediente 1 e 2. Crédito extraordinario e suplemento para atender os acredores da conta 413 e inversións, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

O réxime dos créditos extraordinario e suplementos de crédito regúlase nos artigos 177 do RD Lexislativo 2/2004, 34 a 51 do RD 500/1990 e Base 12 e 13 das execución do presuposto vixente. Procédese a verificar o cumprimento dos requisitos legais para aprobar un crédito extraordinario ou suplemento de crédito :

a) Que o gasto sexa específico e determinado, e que non poda demorarse para o exercicio seguinte. Cúmprase neste expediente, no que todos os gastos xa están feitos, pois proceden de gastos realizados no exercicio pechado e que por diversos motivos non puideron aplicarse ao presuposto do ano correspondente. O gasto non pode demorarse porque en cumprimento da Lei de morosidade estes gastos xa debían estar satisfeitos.

O crédito destinado á finalidade de atender aos acredores pendentes de aplicar ao orzamento da conta 413 ascende a 1.194.056,46, distinguindo:

- Importe das partidas suplementadas: 1.006.944,49 euros.
- Importe das partidas habilitadas: 187.111,97 euros.

Os gastos de inversión que se están a habilitar tamén están, en liñas xerais, detallados e motivada a súa urxencia, ascendendo a 628.183,00 euros.

b) Cúmprase a premisa da non existencia de crédito para os créditos extraordinarios propostos e da insuficiencia para os suplemento, tendo en conta que os créditos iniciais eran para atender outras finalidades que se están a desenvolver.

c) A proposta inclúe as aplicación presupostarias a suplementar e a crear, co indicación dos gastos e necesidades a satisfacer, que nesta caso son as facturas pendentes de recoñecer, segundo a relación que ase incorpora ao expediente e as inversións que detallanse na proposta.

En canto ao financiamento da modificación proposta é o remanente líquido de tesourería, permitido co carácter xeral pola lexislación enriba citada.

Debe advertirse, non obstante, que se ben o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira, dispoñía que o superávit presupostario debía destinarse a amortización do endebedamento, a Disposición 74ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 2013 dispuxo que ao longo do ano 2013 o Goberno promovería a modificación do devandito precepto cos finalidade de determinar e desenvolver as condicións para posibilitar o destino finalista do superávit presupostario das entidades locais.

Nesta circunstancia tan singular xuridicamente, na que una norma posterior (Lei 17/2012) encomenda a modificación doutra anterior (Lei 2/2012), estando en xogo outras normas e principios, como os dimanantes da lei de morosidade, e á vista da nota informativa da IGAE sobre a aplicación do artigo 32 da Lei Orgánica e o anteproxecto da Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público, pola que se modifica o repetido artigo 32 e recóllese nunha Disposición Adicional sexta o réxime do destino do superávit, parece razoable considerar, no primeiro lugar, a non aplicabilidade do artigo 32, estando nunha situación nova e descoñecida en noso ordenamento xurídico, pois nin está expresamente derogado, nin pode dicirse que poida despreñar os seus efectos, é dicir que deba amortizarse débeda có superávit, feito non consta fixera ninguén concello. Non segundo lugar, a necesidade de adoptar as medidas oportunas para dar saída as facturas pendentes de aplicar e de pagar do exercicios anteriores, dando así cumprimento aos transcenderes fines económicos e sociais da Lei de morosidade (*Exposición de Motivos da Lei 8/2013: “La reducción de la morosidad de las Administraciones Públicas constituye un elemento imprescindible para mejorar la competitividad de la economía española, pues conlleva reducir las necesidades de financiación de las empresas, lo que les permite aprovechar mejor sus oportunidades de negocio y facilitar el crecimiento económico”*), utilizando para elo os excesos de financiamento das Administracións públicas, nunha interpretación finalista e atendendo as vixentes circunstancias sociais e económicas, como ordena o artigo 3.1 do Código Civil que interpretemos as normas, parece o mais adecuado, ante esta aparente contradición de normas e principios xurídicos e económicos enfrontados, decidirse polo favorable a mellora da competitividade española.

Non obstante estas consideracións e a interpretación excepcional, se o anteproxecto non chegara a aprobarse, ou o lexislador adoptara outras decisións, o Concello debería proceder a adoptar os acordos ou as modificacións de crédito oportunos para dar cumprimento ao que se lexisle.

Polo anterior, procédese a verificar se a utilización de remanente líquido para financiar esta modificación cumpre os requisitos do anteproxecto, recollidos na nota informativa da IGAE de 4 de xullo de 2013, que está disposición do público na sede virtual do MINHAP:

a) Non se superan os límites de endebedamento fixados pola lexislación das facendas locais contidas nos artigos 51 e 53 do TRLFL (o límite é o 110 por cento dos dereitos correntes recoñecidos netos), sendo o de Concello o 67,73 por cento dos dereitos correntes recoñecidos netos, segundo consta no informe da liquidación do exercicio 2012.

b) O exercicio 2012 liquidouse con capacidade de financiamento polo importe de 10.431.039,54 euros, segundo a mesma fonte enriba indicada.

c) O remanente líquido de tesourería para gastos xerais ascendeu a 1.890.310,25 euros, segundo despréndese da liquidación de 2012. O desconto polo efecto das medidas especiais de financiamento é de cero euros, pois afectaron ao ingreso e ao gasto que determinan o remanente líquido de tesourería polo mesmo importe.

d) O remanente líquido de tesourería (este importe, que non o superávit en contabilidade nacional, por ser o primeiro de importe inferior ao segundo) deberá destinarse, no primeiro lugar, a atender obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do ano 2012 e anteriores, contabilizadas na conta 413 “Acredores po operacións pendentes de aplicar ao presuposto”. O importe do remanente líquido que destínase a conta 413 ascende a 1.194.056,46 euros.

e) O saldo resultante de restar ao remanente líquido de tesourería o importe da conta 413, que ascende a 696.253,79 euros, deberá destinarse a amortizar o endebedamento “que sexa necesario para que a corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en cada uno dos anos 2013 e 2014”. No informe de estabilidade do orzamento para o ano 2013, de data 14 de marzo de 2013 asinado polo Interventor, dedúcese unha capacidade en termos de contabilidade nacional de 3.241.010,00 euros, polo que non é necesario destinar nada a amortizar endebedamento. Asemade, o Plan de axuste do ano 2012, aprobado polo MINHAP con data 30 de abril de 2012, prevé unha capacidade en termos de estabilidade para o ano 2013 de 9.676.820,00 euros e unha redución continua do endebedamento que queda reducido a 62.908.190 euros en 2012, a 54.996.610 en 2013, 46.483,410 euros en 2014 e ase sucesivamente ata chegar a endebedamento cero en 2022, có que se pon de manifesto que o Concello amortiza anualmente una importante cantidade do seu endebedamento.

f) O saldo anterior, polo tanto, pode destinarse a inversións. A proposta para inversións ascende a 628.183,00 euros, dentro do marxe do devandito saldo.

Subexpediente 3. Crédito extraordinario por importe de 243.500,00 euros e suplemento de 44.490,95 euros, financiado co maiores ingresos procedentes do convenio para a contribución especial do servizo de extinción de incendios por importe de 288.440,95 euros.

Verifícase, como no subexpediente anterior, que a Memoria identifica os gastos específicos e determinados, e que indica que non poden demorarse para o exercicio seguinte.

En canto a fonte de financiamento, o artigo 177.4 do TRLFL permite que sexa con novos o maiores ingresos recadados sobre os previstos. Neste caso, trátase de novos ingresos procedentes de contribucións especiais polo establecemento do servizo de extinción de incendios, os cales non estaban presupostados. Non se ten constancia por esta Intervención que os demais ingresos non finalistas non se veñan efectuando con normalidade.

Subexpedientes 4 e 5. Suplemento de crédito financiado co baixas por anulación por importe de 20.000,00 euros e de 37.5000 euros.

Verifícase, como nos subexpedientes anteriores, que a Memoria identifica os gastos específicos e determinados, e que indica que non poden demorarse para o exercicio seguinte.

Neste caso o financiamento é mediante baixas por anulación da partida 030 93900 22711 por importe de 20.000,00 euros e na partida 030 93900 2271 por 37.5000,00 euros, indicando na Memoria que os créditos estímense reducibles sen perturbar ao servizo que atenden. Retense crédito para as baixas por anulación cos números referencias 22013004482 e 22013004483, respectivamente.”

Dona Cecilia Sierra expón que a aprobación inicial do expediente ten como base a incorporación do remanente positivo de tesourería para financiar facturas de anos anteriores e novos proxectos de investimento.

Desta forma -di a concelleira- atopámonos ante un feito sen precedentes en relación coa xestión económica do Concello, e para explicar esta circunstancia remóntase ó día 1 de xullo de 2011, no que as expectativas económicas municipais eran moi malas, pois as ratios que se manexaban ao entrar a gobernar o Partido Popular distaban de ser as que un concello como Santiago de Compostela, capital de Galicia, se merecía.

O volume de débeda atopábase por riba da porcentaxe marcada por lei do 75%, sendo no 2010 Santiago un dos poucos concellos galegos que estaba nestas circunstancias. Por outra parte, as ratios de solvencia, autonomía, así como os períodos medios de cobro e de pago a provedores ían empeorando cada ano do goberno bipartito, facendo que Santiago fose cada día máis dependente doutras administracións. Ademais, os plans de saneamento establecidos dende o 2007 eran papel mollado e se incumprían sistematicamente, pero o máis preocupante era que tanto a cifra de estabilidade

financeira como o remanente líquido de tesourería, que son os parámetros máis importantes que arrojan as liquidacións das contas municipais, eran negativos de forma recorrente.

Cando o grupo popular entrou a gobernar, a cifra de remanente líquido de tesourería era de menos 2,6 millóns de euros; no 2011, coas políticas de contención de gasto innecesario levadas a cabo polo goberno popular dende o primeiro día de lexislatura, cumpriuse o plan económico financeiro do Concello por primeira vez na historia, e xa a cifra que arroxaba a liquidación mellorou notablemente en máis dun millón de euros, ascendendo a -1,4 millóns.

En 2012, e gracias a varias circunstancias, como un orzamento de 2012 en base realista, sen inflar os ingresos como ocorría anteriormente, para facer fronte a gastos a acometer polos concelleiros, sen ter en conta a execución presupostaria, ou como un plan de axuste ao que obrigatoriamente tivo que facer fronte o concello para pagar todas as facturas pendentes a través do plan de pago a provedores, ou como a continuación das políticas de control de gasto supérfluo, un control financeiro estrito de acompañamento entre ingresos e gastos, os resultados obtidos foron ben distintos, e Santiago logrou ter un remanente positivo de tesourería, concretamente de 1,9 millóns de euros. Ata ese momento, o Ministerio de Economía e Facenda establecía que ese remanente positivo tiña que ir destinado a amortizar a débeda, dándose a paradoxa de que os concellos que xestionaban ben, é dicir, con remanente positivo, tiñan que destinar ese superávit a pagar débeda. Ante o contrasentido de dita situación, e atendendo ás peticións da FEMP e FEGAMP, o Ministerio de Economía e Facenda decide cambiar a normativa ao respecto, e a través da interpretación no mes de agosto do artigo 32 da lei de estabilidade orzamentaria, establece que o remanente se poida destinar, primeiro a pagar facturas pendentes, e segundo a investimentos, se ben todo iso suxeito ás seguintes condicións:

- O Concello debe ter un nivel de endebedamento por debaixo do límite legal de ingresos correntes sobre gasto financeiro, establecido nun 75%, e neste sentido Santiago cumpre co requisito na actualidade, non así no 2011 cando o partido popular entrou a gobernar.
- Debe haber estabilidade orzamentaria, é dicir, os ingresos dos capítulos 1 a 7 deben estar por encima dos gastos dos capítulos 1 a 7, matizando esta cifra cunha serie de axustes. Neste sentido, Santiago tamén cumpre co requisito e presenta estabilidade, non así cando o seu grupo entrou a gobernar.
- E por último, o remanente debe ser positivo, como así ocorre agora e non no 2011.

Para a concelleira debe quedar claro que o expediente se somete a aprobación plenaria, na súa meirande parte, baséase na boa xestión económica levada a cabo polo actual equipo de goberno, e ante estas circunstancias o que se propón ao pleno é a aprobación inicial dun crédito extraordinario e suplemento de crédito por un importe total de 2.168.180,41 euros, que se desglosan en tres apartados:

*O primeiro a través da financiación co remanente líquido de tesourería, por unha parte, de case un millón douscentos mil euros financiados con remanente positivo de tesourería e cuxo destino é o pago das facturas pendentes de aplicar ao orzamento de exercicios anteriores, segundo o informe da liquidación do exercicio de 2012.

*Por outra parte, 628.000 euros, financiados igualmente con remanente de tesourería, destinados a acometer inversións, tales como 560.000 euros, para a redacción de proxectos, material de obras de reurbanización e mellora de rúas do núcleo urbano, 15.000 euros destinados á instalación de elementos no casco antigo, como pasamáns, sobre todo para persoas con mobilidade reducida, 23.183 euros para o acondicionamento exterior da biblioteca de Fontiñas, que así poderá comezar a funcionar; ou 30.000 euros para obras no rural, tales como canalizacións, sinalizacións e outras actuacións. Por outra parte, xa ao marxe da financiación con remanente negativo, se inclúe no expediente a dotación dun crédito extraordinario de 243.500 euros e un suplemento de cerca de 45.000 euros financiados como consecuencia de novos ingresos derivados do servizo de extinción de incendios, para facer fronte a gastos no mesmo, en base ao convenio establecido, tales como investimentos en obras de reposición por 100.000 euros, investimentos en maquinaria e instalacións por 100.000 euros, investimentos en mobiliario do edificio por 30.000 euros; adquisición dun novo vehículo por renting por 13.500 euros; vestiario dos bombeiros por 10.000 euros; reparacións de maquinaria existente por case 35.000 euros.

Xa como última parte do expediente se consideran dous suplementos de crédito financiados a través de crédito na partida de estudos económicos financeiros da concellaría de facenda, ao existir sobranse. Así financianse dúas actuacións, e a primeira delas é de 20.000 euros destinados a cubrir as axudas de emerxencia social, pois o presuposto inicial de 300.000 euros non é suficiente para atender as necesidades das familias que demandan esta axuda, a pesar do notable incremento da partida para este orzamento de 2013. A segunda actuación ten un importe de 37.500 euros destinados á empresa municipal de turismo, INCOLSA para tramitar unha encomenda de xestión e poder percibir unha aportación da Deputación que implica a financiación do 20% do plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios, pois os recursos aportados para mellorar a xestión turística da capital de Galicia fanse agora máis necesarios que nunca.

Solicita a concelleira por último o voto favorable dos grupos da oposición a esta modificación orzamentaria, que se traducirán en proxectos e accións de gran importancia para o concello.

Regresa ao salón de Plenos a concelleira Dona María Gómez Bugallo.

Don Rubén Cela explica que o grupo municipal do BNG vai votar en contra deste expediente por diferentes razóns. Di que este expediente de modificación de créditos, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, lamentablemente ven a dar a razón a todo o que o Bloque Nacionalista Galego leva denunciando e demandando respecto á liquidación do exercicio 2012, e á elaboración dos orzamentos de 2013. Así, segundo consta na liquidación do orzamento municipal correspondente ó exercicio 2012, o Concello de Santiago presenta, como dicía a concelleira, un remanente líquido de tesourería de 1.890.310,25 euros, e xa o BNG ten denunciado en múltiples ocasións que ese resultado falseaba a realidade, xa que estaba baseado nunha intencionada trampa contable; en concreto o que o goberno municipal fixo foi omitir deliberadamente partidas de gasto no orzamento por máis dun millón de euros. Todo ese gasto omitido é gasto corrente correspondente co capítulo 2, e o que o grupo popular propón agora é incorporar a este exercicio, despois de non telo contemplado fai dous meses no orzamento, todas esas facturas e algunha máis que o BNG ten denunciado que non se contabilizaban. En concreto, propónse mediante un crédito extraordinario de 187.111,97 euros e un suplemento de crédito de 1.006.944,49 euros, pagar facturas de gasto corrente procedentes do exercicio anterior por valor de 1.194.056,49 euros. A concelleira de facenda intentou vender que había un remanente positivo de tesourería de 1,8 millóns de euros, pero o que resulta é que deses 1,8 millóns de euros, 1,2, nada máis e nada menos se correspondían con facturas sen pagar. Isto non é máis que unha grandísima tomadura de pelo, non aos grupos da oposición, senón ao conxunto da cidadanía de Santiago.

Este crédito que o goberno municipal quere aprobar hoxe tiña que estar xa reflectido dende o primeiro momento na proposta de orzamentos de 2013, e o concelleiro descoñece as razóns de non telo feito, porque ninguén pode crer que non se soubera que existían facturas de gastos correntes, como a da luz, sen contabilizar orzamentariamente. Se sumamos só as facturas da luz das que se incorporan a este expediente, o total ascende a 455.368,45 euros, que o goberno municipal intencionadamente non contemplou no orzamento. Nin que dicir ten doutros temas, que tamén afloran nesta modificación, como o crédito para a xestión das multas de tráfico por importe de 16.656 euros.

O que fixo o goberno é como se unha familia non paga as facturas da luz durante un ano, pero di que lle sobran douscentos euros todos os meses ao final de mes, e finalmente, con ese suposto aforro acaban pagando todas as facturas acumuladas para

que non lle corten a luz; é dicir, ese aforro de douscentos euros ao mes non era real, porque non estaba cuantificando as facturas da luz, aínda que sabían que existían e aínda que sabían que había que pagalas, o que se traduce nunha ilusión contable, pero sobre as ilusións sempre prevalecen as realidades, e a realidade é que esa familia non aforraba.

Se a liquidación do exercicio fora de verdade, hoxe a concelleira tería que traer unha proposta moi diferente, de adicar 1,8 millóns de euros a investimentos e a gastos sociais, e non maioritariamente a pagar facturas de 2011 e 2012.

A Sra. Sierra falaba de feitos sen precedentes, dun resultado magnífico, e de que estes gobernantes son uns grandes xestores, e que por iso o goberno central lles premia, pero a realidade é ben outra. En primeiro lugar, do suposto aforro, superávit e remanente hai que diminuír as facturas que aínda hoxe non afloran, por importe de 900.000 euros máis na conta 413, é dicir, xa van aló máis de dous millóns de euros que destrozan o suposto resultado positivo do remanente. En segundo lugar, afirma o Sr. Cela que o orzamento de 2013 está mal feito xa que fala de superávit ficticio máis que demostrado, ou de ingresos por mor da capitalidade que nunca virán, pois hai con respecto a eles 600.000 euros de desfase, tal e como denunciaba o BNG, á vez que subsisten facturas sen pagar, entre elas as de EMUVISSA, non contempladas no orzamento.

Con respecto ás propostas concretas de novas actuacións, sostén o concelleiro que a única modificación que realmente ten xustificada a urxencia real é casualmente a máis cativa de todas, e se refire á ampliación dos 20.000 euros para permitir o financiamento de novas axudas MAPIS, e aínda que é urxente, non é imprevista. Alégrase de que a Sra. Sierra dixera hoxe que quedan curtos eses 300.000 euros no orzamento, pero lamentablemente a concelleira non mantiña o mesmo cando dende o BNG se propoñía un plan especial de loita contra a pobreza en Santiago, dotado con 400.000 euros, que se recortaban de partidas superflúas, ou cando menos, menos importantes que esta. Todos os datos socioeconómicos apuntaban a un incremento exponencial das familias santiaguesas en risco de exclusión social, e polo tanto era máis que previsible un forte aumento nas axudas sociais de carácter municipal, pero en todo o resto de actuacións propostas, a xustificación da urxencia é máis que discutible.

A seguir, indica o concelleiro que o único elemento positivo deste expediente é a confirmación da consecución dunha ampliación substancial do convenio coa xestora de concertos para contribución aos servizos de extinción de incendios, e que se poidan adicar eses 288.440,95 euros externos á mellora do equipamento e vehículos do noso parque de bombeiros, porque algunhas necesidades son acuciantes, como a dotación dese vehículo apto para actuar nas rúas do casco histórico.

A modo de conclusión, pensa o Sr. Cela que o resultado presentado está maquillado descaradamente, tanto en superávit como en remanente, e o goberno pensa que a cidadanía é parva, vendendo unha xestión con aforros supostos cando deixan de contabilizar moito máis de dous millóns de euros en facturas devengadas, no momento do peche, e que non minoran o resultado que agora temos que utilizar para pagar co orzamento de 2013.

Polo tanto, a liquidación do exercicio de 2012 non se axustaba á realidade, o aforro que contemplaba tanto o ano pasado como o orzamento deste ano son falsos, e o goberno volve a tramitar unha modificación tan importante como este asunto abusando do trámite de urxencia, e do carácter extraordinario, e terxiversando o seu sentido, mentindo á cidadanía e vendendo un aforro que agora se demostra que non é tal.

Intervén agora Don Francisco Reyes, que en nome do grupo do PSdeG-PSOE dá a benvida ao novo interventor, e deséxalle moita sorte nas súas tarefas no noso concello.

Con respecto á proposta presentada, o sentimento do seu grupo é un tanto ambivalente e contradictorio, porque por unha banda dá a posibilidade de empregar o remanente de tesourería de 2012, pero o certo é que en maio deste ano o grupo municipal socialista presentou para o seu debate no pleno unha moción na que se plantexaba instar ao goberno local para levar ao pleno do concello o conseqüente expediente modificativo de crédito que, tendo como base o financiamento do remanente líquido de tesourería de 2012, permitira acometer de inmediato unha serie de investimentos que o seu grupo plantexaba, así como instar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a elevar a proposta ás Cortes Xerais para desenvolver urxentemente a disposición adicional á que a sra. Sierra fixo referencia, a Disposición Adicional 74 da Lei de orzamentos do Estado de 2013, que modificaba o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

A sorpresa do grupo socialista naquel pleno é que o goberno votou en contra, algo inexplicable porque a proposta non estaba a ir contra ninguén, senón precisamente a ir a favor da nosa cidade, e apurar a posibilidade de empregar ese remanente en investimentos. Daquela a moción do grupo socialista foi rexeitada, pero o goberno cinco meses máis tarde a trae a este pleno, rectificando a súa postura inicial, e acertando con esta rectificación que segue os dictados do PSdeG.

As orixes das xeracións de crédito son os remanentes de tesourería do ano pasado e o convenio para a contribución aos servizos de extinción de incendios que o goberno asinou o 2 de maio de 2013.

Con respecto ás facturas, di o concelleiro que existe un claro recoñecemento no informe do interventor de que todos os gastos xa están feitos, pois proceden de gastos realizados

en exercicios pechados e que por diversos motivos non se aplicaron ao orzamento. Estamos a falar duns pagos pendentes, o que habitualmente no debate político se chaman as facturas nos caixóns, de 1.630.000 euros, dos que só o 5,5% pertencen á etapa de gobernos anteriores, 83.000 euros concretamente. Ademais, cando se ve exactamente a relación das facturas, hai que dicir que somentes dúas delas foron rexistradas antes da toma de posesión do goberno do Partido Popular, de feito as dúas están rexistradas o 31 de decembro de 2010, e a suma das mesmas é de 6.405,7 euros, polo tanto, todo o resto do que se plantexa no expediente é para financiar e para cubrir gastos que xa estaban feitos e que tiñan que estar pagados, e todos eles pertencen e foron rexistrados a partires da toma de posesión do goberno do Partido Popular.

No que atinxe ó crédito extraordinario, o 34,9% das facturas son facturas de gasto corrente, non de investimento, e polo que respecta ó suplemento de crédito, efectivamente atópanse enerxías eléctricas, atópase limpeza, etc., etc.

A seguinte cuestión á que se refire o Sr. Reyes ten que ver co convenio dos servizos de extinción de incendios asinado o 2 de maio, do que se pregunta as razóns de non incluílo antes da aprobación definitiva dos orzamentos. Outra cuestión sorprendente é a de porque cando se plantexan os expedientes 4 e 5 o goberno fai referencia a un suplemento de crédito, cando á vez dín que empregan o diñeiro dunha partida que xa existe, de modo que non están a incrementar o orzamento. Polo tanto, do que estaríamos a falar sería no seu caso dunha transferencia de crédito, é dicir, dunha modificación orzamentaria. Por outra banda, a aplicación que o goberno fai desa transferencia de crédito dá novamente a razón ó grupo socialista no debate que tivo con ocasión da aprobación dos orzamentos, cando mantiñan que o goberno non estaba a facer un orzamento axeitado no que eran os gastos en servizos sociais, que tiñan baixado o 1% con respecto ao ano anterior, e que tiñan baixado un 37,07% con respecto ao orzamento do ano 2011, o último orzamento de progreso que coñeceu esta cidade ata o de agora.

Do mesmo xeito dicíase que mesmo subvencións á acción social tiveron unha baixada do 5,43% con respecto ao ano anterior, e estas baixadas, precisamente na atención social supoñían un incumprimento do artigo 165.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Por outra banda, e con respecto á aplicación que o goberno fai desas xeracións de crédito, o concelleiro entende que podería levarse a cabo doutro xeito, pois se ún adica os remanentes a pagar as facturas que xa tiña que pagar o ano pasado, non poderá facer outras cousas. O grupo socialista propoñía no seu momento o incremento da partida adicada a benestar social, non de 22.000 euros, senón de 95.000 euros, ou destinar para plans de emprego máis de medio millón de euros, 522.000 en concreto, ou para apoio ao comercio preto de 90.000 euros, para promoción económica, 113.000 euros, e para medio rural 136.000 euros, polo tanto, a verdade é que sorprende un pouco a

presentación destas cinco propostas, malia que o que no mes de maio era “non”, agora sexa “sí”.

Dona Cecilia Sierra di que os membros do anterior goberno non son os máis acaídos para falar de tomadura de pelo, porque o goberno actual efectivamente atopou moitas facturas no caixón, e máis que irán atopando doutros anos anteriores ao 2011. Pensa a concelleira que tomadura de pelo é ocultar a cifra do 413 ata o ano 2009, pois nin sequera constaban nos informes técnicos as facturas no caixón, e tivo que ser o grupo popular o que alertara desta situación. Así a partir do ano 2009 se empezaron a tomar en consideración os recoñecementos extraxudiciais, para tramitar todo este tipo de facturas, porque antes quedaban a durmir eternamente nos caixóns.

Tomadura de pelo é tamén falar da factura da luz, cando todos os concelleiros saben perfectamente que hai unha subvención da Deputación para facer fronte a ese pago. Tomadura de pelo -engade a concelleira- é dicir que dentro deste grupo de facturas só había dúas do PSOE, ou do bipartito, pois do 2006 hai oito, do 2007 dúas, do ano 2008 quince, do 2009 cincuenta e seis, do 2010 cento unha, e do 2011 cento cincuenta e oito facturas, un 42% da etapa anterior e o resto da actual. Con independencia da data de entrada no rexistro, o servizo prestouse antes, pero o actual equipo de goberno, cun criterio de responsabilidade, por suposto vai a pagalas, pero o que non é de recibo é que o Sr. Reyes minta con respecto ás facturas tramitadas polo seu grupo.

Opina asemade a concelleira que os membros dos grupos da oposición non coñecen o que indica o artigo 32 da Lei de estabilidade, que di que o remanente positivo de tesourería se ten que dedicar a pagar facturas pendentes en primeiro lugar, e en segundo a investimento, pero o que é certo é que tanto o BNG como o grupo socialista non son quen de falar nin de estabilidade nin de remanente positivo de tesourería, nin de ratios positivos, nin de ratios que melloran.

En canto ao convenio de bombeiros, estase aplicando algo que este colectivo leva reclamando moitos anos, dado que agora a contabilidade está noutra situación, e o goberno pode destinar eses ingresos extraordinarios á aplicación do convenio. No que atinxe á partida adicada a servizos sociais, afirma a concelleira que dende que o grupo popular goberna, foi especialmente sensible ante a situación dun sector da poboación, e fronte ás prácticas do goberno anterior, que recortara drasticamente os orzamentos adicados a estes fins, o actual incrementounos nun 30%.

Don Rubén Cela opina que o debate baséase nun principio falso. Aprobáronse os orzamentos hai cousa de dous meses, entón a pregunta obrigada é se naquel momento a concelleira coñecía a existencia de 1.200.000 euros de débeda que se van destinar agora en pagar facturas. A concelleira falaba dun millón oitocentos mil euros cando

simplemente sacando ese millón douscentos mil en facturas, a cantidade a contabilizar sería de seiscentos mil, o que resulta, cando menos, chocante.

Pensa o concelleiro que isto evidencia que a liquidación do exercicio do 2012 -e algo neste senso apuntaba o informe do anterior interventor- non se axustaba á realidade, e que o aforro que contemplaba, tanto no pasado como no orzamento deste presente ano, non era certo.

Con respecto ao uso do remanente, explica o Sr. Cela que antes da aprobación polo Estado da disposición transitoria na Lei de Orzamentos, había que adicar o 100% do remanente á minoración das débedas, pero a partir de aí, hai outra parte que se podería adicar a investimento, e éste pode ter un carácter máis ou menos social en función de en que se invista.

Por último, e no que atinxe á xestión no ámbito social, opina o concelleiro que na actualidade lamentablemente a situación é peor que fai catro ou cinco anos, pois hoxe temos unha das taxas de paro máis altas de Galiza, somentes superada pola cidade de Ferrol, uns índices de precariedade laboral como nunca viviu esta cidade, e un número alarmante de familias en risco de exclusión social e moitas delas hoxe xa en pobreza extrema.

Con respecto ao tema das facturas, pide o Sr. Cela que se lle clarexe que porcentaxe sobre o total dese millón douscentos mil se corresponde cos exercicios 2011 e 2012, e qué porcentaxe con antes deses exercicios, pois opina que ese sería un dato bastante revelador.

Por último, sinala o concelleiro que o que o goberno presenta hoxe non é máis que a confirmación de todo o que o BNG leva denunciando dende a aprobación da liquidación do exercicio de 2012, e durante toda a tramitación do orzamento de 2013.

Don Francisco Reyes, a seguir, dá lectura ao informe da intervención a respecto da aplicación do artigo 32 da lei de estabilidade orzamentaria, que di literalmente que “nesta circunstancia tan singular xurídicamente, na que unha norma posterior- a lei de orzamentos xerais-, encomenda a modificación doutra anterior-a Lei de estabilidade-, parece razoable considerar en primeiro lugar, a non aplicabilidade do artigo 32”, e para pagar as facturas o que plantexa a intervención é a aplicación extensiva do artigo 3.1 do Código Civil.

Por outra banda, e no que atinxe ó tema das facturas, afirma o concelleiro que as únicas rexistradas antes de que o grupo popular se fixera cargo do goberno municipal significan só o 5,5% do total da contía do 1.633.000 de facturas “no caixón”. Engade o

Sr. Reyes que en ningún momento este Concello tivo un volume de débeda por enriba dos límites que marcaban as leis.

Con respecto á pretendida “boa xestión”, lembra o concelleiro que polo famoso endebedamento en 12,7 millóns de euros, o Concello está a pagar os xuros máis elevados de todos os préstamos que ten negociados. Di tamén que temos pasado dun 64,3% de débeda sen a participación dos ingresos do Estado, a un 67,73% neste momento, o que tampouco é síntoma de boa xestión.

E polo que respecta ao convenio dos bombeiros, o grupo socialista alégrase de que se asinara e de que existan partidas orzamentarias para ese gasto, pero o que preguntou ao respecto na súa anterior intervención foi se non houbo tempo de incluílo na aprobación definitiva dos orzamentos de 2013, sen poñer en dubida que os bombeiros necesitaran esas partidas orzamentarias, e polo tanto eses investimentos.

Non se entende que o goberno fale de boa xestión cando ten máis dun millón de euros de facturas pendentes que tiñan xa que estar pagadas. Por outra banda, opina que están moi alonxadas as aplicacións da xeración de crédito que se plantexan das que o grupo socialista entende que son necesarias para o noso concello neste momento, e lembra que o 66,6% de todas as inversións orzamentadas para o ano 2013 foron obtidas polo anterior goberno, razóns que levan a votar en contra desta proposta do partido popular.

Remata as intervencións deste asunto o Sr. Alcalde, que di que o feito de que o goberno bipartito do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista veña a dar aquí agora un exemplo sobre as facturas e sobre a execución dos orzamentos dos anos nos que gobernaron produce cando menos sorriso. Cando o grupo popular se fixo cargo do goberno municipal había vinte e tantos millóns de facturas no caixón, e parece ser que hai moitas que aínda non apareceron, pois o certo é que o servizo esta feito, que veñen a reclamar os provedores, e que posiblemente máis dunha empresa xa non existe como tal.

O Concello está pagando setenta millóns en débeda financeira, e grazas ao crédito da liña ICO puido pagar trece millóns de euros de facturas, moitas delas dos anos 99 e 2000, por iso non entende o sr. Alcalde a desfachatez de vir agora aquí o Sr. Reyes a dicir que se se pagaron vinte facturas, ou dezaeito, ou dúas, porque o único que se fai neste Concello, dende que o partido popular entrou a gobernar, é pagar facturas que o goberno anterior, por pura irresponsabilidade, non pagou.

Rematado o debate, e de conformidade co informe-proposta do director da área de Facenda, Orzamentos e Informática, o informe do Sr. Interventor de Fondos Municipais, e co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do pasado día 23, o Pleno

da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 en contra, dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG:

PRIMEIRO:

a) Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria de crédito extraordinario número 54 por importe de 1.058.794,97 euros para dar cobertura ós gastos relacionados na proposta transcrita do director da área de facenda, orzamentos e informática.

b) Aprobar inicialmente o expediente de modificación presupostaria de suplemento de crédito número 55 por importe de 1.109.385,44 euros, co detalle que figura na proposta transcrita do director da área de facenda, orzamentos e informática.

SEGUNDO: Os expedientes aos que se refire o anterior apartado PRIMEIRO expoñeranse ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP de A Coruña, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Os expedientes inicialmente aprobados elevaranse automaticamente a definitivos se contra os mesmos non se formula reclamación ningunha, procedendo entón á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

8. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2012.

A Conta Xeral de 2012, co informe favorable da Comisión Especial de Contas, emitido con data do 15 de xullo de 2013, someteuse a información pública por un prazo de quince días hábiles e oito máis, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 26 de xullo de 2013.

No citado prazo presentáronse dúas alegacións con idéntico contido, unha suscrita polo grupo municipal socialista-PSOE, e a outra por D. Francisco Reyes Santias, voceiro do grupo municipal socialista.

As alegacións foron obxecto dos informes, que a seguir se reproducen, da Viceinterventora de Fondos Municipais, de 14 de agosto de 2013, e da Directora da área

de Facenda, Orzamentos e Informática e desta secretaría xeral do Pleno- Dirección da Asesoría Xurídica, ambos do día 21 de agosto de 2013.

a) Informe da Viceinterventora de Fondos Municipais:

“ASUNTO: ALEGACIÓNS FORMULADAS POR DON FRANCISCO REYES SANTIÁS, EN NOME DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: con data 15 de xullo de 2013 emítese informe favorable pola Comisión Especial de Contas do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao exercicio 2012.

SEGUNDO: de acordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, a Conta foi obxecto de exposición ó público durante quince días e oito máis, publicándose o anuncio de dita exposición no Boletín Oficial da Provincia número 141 de 26 de xullo de 2013.

TERCEIRO: mediante sendos escritos presentados con data de Rexistro de Entrada de 9 de agosto de 2013 (números 41.429 e 41.430, respectivamente), don Francisco Reyes Santiás presenta "Alegacións e reclamacións do Grupo Municipal Socialista á Conta Xeral do exercicio 2012". Os dous escritos de alegacións-reclamacións, datados o 9 de agosto de 2013, teñen o mesmo contido, si ben un deles preséntase en nome do Grupo Municipal Socialista de xeito explícito.

Esta Intervención, ó abeiro do establecido nos artigos 213 e ss. e tendo en conta as competencias que lle atribúe a normativa de Facendas Locais na formación da Conta Xeral da entidade local, emite o seguinte

INFORME

As consideracións efectuadas no presente informe son aplicables ós dous escritos presentados, dado o seu contido idéntico, non introducindo matiz algún diferencial dende o punto de vista sustantivo o feito de que un dos escritos se presente en nome do Grupo Municipal Socialista (á marxe da valoración da súa incidencia na lexitimación activa para a presentación de reclamacións, aspecto a valorar no informe xurídico que, no seu caso, se emita). Examinados, pois, os escritos aludidos, e sen perxuízo de que, si a Corporación o considere oportuno poida recabar cantos dictames estime convenientes, esta Intervención efectúa as seguintes CONSIDERACIÓNS:

PRIMEIRO: a primeira alegación refírese ó sometemento da Conta Xeral a informe da comisión Especial de Contas fóra do prazo establecido legalmente, que o artigo 212.2 sitúa antes do 1 de xuño do exercicio seguinte.

En relación á demora na rendición da Conta Xeral perante a Comisión Especial de Contas de pouco máis dun mes máis aló do prazo establecido legalmente, esta Intervención debe sinalar que a liquidación do orzamento municipal de 2012 realizouse antes da finalización do prazo legalmente establecido; en concreto datouse o informe de Intervención no 25 de febreiro de 2013, e iso pese á ampliación de obrigas de remisión de información que incrementaron moi notablemente a carga de traballo na Intervención municipal, intensificada especialmente a principios de exercicio como consecuencia da entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orden HAP 2105/ 2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na citada LOEPSF.

Asemade, esta Intervención ven cumprindo a obriga de remisión de información trimestral ó Pleno da Corporación de xeito puntual nos prazos que establece a normativa vixente por conducto da Concellería de Facenda, efectuándose a do primeiro trimestre con data 19 de abril de 2013 e a do segundo trimestre nos últimos días do mes de xullo.

Na elaboración da Conta Xeral, como tarefas que se engaden ás propias da liquidación dos orzamentos, atópase a da contabilidade patrimonial e de inmovilizado. Constitúe unha deficiencia estrutural neste concello, posta de manifesto en numerosos informes desta Intervención tanto dos actuais titulares como dos que os precederon nos cargos, a inexistencia dun inventario actualizado, a inexistencia dun Patrimonio Municipal do Solo formalmente constituído que, entre outras carencias, implicaban notables dificultades para levar a cabo a contabilidade patrimonial en xeral.

En consecuencia, non só no presente exercicio senón en exercicios anteriores, tanto os cálculos como a práctica dos asentos de inmovilizado lévanse a cabo de xeito practicamente manual, sen que á data actual se conte cun módulo específico de inmovilizado contable, o que xenera que a Conta Xeral sufra demoras inevitables na súa formación definitiva demora que, en ningún caso, está a supor, a xuízo desta Intervención, perxuízo algún tanto na remisión da información económico financeira precisa para os órganos de xestión e control do Concello, que se pon a disposición dos xestores de xeito puntual, tal como queda exposto neste apartado, nin no prazo final de rendición de Contas ante o Tribunal de Contas e restantes órganos de control externo.

SEGUNDO: a segunda das alegacións presentadas versa sobre o saldo que reflecta a conta 413 a finais do exercicio 2012. Sinala o párrafo último desta alegación que "o recoñecemento orzamentario de facturas de máis de 1,6 millóns nesta anualidade fai que o estado de liquidación do exercicio 2012 e o resultado orzamentario non representen a

imaxe fiel da situación da Entidade Local"; alúdese, así mesmo ó incumprimento do principio de prelación de pago que supón o recoñecemento de facturas posteriores, sendo que quedan como pendentes de recoñecer facturas previas ó exercicio 2012.

Efectivamente, esta Intervención ven manifestándose en diversos informes en relación ó necesario cumprimento da Lei de morosidade, así como as consecuencias da falta de recoñecemento de facturas, en especial como consecuencia da realización de gastos sin cobertura orzamentara, ou que por algún outro motivo se ten omitido a súa contabilización no exercicio de orixe.

Tendo en conta dita situación, a conta 413 "Acredores por obrigas pendentes de aplicar a orzamento" é a técnica contable axeitada para reflectir a existencia das mesmas, non tendo dito saldo repercusión no cálculo nin do resultado orzamentario nin do remanente de tesourería. Non obstante, tal como sinala a Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local na súa Regra 102.4 sinala (en castelán):

"La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella, ni genera responsabilidad por razón de las mismas".

De donde se deduce que a existencia da conta 413 implica precisamente que, pese á existencia de gastos non aplicados a orzamento, a contabilidade oriéntase a reflectir dita circunstancia en aplicación do principio de imaxe fiel. O que non implica, ó igual que no caso dos restantes actos de contido económico, que os mesmos se teñan realizado conforme á normativa de aplicación, verificación que se efectúa a través doutros procedementos, supoñendo a Conta Xeral un mero reflexo da situación económico financeira e patrimonial do Concello.

TERCEIRO: a terceira alegación presentada demanda unha rectificación no cálculo do remanente de tesourería do exercicio 2012, manifestando a súa disconformidade co cálculo dos créditos de dudoso cobro.

Con independencia de que a dotación de dudoso cobro non elude a obriga dos servizos municipais correspondentes de realizar tódolas accións precisas para procurar a súa realización, a normativa aplicable busca un cálculo prudente no remanente de tesourería, que obriga a axustar o seu cálculo con aqueles dereitos que se consideran de difícil ou imposible recadación. Os criterios para a determinación de dita cifra é un dos aspectos que queda subordinado á autonomía local. Foi o Pleno da Corporación o que regulamentou ditos criterios de cálculo a través das Bases de Execución do Orzamento. Asemade, a modificación nos criterios de cálculo do dubidoso cobro atopábase impulsada polo propio Plan de Axuste aprobado polo Pleno da Corporación con data 31

de marzo de 2012 e informado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Esta Intervención límitase, como non pode ser doutro xeito, á aplicación das normas a tal efecto aprobadas polo Pleno da Corporación. Neste senso, remítome ó disposto no informe á liquidación do orzamento.

CUARTO: a seguinte alegación pon de relieve a existencia de pagamentos pendentes de aplicación a orzamento.

A dito saldo fai referencia o informe de Intervención á liquidación do orzamento 2012, a cuxas consideracións me remito. No saldo de ditos pagamentos, podemos diferenciar claramente dous grupos:

- Aqueles ós que parece referirse a reclamación, e que son os pagamentos efectuados mediante o sistema de cargo en conta; ó respecto me remito ás consideracións xurídico-contables que sobre ditos pagamentos se efectúan no informe de Intervención á liquidación do orzamento 2012 e na memoria incorporada á Conta Xeral.

- A parte de dito saldo integrado polos pagamentos efectuados por conta de EMUVISSA e que se atopan pendentes de regularización. Así mesmo, remítome ás consideracións efectuadas ó respecto tanto no informe de Intervención á liquidación do orzamento como nos acontecementos posteriores ó peche que forman o último apartado da Memoria que integra a Conta Xeral.

QUINTO: a sexta alegación sinala que "non consta informe de Intervención á conta xeral nos termos que se expresaban no exercicio 2011 e anteriores, sendo unha constante nas contas xerais anteriores a súa existencia".

Con independencia dos antecedentes sobre a formación da Conta Xeral neste Concello, o certo é que o informe de Intervención non se configura como preceptivo con carácter previo á súa aprobación; as competencias da Intervención municipal ó respecto límitanse á "formación" da mesma (212.2 RDL 2/2004; 100.1 da Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local); sen perxuízo dos informes facultativos que se poidan recabar.

O que se informa ós efectos da tramitación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2012, sen perxuízo de calquer outro informe que se estime oportuno recabar para unha mellor formación da vontade dos órganos da Corporación."

b) Informe da Directora da área de Facenda, Orzamentos e Informática:

“Dona Carmen Gómez Otero, en calidade de Directora da Área de facenda, contratación e control do gasto, logo de ver a alegación de data 9 de agosto de 2013, á Conta Xeral do exercicio de 2012 presentada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, teño a ben de emitir o seguinte

INFORME:

Por esta Dirección de Área, se solicitou, con motivo da interposición de recurso de reposición aos Orzamentos do 2013 polo Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, informe á asesoría xurídica do Concello para que se pronunciase sobre a posibilidade legal de interpoñer recurso de reposición aos orzamentos, así como á lexitimación dos grupos municipais para formular, no seu caso, alegacións.

1.- RECURSO DE REPOSICIÓN:

No dito informe se establece que “(...) De maneira tallante non procede o recurso potestativo de reposición xa que o artigo 107.3 da Lei de Réxime de Procedemento Administrativo Común, establece que as disposicións administrativas (como é o caso dos Orzamentos Municipais) non son susceptibles, nin sequera de forma potestativa, de impugnación por recursos administrativos, entre os que hai que comprender o recurso de reposición. (...)”

Asemade se sinala nas conclusións que “(...) Primeira: Non procede a interposición de recurso de reposición contra a aprobación inicial do orzamento. Contra a aprobación definitiva procederá recurso contencioso-administrativo. (...)”

2.- LEXITIMACIÓN PARA FORMULAR ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO:

En relación á lexitimación para formular alegacións ao orzamento en período de exposición pública, no informe do Asesor Xurídico se dispón nas conclusións que “(...) Segunda: Tanto os concelleiros, individualmente considerados, como os grupos políticos do Concello, carecen a xuízo do que subscribe e dende o punto de vista dunha boa técnica xurídica, de lexitimación para presentar reclamacións, contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos.

3.- LEXITIMACIÓN PARA FORMULAR ALEGACIÓNS Á CONTA XERAL:

O artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sinala que “(...) A Conta Xeral ... será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións (...)”

Non se especifica o que se entende por interesado.

Solicitado asesoramento ao Asesor Xurídico do Concello sobre o concepto de interesado, se presenta informe que se incorpora ao expediente.

4.- FONDO DA RECLAMACIÓN:

Nembargantes é conveniente neste momento entrar no fondo da reclamación independentemente de que se admitise/inadmitise en canto á forma:

PRIMEIRO.- En canto aos saldos de dubidoso cobro, no informe de intervención á liquidación do exercicio 2012, se informa que da contabilidade se desprende un saldo de dubidoso cobro de 16.462.503,97 euros, mentres que no exercicio 2011, a 31/12 o dito saldo era de 5.306.370,95 euros. Efectivamente no 2012 se triplica o dito saldo con respecto ao exercicio 2011. Non se pode poñer en dúbida o informado polo Interventor Municipal, que é competente para informar dos saldos contables e da contabilidade.

A xustificación do dito cálculo se atopa na modificación da Base núm. 35 das de Execución do Orzamento, e nas instrucións do Tesoureiro Municipal que serven de fundamento á nova redacción de dita Base.

Hai que ter en conta que a Base antiga non era tan prudente como a nova Base debido a que se consideraban cobrables nun 10% dereitos pendentes de cobro cunha antigüidade de dez anos. O que provocaba que os dereitos pendentes de cobro fosen irreais e desen lugar a resultados positivos baseados nunha estimación moi pouco realista.

No Plan de Axuste tamén se contempla a necesidade de estimar dun xeito máis prudente os dereitos pendentes de cobro. A medida b3 do apartado “Outro tipo de medidas” contempla a seguinte “(...) Medida 2: Estimación realista de los derechos de dudoso cobro Revisión de los criterios actualmente existentes para dotar provisiones por derechos de dudoso cobro, de modo que se tenga una estimación más realista sobre el posible importe de los créditos incobrables (...)”.

Se trata polo tanto, dunha decisión non só prudente, senón que obedece a un mandato que deriva dun acordo plenario, que foi fiscalizado favorablemente pola Intervención Municipal.

SEGUNDO.- O Remanente Líquido de Tesourería está calculado segundo informa o interventor xeral cuxa función reservada é a contabilidade “Esta magnitude vén regulada no artigo 191.2 TRLRHL; 101 a 104 do RD 500/90 e as Regras 81 a 86 ICAL. (...)”

Ademais no informe do Interventor Xeral se informa “(...) Dentro do prazo establecido para elo nos artigos 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril ten sido elaborada por esta intervención xeral a liquidación do presuposto correspondente ao exercicio económico do 2012, procedéndose, a emitir o preceptivo informe en cumprimento do establecido no artigo 191.3 e artigo 90.1 das normas anteriormente mencionadas.(...)”

Polo que non se poden poñer en dúbida os resultados (neste caso dos saldos de dubidoso cobro que condicionan o remanente líquido de tesourería) da función reservada do interventor xeral, e máxime cando actúa con clara obxectividade e independencia.

Igualmente sinalar que, a función de contabilidade, é unha función reservada a un habilitado de carácter nacional. Na data na que se subscribe este informe, a responsabilidade única da dita función está depositada na intervención xeral.

A Dirección da Área de Facenda, Orzamentos e Informática unicamente ten competencias de coordinación. De dar instrucións sobre a levanza da contabilidade se produciría unha inxerencia nas competencias doutro órgano directivo, que é o interventor.

O disposto nos parágrafos anteriores contestan ao punto cuarto da alegación en canto aos pagos pendentes de aplicación. Se trata de instrucións que parten da intervención xeral, sobre o tratamento da contabilización dos pagos realizados en relación ás facturas pendentes da Sociedade Emuvissa.

Dende esta Dirección de Área non se poden dar directrices sobre a integración no Concello da contabilidade de Emuvissa nin sobre o xeito de levar e rexistrar os asentos contables por tratarse dunha función reservada a un órgano directivo que é o interventor xeral.

Non obstante, se adxunta a este informe o apartado 22 da Memoria “Acontecementos posteriores ao peche”, asinado polo interventor xeral no que procede a aclarar este extremo.

Sinalar que, aínda que se explican esta e outras cuestións neste apartado, non existiría inconveniente en solicitar informe ao interventor (que non é obrigatorio como no caso da liquidación, xa emitido con data 25 de febreiro de 2013).

TERCEIRO.- En relación coa aprobación da Conta Xeral fóra de prazo, sinalar que a Conta Xeral do exercicio 2012 deberá ser aprobada antes do 1 de outubro do 2013 no Pleno da Corporación. De ser así, se cumpriría o prazo final, e se subsanaría o defecto non invalidante de rendición da conta antes do 15 de maio.

Sinalar así mesmo que a Conta Xeral se formula pola Intervención Xeral que é o punto de partida para que, cumprido este prazo, o cuentandante poida seguir o procedemento en prazo.

CUARTO.- Polo que se refire á conta 413 “Acredores por operación pendentes de aplicar ao orzamento”, na liquidación correspondente ao exercicio 2012, e segundo informe de intervención ascende á contía de 1.633.806,04 euros, sinalar as seguintes consideracións:

1.- No orzamento correspondente ao exercicio 2013, se consignaron os créditos necesarios para dar cobertura ás facturas da empresa Sermasa por importe de 677.412,91 euros, que se pagaron ao longo do exercicio 2013, e crédito por importe de 80.191,01 euros para dar cobertura á factura de Coesisa, consignada aínda que pendente de pago.

2.- Tendo en conta o punto anterior, a conta 413, unha vez restados os pagos realizados por importe de 677.412,91 presentaría un saldo de 956.393,13 euros.

3.- Ao dispoñer de Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 1.890.310,25 euros, non se considerou necesario orzamentar a diferenza nos orzamentos correspondentes ao exercicio 2013, en espera da regulación do artigo 32 da LOEPSF imposta pola disposición septuaxésimo cuarta da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

4.- Así, segundo a nota informativa sobre a aplicación do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en adiante LOEPSF emitida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o 4 de xullo de 2013, no artigo primeiro, apartado 12 do Anteproxecto de Lei Orgánica de control da débeda comercial do sector público, se recolle unha nova disposición adicional na LOEPSF, que sería a sexta e regula as regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que, en resumo, para o Concello de Santiago de Compostela serían as seguintes:

- Cumprimento dos límites en materia de autorización de operación de endebedamento (O volume do capital vivo non poderá exceder do 75% dos ingresos correntes liquidados no exercicio inmediatamente anterior). Segundo informe de intervención de data 25 de febreiro de 2013, o coeficiente de endebedamento se situaría no 67,73%. Se cumpriría polo tanto a primeira condición.

- Que presenten no exercicio anterior capacidade de financiación en termos consolidados e Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo se cumpriría polo tanto a segunda condición, dado que o Concello presenta na

Liquidación do exercicio 2012, superávit por importe de 16.253.779,61 euros, e o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 1.890.310,25 euros.

- Unha vez cumpridas as condicións anteriores, o Concello de Santiago deberá destinar o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo, a saldar a conta 413. Se deberían destinar 956.393,13 euros. Habería que descontar a factura de Coesisa por importe de 80.191,01 euros que se financiaría cos créditos dotados orzamentariamente nos orzamentos do exercicio 2013.

- Polo tanto, sería necesario realizar unha modificación orzamentaria por importe de 876.202,12 euros (crédito extraordinario), financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo, e posteriormente un recoñecemento extraxudicial de créditos.

- A conta 413 a 31/12 2012 quedaría saldada.

- O importe sobrante do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo sería de 1.014.108,13 euros, que, unha vez comprobado que a Entidade non incorrería en déficit, se podería destinar a investimentos financeiramente sustentables.

Como conclusión sinalar que a conta 413, quedaría saldada con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais positivo.

CONCLUSIÓN:

En canto ao fondo da alegación, e vistas as anteriores consideracións, dende esta Dirección de Área se consideraría desestimada a alegación presentada polo Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, por entender motivadas todas as reclamacións que se formulan.

Se traslada este informe á concelleira delegada da área de facenda e administración xeral, co obxecto de que, previa remisión do expediente a intervención se adopte a proposta de resolución á Comisión Especial de Contas e Pleno da Corporación.”

c) Informe da Secretaría Xeral do Pleno:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de

1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal , art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de:

EXPOÑER:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

Concepto de interesado a efectos de aprobación da Conta Xeral.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 30/92, de 26 de de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A tramitación da conta xeral regúlase no **Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo** da seguinte forma:

«Artigo 212. Rendición, publicidade e aprobación da conta xeral:

1. Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan. As dos organismos autónomos e sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente a aquelas, rendidas e propostas inicialmente polos órganos competentes destes, serán remitidas á entidade local no mesmo prazo.
2. A conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.

3. A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións considere necesarias, emitirá novo informe.

4. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para que, se é o caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

5. As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada».

O apartado terceiro non desenvolve o concepto de interesado, polo que é de aplicación o concepto Xurídico derivado do procedemento administrativo común. Non é aplicable o concepto Xurídico de interesado que se desenvolve para a tramitación do presuposto no artigo 170.1 e el motivado polo principio de especialidade. Só será de aplicación analóxica pero non por remisión Legal xa que esta non está establecida legalmente. Non obstante existe unha plena coincidencia.

Polo tanto para determinar o significado do concepto Xurídico de interesado deberemos aplicar as normas contidas nos **artigos 30 a 34 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.**

Para os efectos débese determinar como interesado a aquelas persoas físicas ou Xurídicas cuxa posición Xurídica sexa subsumible no **artigo 31 da Lei 30/1992:**

«Artigo 31. Concepto de interesado: 1. Considéranse interesados no procedemento administrativo:

a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos. [Non é aplicable ao presente caso, xa que a formación da Conta xeral e a súa tramitación é asunto de competencia pública].

b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.

c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.

2. As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais, serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a Lei recoñeza.

3. Cando a condición de interesado derivase dalgunha relación Xurídica transmisíbel, o dereito-habiente sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento».

Polo tanto e para os efectos da Conta Xeral serán interesados:

1. Os veciños e residentes da entidade local en cuestión, pois a eles lles é de interese o conxunto dos feitos económicos da Administración Pública territorial identificada coa entidade local do Municipio da súa veciñanza ou residencia.

2. Os provedores, acredores, debedores, e contribuíntes da entidade local que o sexan por calquera relación ou vínculo contractual ou Legal. Non precisarán deter a condición subxectiva de veciños ou residentes. É dicir será interesado calquera persoa física ou Xurídica que mantivo ou mantén relacións económicas de calquera xénero coa entidade local.

3. O persoal ao servizo da entidade local. Non precisarán deter a condición subxectiva de veciños ou residentes.

4. Os sindicatos máis representativos no ámbito territorial da entidade local, os representantes de persoal, as asociacións empresariais de todo xénero con representación no ámbito territorial da entidade local, as cámaras de comercio etc, conforme dispón o artigo 31.c) examinado.

Como podemos observar e a pesar de que non existe remisión Legal ao concepto de interesado do artigo 170, existe de facto unha cuasi plena coincidencia. Polo tanto serán interesados non só os veciños e/ou residentes, senón aqueles que teñan ou tivesen (no exercicio de referencia da Conta xeral) unha relación económica activa (acredor) ou pasiva (debedor) coa entidade local que sexa demostrable, aínda que non deteñan a condición de veciños ou residentes.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

Dona Cecilia Sierra explica que se trae hoxe a aprobación definitiva da conta xeral do ano 2012, a terceira dende que entrou o grupo popular a gobernar.

O expediente da conta xeral é extenso, e está integrado pola conta do Concello, a do Auditorio de Galicia, as contas das sociedades de capital municipal TUSSA e INCOLSA, e documentación complementaria de Mercagalicia, así como outros estados. A súa vez, a conta do Concello, está formada polo balance, o estado de liquidación do orzamento, a memoria social e económica do Concello, memoria de custes e rendementos dos servizos, e diversa documentación complementaria relativa sobre todo ás existencias de tesourería nos bancos e ás actas de arqueo.

A pesar de que dita documentación é moi extensa, o documento máis importante que acompaña ó expediente, e que reflicte a saúde económica da xestión municipal, é a propia liquidación, así como os cadros de indicadores financeiros e patrimoniais que se desprenden da mesma. Desta forma, e a través do cálculo das principais magnitudes e indicadores financeiros e patrimoniais, pódese afirmar que estamos ante os mellores resultados económicos da historia do Concello, porque todos os indicadores melloran, e proba diso foi o expediente que se acaba de aprobar, consistente en aplicar o remanente positivo a cuestións tan importantes como o pago das facturas atrasadas e novos investimentos de obras urxentes que piden os veciños e as veciñas de Santiago.

O actual goberno paga antes, máis, e mellor, pois o período medio de pago redúcese á metade, e é de 73,84 días, fronte a 142,77 días en 2011. Asemade, a liquidez inmediata é de 0,91 fronte a 0,37 en 2010, e 0,34 en 2011, é dicir case se duplica, o que axuda a ir facendo fronte a todos os pagos con maior rapidez e maior axilidade, e as obrigas pendentes de pago baixan de 31 millóns e medio a 17 millóns e medio, é dicir, redúcense en 14 millóns de euros, o que significa unha mellora na cifra dos pagos ás empresas e ás familias compostelás.

Por outra banda, o Concello é máis solvente e autónomo, pois a solvencia a curto prazo é dun 2,01 fronte ao 1,36 en 2010, e o 1,73 en 2011. A autonomía fiscal é do 59% en 2012, fronte ao 52% en 2011, é dicir, o Concello é capaz de financiarse a través dos ingresos correntes moito mellor e con maior solvencia que fai uns anos. Tamén este goberno xestiona mellor os ingresos, pois o período medio de cobro é de 87,67 días fronte a 78,17 en 2011, o que permite que o período medio de pago e o período medio de cobro vaian converxendo cada vez máis a unha única tendencia, que son eses trinta días aos que a concelleira aspira a chegar neste ano e que xa nalgunhas ocasións se está a cumprir.

Prosegue explicando a Sra. Sierra que os dereitos pendentes de cobro baixan de 43.800.000 euros, a 35.800.000 euros, é dicir, diminúen en oito millóns de euros, e a recadación de ingresos correntes presenta un defecto en 2012 de 2,7 millóns, fronte aos 6.5 millóns do ano 2010.

Por outra parte, o Concello cumpre todos os parámetros da lei de estabilidade, e así o remanente líquido de tesourería positivo sitúase en 1.9 millóns, fronte ao negativo de 1.4 millóns do ano 2011, ou ó tamén negativo de 2010 por 2,6 millóns. Por certo, neses anos tamén había moitas facturas pendentes que se desprendían dos informes da liquidación dos interventores, da orde de 2,5 millóns en 2011 e 2,7 millóns no ano 2010, circunstancia que o goberno anterior tampouco tivo en conta.

Con respecto á estabilidade orzamentaria, é de 10.400.000 euros no ano 2012, fronte a 1.500.000 en 2011, e menos 360.000 euros en 2010, é dicir, cando o goberno popular se fixo cargo do Concello, éste estaba en inestabilidade orzamentaria.

O nivel de endebedamento legal está por debaixo do límite permitido, pois segundo o informe da liquidación, a porcentaxe é de 67,73%, por debaixo do 75%. É certo que hai recortes de prensa falando e dicindo que no ano 2010 o Concello de Santiago era un dos seis concellos galegos dos trescentos concellos galegos que estaban por encima do límite legal permitido, e esa é unha realidade.

Ademais, este goberno executou ben os orzamentos, e chegou co resto das ratios do orzamento a récord históricos nalgunhas ocasións. O grao de execución de ingresos alcanzou un 87,67% fronte ao 78,17% de 2011, o que tamén é un record histórico, e o grao de execución de gastos é de 72,15% fronte ao 68,51 de 2011.

Por último, afirma a concelleira que se cumpriu o plan de axuste, como así se indica no informe da liquidación, a diferenza dos incumprimentos constantes, tanto dos planes económico financeiros, como dos plans de saneamento que os gobernos anteriores ían presentando e reformulando ao longo do tempo.

Para Don Rubén Cela, que intervén seguidamente, resulta inevitable facer mención a un aspecto de forma que para o BNG ten dende logo moito que ver co fondo, e estase a referir ao feito de que esta conta xeral non viñera acompañada dun informe da intervención. Argumenta o goberno municipal que formalmente non resulta imprescindible ese informe, pero máis alá de que legalmente sexa ou non imprescindible, o normal é que o levase, e dende logo, neste concello era norma e sempre foi así, ate este ano. Casualmente o interventor que formulou esta conta xeral hoxe non nos acompaña, e é o mesmo que sacou as cores ó goberno co seu informe sobre a liquidación, ate punto que no cume do disparate éste tivera que solicitar un contrainforme á Deputación da Coruña.

Pensa o concelleiro que se hoxe non hai informe de intervención é por causa deses conflitos e clima de desconfianza que se xerou non só entre ou grupo de goberno e o conxunto dos traballadores desta casa, que é evidente, senón tamén cos altos cargos da súa confianza política.

Aínda que este goberno ten reforzado como ningunha outra área a área de facenda con novos habilitados nacionais e xefaturas de área, o funcionamento dende logo non se ve mellorado, e unha vez máis cómpre falar de incumprimento dos prazos estipulados. Así, o prazo para a formulación da conta xeral ten como data o 14 de maio, xa que o Alcalde debe rendir contas antes do 15 de maio do exercicio seguinte, tal e como recolle o artigo 212.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, tendo que someterse a mesma antes do 1 de xuño do exercicio a informe da Comisión Especial de Contas, cousa que non se fixo, pois como é ben sabido, non se aprobaría nesa comisión ate un mes e medio despois, en concreto o 15 de xullo. É certo que nesta ocasión, cando menos, poderase aprobar antes do 1 de outubro, e polo tanto remitir ao Tribunal de Contas antes do 15 dese mes, prazo límite que marca a lexislación vixente.

Con respecto ao contido a Conta Xeral, di o concelleiro que ésta debe reflectir a imaxe global do Concello e das súas entidades dependentes dende un punto de vista tanto contable como financeiro e patrimonial ao longo dun exercicio. Sen embargo, para o BNG esta conta xeral, polos motivos expostos no punto anterior, non reflicte iso. Hai unha deturpación da realidade no que son as cifras contables, e así únicamente existe aforro derivado dos recortes do persoal e da incapacidade do goberno para xestionar e executar o orzamento. Resulta deste xeito sorprendente a intervención da señora Sierra, que o primeiro do que se gababa era do nivel de execución, cando houbo que ver aquí neste propio pleno como o nivel de execución no capítulo de investimentos do exercicio pasado foi absolutamente ridículo.

Asemade, as contas que se teñen presentado ate agora non se corresponden coa realidade, dan resultados ficticios, porque contabilizan fóra dos resultados do exercicio toda unha serie de facturas non pagadas, contabilizando de xeito incorrecto e a sabendas a incorporación de EMUVISSA á estrutura do concello, ou facendo un cambio de criterio para cuantificar os créditos de dubidoso cobro. A conclusión é que temos uns resultados inflados, un orzamento que se aproba en xullo e que a día de hoxe xa é papel mollado, pois está completamente emendado, e un cambio no xeito de cuantificar os créditos de dubidoso cobro, que fai que a cifra de 2012 ascenda a máis de dezaseis millóns de euros, triplicando a do ano anterior, que foi de pouco máis de cinco millóns de euros, pois o actual goberno municipal estableceu como créditos de dubidoso cobro algúns pagamentos que se sabe a ciencia certa que xa se pagaran, como os procedentes doutras administracións. Todo isto evidentemente afecta ao remanente líquido de tesourería, polo tanto opina o Sr. Cela que esa cifra de 1.890.000 euros non é un fiel reflexo da realidade.

Por último, solicita o concelleiro da señora Sierra unha aclaración a respecto dunha das afirmacións que aparece no informe da viceinterventora, dona Ana Gago, onde dí textualmente: “Asemade esta intervención ven cumprindo a obriga de remisión de

información trimestral ao pleno da corporación de xeito puntual nos prazos que establece a normativa vixente por conduto da concellaría de facenda, efectuándose a do primeiro trimestre con data 19 de abril de 2013, e a do segundo trimestre nos últimos días do mes de xullo”. Di o concelleiro que ou hai conceptos diferentes do que é o Pleno do Concello ou dende logo o seu grupo non recibiu ningunha información ao respecto do que fai referencia a señora viceinterventora, polo tanto agradece que se lle clarexe onde está exactamente esa información

Don Francisco Reyes intervén agora, e lembra que no mes de abril, é dicir fai cinco meses, o seu grupo solicitou as copias dos paquetes de decisións para a elaboración dos orzamentos en base cero, copia que non lles foi facilitada, e informe sobre a denegación das reclamacións do grupo municipal PSdeG-PSOE aos orzamentos xerais, que tampouco lles chegou.

Sorpréndelle ao concelleiro que non se acepten as reclamacións do grupo do PSdeG-PSOE presentadas con respecto a esta conta xeral, pois non estamos diante dunha disposición de carácter xeral, senon dun acto administrativo contra o que caben todo tipo de reclamacións e recursos. Tamén lle sorprende que non se acepten as reclamacións que el mesmo presentou, porque a verdade é que se se analiza a resposta de intervención municipal, vese que lle está a dar a razón en todos os puntos que se están a plantexar. Así por exemplo a intervención reconece que efectivamente se aproba a conta xeral fóra de prazo, porque non somentes é o que di a directora de área, senon que tamén hai que ter en conta o que di a lei de facendas locais de que antes do 15 de maio do exercicio seguinte ao que corresponda, as contas van ser rendidas, ó igual que o artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais indica que vai ter que ser sometida antes do 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas.

Sen embargo, e máis que o retraso, o que lle resulta máis sorprendente ao concelleiro é unha certa discrepancia entre o que di a intervención e o que di a directora de área, porque a intervención di literalmente o seguinte: “esta intervención debe sinalar con respecto ao retraso que a liquidación do orzamento municipal de 2012 realizouse antes da finalización do prazo legalmente establecido”, e ademais incorpora “que presentou trimestralmente información” da que o grupo socialista non ten coñecemento, por certo. Curiosamente a directora de área no seu informe o que di é que: “sinalar así mesmo que a conta xeral se forma por intervención xeral, que é punto de partida para que, cumprindo este prazo, o cuentadante poida seguir o procedemento en prazo”. O que non sabe o Sr. Reyes é se o que quere dicir a directora de área é que a culpa de non ter presentado en prazo a conta xeral é da intervención, que é o que parece resultar do seu informe que ela escribe e asina.

Con respecto ao tema das facturas, que o grupo socialista tamén trata nas súas reclamacións, a intervención municipal reconece, evidentemente, que hai 1.633.806

euros que non foron pagados e tiñan que pagarse, e que polo tanto, e tamén o di a intervención, se esta a incumprir a lei de morosidade.

Resulta sorprendente tamén que o período de pago de facturas sexa de 73 días cando nestes 1.633.000 euros hai facturas rexistradas o 31 de decembro de 2012, e pasaron nove meses, e cando hai tamén facturas rexistradas o 31 de decembro de 2011, polo tanto teñen un ano e nove meses de tardanza en pagalas. Tamén se vanagloria a concelleira de facenda da súa xestión cando ten un remanente de tesourería de 1.890.000 euros e 1.633.000 euros de facturas sen pagar. Dito doutro modo, iso é o mesmo que se un afirma que é un gran xestor e aforra moito diñeiro porque non lle paga a ninguén ós que lles debía, e que vai destinalo aforro en pagarlles. Esta é a situación que se dá coa conta xeral e coa liquidación. Simplemente se restamos de 1.890.000 euros os 1.630.000 euros de facturas que tiñan que estar pagadas, xa non temos un remanente de crédito de 1.890.000, e este é ún dos problemas de calado que presenta a conta. Outro deles é o dos créditos de dubidoso cobro, que o goberno triplica dun ano para outro, xustificándoo nun principio de prudencia. É difícil de crer ese plantexamento de prudencia, se ao mesmo tempo, mentres estaba aprobado o orzamento da Xunta de Galicia, que dicía que a achega da Xunta de Galicia a Santiago por mor da súa condición de capital de Galicia era de 2.300.000 euros, a concelleira de facenda insistiu en orzamentar por esa achega 2.700.000 euros.

Por outra banda, ao concelleiro gustaríalle saber canto cobrou o Concello do que tiña previsto, canto deixou de percibir por subvencións do Estado e da Unión Europea, e neste senso solicitou un informe escrito para a presentación no pleno. Pregunta tamén o sr Reyes se o Concello renunciou no ano pasado a algunha achega das administracións, incluídos fondos da Unión Europea, e se ten aceptado a non disposición de subvencións favorables.

Seguidamente salienta o concelleiro que por primeira vez non se acompaña esta conta de informe de intervención, e se ben é certo que non é preceptivo, non é menos certo que ate o de agora se fixo, e xa que a intervención plantexa para aplicar o remanente de crédito ao pago das facturas que se tiñan que ter pagadas e non se pagaron, a obriga do artigo 3.1 do Código Civil, o Sr. Reyes tamén plantexa a aplicación do artigo 1.3 do mesmo Código Civil, que fala da costume. Neste momento a Corporación está a ser investigada, e por esta razón debemos ser aínda máis coidadosos coas aprobacións das contas, e xa que a normativa non prohibe pedirle á intervención que faga un informe con respecto á conta xeral, paga a pena pedilo, para non caer no plantexamento de que está prohibido todo o que non é obrigatorio.

Engade ao anterior o concelleiro que o seu grupo non tivo resposta á súa sétima alegación con respecto a ter un coñecemento exacto dos riscos aos que o goberno está sistematicamente facendo referencia, de responsabilidades derivadas de sentenzas

xudiciais, e polo tanto o seu grupo solicitaba que se contemplara exactamente esa situación na conta xeral.

Dona Cecilia Sierra intervén novamente, e pide que os concelleiros da oposición estuden a lei de facendas locais e fagan os seus deberes como oposición. A conta xeral terá que ser formada por intervención, pero iso non quere dicir que intervención teña que informala, e precisamente o goberno actúa desta forma porque é respectuoso cos informes dos técnicos, que son os que avalan as súas actuacións. Ademais -engade a Sra. Sierra-, o goberno nos expedientes que se tramitan pode traer todos os informes que estime oportunos e que sexan necesarios para cumprimentalos.

Di a seguir a concelleira que os grupos da oposición non deben falar de prazos, porque como mínimo ao longo dos catro exercicios da lexislatura anterior non cumpriron nin un con respecto aos documentos económicos, mentres este goberno este ano por primeira vez na historia do Concello aprobou a liquidación antes do 1 de marzo.

Tampouco poden falar os grupos da oposición de orzamentos inflados e de ingresos inflados a sabendas, porque cando estaban no goberno actuaban á inversa do que é a lóxica, querían gastar e en función do que querían gastar así pintaban os ingresos nos orzamentos, o que dou orixe á nefasta situación que o goberno actual atopou.

Con respecto aos debedores de dubidoso cobro, di a concelleira que o goberno anterior inflaba os resultados dos orzamentos presupostando dereitos de cobro que sabía perfectamente que non se ían realizar. O goberno popular, como resultado, tivo que levar a cabo un proceso de axuste, segundo os informes técnicos, como nunca antes se tiña feito, e o que é máis grave é que o bipartito era coñecedor desa situación, perfectamente indicada nos informes da intervención municipal, tanto nos das contas xerais como nos das liquidacións. O goberno popular está a facer caso das consideracións técnicas, e a contabilidades nestes momentos entra dentro das competencias dos interventores, que son os que ditan os criterios, e a conta 413 reflicte a parte dos resultados presupostarios, e non se pode incluír dentro do remanente, como debera saber o sr. Cela, que ten que adicar máis tempo a estudar.

A seguir di a concelleira non entender como non lles dá vergoña aos concelleiros da oposición falar de prazos de pagamento, pois cando o partido popular se fixo cargo do Concello, a maioría de provedores estaban sen cobrar dende facía máis dun ano, había ata dez chamadas diarias de xente nunha situación desesperada, familias chorando porque se lles debía máis dun ano de facturas, cando agora se aproban, por primeira vez na historia, a mes vencido.

O seu grupo está a traballar arreo, e independentemente da situación na que estea o Concello, segue facendo as cousas igual que sempre, sacando proxectos adiante.

Para rematar a súa intervención, e referíndose ao que o Sr. Reyes acaba de afirmar con anterioridade, de que era unha mentira que o Concello estivese cos límites de débeda por riba dos legais, dá lectura a concelleira a un artigo de prensa que describe a situación, e que di: “A lista negra dos concellos endebedados non deixa de crecer, coa calculadora en mán, e as liquidacións das contas municipais 2009 e a débeda viva, chegaron as primeiras estimacións en Galicia, que sinalan somentes a Miño, Rianxo, Boiro, Laxe, Poio e Santiago como o clube dos excluídos, xa que superan a porcentaxe fixada polo goberno, a capital de Galicia por un punto e medio sobre o límite”.

Don Rubén Cela fala agora, e di que non ven aquí a dar leccións de nada, senon para ver como cumpren outros as leccións que daban, e dende logo non se caracteriza o goberno municipal, e en concreto a concelleira de facenda, por cumprir moi ben co que predicaba, e se quere falar de recortes de prensa, o concelleiro aportará na seguinte sesión plenaria as declaracións da Sra. Sierra sobre a tramitación orzamentaria, as contas xerais, e outros temas, e verase como distan do que hoxe fai.

A concelleira de facenda debe facer os deberes para ver se consegue aprobar o orzamento antes do verano que ven. Con respecto á recomendación da Sra. Sierra para que o Sr. Cela estude, opón o concelleiro que a lei di que o interventor non ten que informar, senón que ten que formar a conta xeral. Pregunta o concelleiro se o ano pasado a Sra. Sierra non estudaba, porque a lei dicía exactamente o mesmo e non obstante a conta xeral viña acompañada do informe de intervención, sen que se saiba porque este ano non é así, e as razóns poden ser as mesmas que levaron a que o interventor que o ano pasado informou a conta, non estea hoxe aquí.

Para o sr. Cela, da conta extráense dúas conclusións evidentes: a primeira é que o aforro do que fala o goberno se produce mercede aos recortes padecidos polos traballadores públicos deste concello, e ó baixísimo nivel de execución do capítulo de investimentos, e a segunda é que a referida conta non reflicte fielmente a situación contable, financeira e patrimonial do Concello. Todo o que ten que ver coa partida 413, de facturas non orzamentadas, co tema de EMUVISSA e cos cambios de criterio de contabilización de determinadas cuestións, provoca unha deturpación da imaxe real da situación financeira e patrimonial deste concello, que polo tanto non se corresponde con esa situación idílica da que a Sra. Sierra falaba hai un minuto. En todo caso, pensa o Sr. Cela que a economía ten que estar ao servizo das persoas, non ao servizo dos números, e invita ao goberno municipal a replantexarse as súas políticas sociais e de investimento.

Don Francisco Reyes critica que a Sra. Sierra diga que ten un grande respecto aos técnicos para acto seguido defenderse no debate dos números con recortes de prensa. O concelleiro respecta moito á prensa, pero dálle máis interese, neste caso, aos informes da intervención, ou por exemplo ó que di o Tribunal de Contas, que dou a razón ó grupo

socialista sobre como tiña feito a execución orzamentaria, e non ó grupo popular, que presentara denuncia ao respecto.

A concelleira non pode dicir que hai un remanente de tesourería de 1.890.000 euros, cando ademais o mesmo 31 de decembro do mesmo ano, da liquidación do peche do exercicio resulta que hai 1.633.000 euros de facturas sen pagar, porque isto non é non boa xestión nin aforro. Asemade, a execución de investimentos na situación na que estamos no Concello non superou a 31 de decembro de 2012 o 19,4%, pero por outra banda incrementouse a débeda, pasando, sen ter en conta a participación dos intereses do Estado, do 64,6% no 2011, ao 67,73%, é dicir estamos aínda máis endebedados.

Prosegue explicando o concelleiro que na documentación que forma parte do expediente aparece a mención ás obrigas pendentes de pago do orzamento corrente, por importe de 12.733.000 euros, mentres que aparecen fondos líquidos, é dicir, caixa, por importe de 15.875.000, cifras sobre as que o goberno debe dar explicacións. No que atinxe ó pasado, non é verdade que atoparan vinte millóns impagados, senon trece, dos que o 80% das facturas pertencían ao período do goberno do Partido Popular. E ademais había en caixa dez millóns de euros, polo tanto para pagar os trece non facía falta pedir un crédito de 12.700.000 euros, senon en todo caso de tres millóns como moito.

O que non se pode facer é dicir á cidadanía que o goberno está a xestionar ben cando non están a investir, cando a 31 de decembro hai diñeiro en caixa e cando teñen case trece millóns de euros de obrigas pendentes de pago do orzamento corrente, cando máis do 80% do remanente de crédito do que falan pertence a facturas que tiñan que ter pagado, e cando estamos nun incremento de débeda, pagando polos 12.700.000 euros de préstamo os xuros máis elevados de todos os créditos que neste momento está a pagar o noso concello.

Por todo o anterior, e existindo un claro intento a través dunha maquillaxe contable da conta xeral para soste que a xestión é boa cando esa non é a realidade, o grupo socialista votará en contra da súa aprobación

O Sr. Alcalde explica ao Sr. Reyes que o dos 1,8 millóns de euros era do punto anterior, e aconsella ó concelleiro que non siga a falar de facturas que non se pagaron, que atenda ao punto no que estamos e que o prepare, aínda comprendendo que debe esta moi ocupado en Vigo. Engade que o informe do Tribunal de Contas non di que non hai irregularidades na época de Bugallo, pois di que as hai, pero conclúe que en último termo non hai dano para as arcas públicas.

Ao Sr. Alcalde gustaríalle tamén que os expedientes de obras do goberno anterior tiveran informes de intervención, porque entón non poñerían “feitas por orde do

concelleiro”, sen intervención, sen asesoramento xurídico, sen pasar por Xunta de Goberno e sen nada de nada.

Con respecto á intervención do Sr. Cela, indica que se está aquí este interventor é porque se presentou á praza e porque a obtivo legalmente, e se non está o interventor anterior é porque preferiu volver a súa praza en Vigo, polo tanto non se deben facer reflexións que carecen de todo fundamento.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Facenda e Administración Pública do día 11 de setembro de 2013, os informes da Viceinterventora de Fondos Municipais, da Directora da área de Facenda, Orzamentos e Informática, e da Secretaría Xeral do Pleno, e o dictame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do pasado día 23 de setembro, o Pleno da Corporación por trece votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal popular, e doce en contra dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE (9 votos) e BNG (3 votos), acorda:

a) Rexeitar as alegacións presentadas no período de información pública da conta xeral do exercicio 2012 polo grupo municipal socialista-PSOE e por D. Francisco Reyes Santiás, coa expresa motivación que se contén nos informes transcritos con anterioridade.

b) Aprobar a conta xeral do exercicio 2012, aos efectos que establece o artigo 212 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A MELLORAR A SEGURIDADE NO TRAZADO FERROVIARIO.

A proposición presentada con data do 18 de setembro de 2013, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de adoptar maiores medidas de seguridade no trazado ferroviario logo accidente acontecido en Angrois.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de xullo de 2013, un tren Talgo Dual Alvia S730, un tren híbrido con tracción diésel e eléctrica partía ás 15:00h. da madrileña estación de Chamartín con destino Ferrol a onde tiña previsto chegar ás 22:30h. Ás 20:41h, descarrilaba a tan só 4 km. da

estación de Santiago, á altura da coñecida como curva de A Grandeira, no lugar de Angrois, na parroquia de Sar.

Trátase do peor accidente ferroviario da historia de Galiza e o maior das catro últimas décadas no Estado español, que se cobrou a vida de 79 persoas e máis de 140 feridos/as de diferente consideración, algúns dos cales, a día de hoxe seguen hospitalizados ou sofren graves secuelas.

A liña Ourense-Santiago está operativa desde o 11 de decembro de 2011. Conta co sistema ERTMS (European Rail Traffic Management System) en 80 dos seus quilómetros, pero a diferenza do tramo Madrid-Valladolid, aquí non está operativo. Todo indica, e así o ratificou o propio presidente do ADIF, que se se tivese empregado en todo o trazado Ourense-Santiago o sistema ERTMS en vez do ASFA dixital esta traxedia se poderíase ter evitado.

Todo apunta a unha fatal imprudencia do condutor como principal causa do accidente, pero tamén todo apunta a que o mesmo non foi uncausal. A xustiza é quen terá que investigar o acontecido e clarificar as responsabilidades. As administración públicas e nomeadamente o Concello de Santiago deben centrarse en que algo así non volva a acontecer e corrixir todo o que haxa que corrixir.

Nese sentido, hai un dato obxectivo. A pesar da dificultade do trazado:

- a) Non existía (nin existe) un sistema de seguridade que garantise o freado automático.
- b) Non existía unha sinalización axeitada.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago insta ao Ministerio de Fomento, ao ADIF e a RENFE á revisión inmediata das condicións das entradas ferroviarias a Santiago de Compostela e á implantación do sistema ERTMS en todo o trazado desta liña.”

Don Rubén Cela anticipa que hai unha proposta de emenda presentada polo partido popular que é aceptada polo BNG.

Expón que como desgraciadamente é de todos coñecido, o pasado día 24 de xullo un tren híbrido con tracción diésel e eléctrica partía ás 15:00h. da madrileña estación de Chamartín con destino Ferrol. Ás 20:41h, descarrilaba a tan só 4 km. da estación de

Santiago, á altura da coñecida como curva de A Grandeira, no lugar de Angrois, na parroquia de Sar.

Trátase do peor accidente ferroviario da historia de Galiza e o maior das catro últimas décadas no Estado español, que se cobrou a vida de 79 persoas e que deixou máis de 140 feridos/as de diferente consideración, algúns dos cales a día de hoxe seguen hospitalizados ou sofren graves secuelas.

Por ese motivo dende o grupo municipal do BNG considerouse que non podía pasar este primeiro pleno ordinario despois de semellante traxedia, sen que no Pleno do Concello no que se produciu o fatal accidente non se abordara o que aconteceu, e sobre todo o que se pode facer dende aquí hoxe para contribuír a que algo así non volva acontecer nunca, pois é o mínimo que esta Corporación debe ás vítimas e aos seus seres queridos.

O Concello de Santiago, no seu día, como non podía ser doutro xeito, fixo o que tiña que facer, de pór a todos os seus efectivos a disposición do dispositivo de rescate, acompañar ás vítimas e ás súas familias, e recoñecer o traballo realizado tanto polos profesionais de todos os ámbitos implicados, como por suposto dos propios veciños e veciñas de Angrois.

Neste momento opina o concelleiro que cómpre facer dúas cousas, en primeiro lugar investigar para coñecer a verdade de depurar responsabilidades, e en segundo, corrixir todo o que haxa que corrixir para que algo así non volva acontecer.

Hai que investigar porque hai que saber realmente o que aconteceu, con celeridade e con rigor. Todos os esforzos que se fagan nese sentido sempre serán poucos, polo que resulta moi difícil de entender as razóns de que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista se negaran a crear sendas comisións de investigación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados, tal e como demandaba o BNG e unha parte importante da cidadanía, xa que ese tipo de comisión podería abordar aspectos complementarios á investigación xudicial e á puramente técnica. Será pois, finalmente, unha comisión de investigación supostamente independente, pero formalmente dependente dunha das partes implicadas, do Ministerio de Fomento, e a xustiza ordinaria, quenes terán que investigar o acontecido e clarificar as responsabilidades.

Do que se vai coñecendo da investigación xudicial, sabíase ate o de agora que a causa esencial do descarrilamento foi o exceso de velocidade, pero apúntase tamén a unha imprudencia puníbel de quenes deixaron toda a responsabilidade da seguridade nunha persoa. O propio xuíz que instrúe a causa emitiu un auto no seu día onde ordenaba a persoación en calidade de imputado á persoa ou persoas de ADIF responsables da seguridade na circulación Ourense-Santiago, apuntando a un posible delito de imprudencia pola omisión de cautelas elementais no sistema de seguridade viaria. Nese

sentido non é de estrañar que antonte mesmo o xuíz Alaez citase a declarar como imputados a un total de vinte e dous cargos de ADIF, entre eles os tres últimos presidentes do ente. Aos imputados se lles atribúe unha grave falta de dilixencia por autorizar e manter na zona do accidente un sistema de seguridade ASFA en lugar do ERTMS, coa, e lee o concelleiro textualmente: “evidente perda de seguridade que conlevaba dita decisión”, lembrándolles que o proxecto construtivo inicial para as obras de seguridade e comunicación no tramo Santiago-Ourense incluían o sistema ERTMS na zona do sinistro, pero ese proxecto acabaría modificándose posteriormente eliminando ese sistema de seguridade.

Para o xuíz e para calquera persoa con sentido común, ese cambio conleva unha evidente perda de seguridade, dado que o sistema ASFA, a pesar de estar homologado, non dá resposta ante un previsible fallo ou erro do maquinista, e por iso dende o ámbito xudicial critican que se realizase ese cambio sen esixir reforzar a seguridade na zona, como sinalización adicional ou a instalación de balizas asociadas ao sistema ASFA.

Seguidamente o concelleiro lee textualmente un parágrafo dese auto coñecido antonte, que di:

“Os responsabeis de seguridade na circulación de ADIF autorizaron o paso dun proxecto cun sistema de seguridade que parte da alta probabilidade do erro humano e dispón da resposta ante o mesmo, a un sistema baleiro de previsión e da resposta ante un fallo humano, sen esixir ou adoptar ningunha medida de seguridade adicional, debendo e podendo facelo, segundo a normativa en vigor e a tecnoloxía existente”.

Di o xuíz, pero sobre todo o sentido común, que é unha tremendísima imprudencia que tantas vidas dependan da pericia dunha persoa, cando existen mecanismos técnicos ao noso alcance para evitar traxedias en casos de erros ou imprudencias do maquinista. Isto leva ao punto fundamental que o seu grupo quere tratar hoxe neste pleno, que procura corrixir todo o que haxa que corrixir para que algo así non volva acontecer.

É certo que o tramo Ourense-Santiago inaugurábase en decembro de 2011 como alta velocidade, incluso na propaganda, pero nunca o foi, pois se trata dun trazado con alternancia de traxectos AVE e de tramos de vía convencional. Así, entre Madrid e Olmedo o Alvia viaxa pola liña AVE, entre Olmedo e Ourense circula por unha liña convencional mentres non se remata a alta velocidade, e entre Ourense e Santiago outra vez por liña AVE ata a súa entrada en Santiago de Compostela, onde circula pola vía antiga. Ademais, ten unha velocidade máxima de 220 quilómetros/hora, e un sistema de seguridade convencional moito menos esixente do que rexe na alta velocidade.

Todo indica, e así o ratificou o propio Presidente de ADIF, que se se tivese empregado en todo o trazado Ourense-Santiago o sistema ERTMS en vez do ASFA dixital, esta

traxedia poderíase ter evitado. Nese sentido, o que xa se coñece con certeza é que a pesares da dificultade do trazado non existía nin existe un sistema de seguridade que garanta o freado automático, e en segundo lugar, que non existía unha sinalización axeitada.

Iso era así o pasado 24 de xullo, pero hoxe, máis de dous meses despois, con algunha baliza máis, é certo, seguimos basicamente na mesma situación. Todos os días pasan trens como aquel ALVIA por esa curva coas mesmas medidas de seguridade e novamente quedan tantas vidas humanas nas máns da pericia do maquinista.

Por ese motivo, opina o concelleiro que o Concello de Santiago debe ser especialmente esixente co Ministerio de Fomento, Adif e Renfe, na revisión inmediata das condicións das entradas ferroviarias a Santiago de Compostela, e na implantación de novos sistemas de seguridade en todo o trazado desa liña, pois nin Santiago nin Galiza poden pasar por menos.

Para o BNG é indiferente agora se é alta velocidade ou velocidade alta, se formalmente se precisa o ERTMS ou formalmente non se precisa, pois despois do acontecido débese establecer un sistema de seguridade axeitado, e resulta evidente, á vista das circunstancias, que sería imperdoable que voltase a acontecer unha traxedia de características similares por non ter habilitado en todo o trazado o ERTMS ou outro sistema de seguridade a pesar do acontecido o pasado día 24 de xullo.

O maquinista recoñeceu e asumiu o seu erro dende o primeiro momento, pero ninguén asume a decisión de non implantar o sistema ERTMS. Evidentemente alguén tomou esa decisión de non instalalo e alguén tomou a decisión de seguir circulando a pesar de non estar instalado, e nestes casos poden existir responsabilidades técnicas, pero tamén políticas, porque os técnicos limítanse a aplicar os seus coñecementos, pero non toman decisións orzamentarias nin estratéxicas nas empresas públicas nin nas administracións.

Prosegue a intervención o concelleiro indicando que o que pide a proposición é a revisión e modificación do sistema de seguridade, a implantación dun sistema de tráfico ferroviario que impida que un tren supere a velocidade máxima establecida e que diminúa a velocidade e a adapte á estipulada para cada tramo, e que salte automaticamente o freado se fose preciso. Isto está implantado en todas as liñas de alta velocidade do Estado español, a excepción da máis antiga, que é Madrid-Sevilla, e dende logo Galiza non merece menos que calquera outra parte do Estado.

Polo tanto, non se pode nin se debe pasar páxina. Todos os datos coñecidos ate o momento apuntan a unha fatal imprudencia do condutor como principal causa do accidente, pero tamén apuntan a que esa traxedia non foi uncausal, e tanta dor, dende logo, non pode ser en balde, hai que saber realmente o que aconteceu, e cales foron as

súas causas últimas, pero sobre de todo sería imperdoable que despois do acontecido esta Corporación non fixera todo o que estivera nas súas máns para que algo así non volva a acontecer. O que está hoxe nas máns deste concello é presionar, en nome de todos os veciños e veciñas de Santiago, para que se cambien os sistemas de seguridade en todo o trazado, e que se faga do xeito máis rápido posible, e para iso é para o que o concelleiro pide o voto favorable da Corporación á proposición.

Don Bernardino Rama, pola súa banda, di que o partido socialista, ao igual que todos os veciños e veciñas de Compostela, lamenta o accidente ferroviario que quedará para historia de Compostela e de España. O día 24 de xullo, día de fatalidade, o día de festa en Compostela, a nosa cidade se puxo de tristeza polo falecemento das vítimas do tráxico accidente ferroviario en Compostela, na zona de Angrois.

O accidente ferroviario ven sendo investigado pola xustiza e estes días hai declaracións ante o xuíz Aláez, que poden esclarecer dunha vez por todas como foi o accidente. Deixemos traballar á xustiza, e confiemos nela.

En canto ás medidas de seguridade, o Partido Socialista opina que debe poñerse calquera medida para que non se volva a producir ningún accidente dun tren, tanto na nosa Comunidade como no resto de España, do tipo ERTMS ou doutro que garanta que non se repitan tan graves feitos.

Este Concello, os veciños e veciñas de Angrois e os veciños e veciñas de Compostela, deron o día 24 de xullo e os días posteriores un amplo exemplo de como se pode levar esta traxedia que ocorreu o día 24 de xullo na nosa cidade. Por iso, o Partido Socialista o que pretende é que esta proposición do grupo municipal do BNG, coa emenda transaccional que presenta o grupo municipal popular, poida ser presentada nunha declaración institucional para que se poñan todas as medidas de seguridade na liña férrea, e que nunca máis volvamos a ter un accidente destas características nin na nosa cidade nin en España.

Dona María Pardo Valdés expón que este é o primeiro pleno ordinario que se celebra despois da traxedia do día 24 de xullo, e como dicían tanto o señor Cela como o señor Rama, esta accidente sacudiu á nosa cidade e entristeceu os nosos corazóns. É por iso que quere que as súas primeiras palabras sexan de recordo e memoria ás vítimas e feridos deste fatídico accidente ferroviario.

Tamén quere agradecer e destacar a extraordinaria labor de todos os profesionais que aqueles días deron o mellor de si mesmos en tan terribles circunstancias, e resaltar a resposta, máis alá do seu deber, da policía local, dos bombeiros de Santiago, de protección civil, do persoal sanitario, e de todos os empregados públicos do Concello de Santiago e representantes da sociedade civil que se volcaron e ofreceron o que estaba na

súa mán. Sabe que fala en nome de toda a Corporación ao dar grazas a todos eles, agradecemento que fai extensivo a todo o dispositivo de emerxencias que participou solidariamente nas tarefas de rescate, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, policía nacional, garda civil, outros membros de protección civil, persoal sanitario, bombeiros doutras cidades, e como non, aos veciños de Angrois, con quen todos mantemos unha débeda imperecedera de gratitude, pois nos fixeron sentirnos orgullosos de ser os seus veciños, de ser de Santiago.

Dito isto, e ao respecto da proposición que hoxe trae ao pleno o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, cree a concelleira que debemos ser cautos coas consideracións que facemos sobre un tema complexo e que está baixo investigación xudicial.

Dende as primeiras horas do accidente, o obxectivo común e inequívoco de todas as administracións públicas implicadas foi a atención ás vítimas e aos seus familiares, dando un exemplo sobresaínte de xestión e coordinación da crise. Pasados os días, quedan dúas preguntas que necesitan resposta sobre o accidente na curva da Grandeira, e son que pasou realmente e se se podería ter evitado ou alomenos minimizado os danos. Sobre a primeira cuestión, e polo sabido ata agora, un exceso de velocidade provocado por un descoido do maquinista parece ser que provocou que o tren descarrilara.

En relación á segunda pregunta, sen dúbida a resposta é moito máis complicada, e dende que sucedeu ese accidente todos podemos coñecer un pouco máis en detalle os sistemas de xestión do tráfico ferroviario, e os seus diferentes niveis de actuación, así como a súa utilización en función do tipo de tren e das vías.

Todos os concelleiros compartirán que é necesario realizar unha análise seria e sosegada das circunstancias deste accidente, e das consecuencias que se produciron, evitando as especulacións, e se é verdade que o propio maquinista dende un inicio recoñeceu que a velocidade da súa entrada na vía fora excesiva, dato corroborado polas imaxes da cámara de seguridade e pola información da caixa negra, non é menos certo que a responsabilidade penal desta persoa a dirimirá un xuíz, pero os responsables públicos deben avanzar máis alá desta realidade, o que obriga a que neste momento haxa que preguntar se é posible implantar algún sistema que supla os fallos humanos nestas situacións.

Así, por exemplo, o dispositivo coñecido como “home morto” detén o tren cando o condutor do mesmo sofre un desmaio ou unha indisposición que lle impide realizar correctamente as súas funcións, polo tanto, para estes supostos hai sistemas que suplen unha posible indisposición do maquinista. Hai outro sistema, coñecido como ERTMS, o

que se utiliza en vías como as do AVE e que está deseñado para outras situacións distintas ás que corrixe o sistema de “home morto”.

Segundo o ADIF, o administrador de infraestruturas ferroviarias, o tramo de vía no que se produciu o accidente non é un tramo de alta velocidade, polo que non procedía a instalación deste sistema, e por este motivo, e segundo este mesmo administrador, ADIF, o sistema ASFA, anuncio de sinais e freado automático, era suficiente para este tramo que está cerca de zona urbana.

A propia Unión Europea a través do seu vicepresidente e responsable de transportes, recoñeceu que non había obriga de implantar este sistema neste tramo, xa que ese segmento da vía está cualificado como rede convencional ou de transición de vía de alta velocidade a un trazado normal. Entende a concelleira por isto que a implantación dun sistema ou outro depende do tipo de vía polo que se circule e do tipo de tráfico que por ela se desenvolva.

Se nos cinximos a isto, a circulación polas vías debe producirse de acordo coas características, parámetros e condicións das mesmas, e é obriga que a conducción se realice de acordo con todo isto, aí radica a responsabilidade do maquinista en non saírse das instrucións de circulación. Pero é evidente que ninguén está libre de que no exercicio das súas funcións profesionais se sufra un imprevisto ou un despiste, e dito isto, se os sistemas de seguridade se deciden en función das condicións do trazado e tipo de vía, non debemos descartar que froito de sucesos como o de Angrois se deban revisar os parámetros que definen os sistemas de seguridade en materia de circulación que se establecen en cada tipo de vía.

A propia ministra de fomento, Ana Pastor, anunciou despois do accidente que se estaban a revisar estes sistemas en toda a rede nacional de ferrocarrís, e sen dúbida este é o primeiro paso para valorar a situación actual e as melloras que se deban en cada caso realizar. Mostra diso é que xa se levaron a cabo accións preventivas neste trazado, como a revisión do sistema de balizas e a sinalización.

A concelleira estima que en Santiago deben facerse as melloras que froito da investigación se determinen, e dende o Concello debe traballarse o posible para poder asegurar aos cidadáns que se poñen todos os medios ao noso alcance co obxectivo de minimizar o erro do factor humano, coñecendo que eliminar o fallo humano ao cen por cen non parece tarefa fácil, e que só podemos aspirar razoablemente a diminuír este risco.

O grupo popular -engade a Sra. Pardo- está de acordo coa oportunidade e o fondo da proposta formulada polo Bloque Nacionalista Galego, e propón unha emenda transaccional que contén o seguinte texto:

“Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao Ministerio de Fomento, Adif e Renfe á revisión das condicións das entradas ferroviarias a Santiago de Compostela, e á implantación do sistema de seguridade máis axeitado ao trazado existente de entrada á cidade, en función das conclusións que se deriven da investigación do accidente que se está a realizar.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar a seguinte proposición do grupo municipal do BNG para mellorar a seguridade no trazado ferroviario, co texto froito da emenda transaccional formulada polo grupo municipal popular:

“Instar ao Ministerio de Fomento, Adif e Renfe á revisión das condicións das entradas ferroviarias a Santiago de Compostela, e á implantación do sistema de seguridade máis axeitado ao trazado existente de entrada á cidade, en función das conclusións que se deriven da investigación do accidente que se está a realizar.”

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NA PREVENCIÓN E LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

A proposición presentada con data do 18 de setembro de 2013, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da súa concelleira Elvira Cienfuegos e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de darlle cumprimento á normativa vixente en materia de prevención e loita contra incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela conta con 11.470 hectáreas de superficie forestal, das que 10.452 son arborizadas, o que representa o 52% da superficie total do seu territorio, segundo os datos do último Anuario de Estatística Agraria (2011).

A xestión forestal debe garantir a multifuncionalidade do monte, para combinar a función ambiental ao tempo que procura a rendibilidade económica e social. Para iso, débense atender principios de carácter estrutural como a reordenación dos usos e actividades no rural que contribúan a impulsar a posta en valor do territorio e do monte para facelo máis produtivo, con diversidade de aproveitamentos, o que redundaría na redución de incendios forestais.

Para un óptimo aproveitamento, faise necesaria a realización de labores silvícolas como rozas, rareos, podas ou tratamentos fitosanitarios nas masas forestais existentes, co fin de reducir o risco de incendios ao eliminar combustíbel vexetal e maleza, de mellorar a produción de madeiras de calidade e de consolidar aproveitamentos forestais complementarios que, ademais, favorecen a creación de emprego e riqueza no medio rural a través desta actividade. Para iso, é tamén necesario fomentar a explotación colectiva do monte, tendo en conta que a fragmentación das propiedades dificulta o seu rendemento e que a superficie media das mesmas en Santiago de Compostela non supera o 2.500 metros cadrados por parcela.

Cómpre adoptar medidas, ademais, para a rexeneración das zonas queimadas, e, en primeiro lugar, para evitar as negativas consecuencias dos arrastres das partículas de solo coa chegada das primeiras chuvias.

Na prevención e loita contra os incendios forestais é necesario o aproveitamento e a coordinación de recursos que fornecen as distintas administracións, xa sexan en forma de convenios ou protocolos de colaboración, tanto para o aproveitamento multifuncional do monte como para a prevención e extinción de incendios forestais, do mesmo xeito que é imprescindible darlle cumprimento á normativa vixente en materia de prevención e extinción de incendios forestais, particularmente no Concello de Santiago, declarado como Zona de Alto Risco no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago demandará da Xunta de Galiza unha política agroforestal que pule pola reactivación socioeconómica do rural e fomenta a multifuncionalidade do monte, promovendo a diversificación de especies forestais e de aproveitamentos do monte así como a súa explotación colectivizada.

2.- O Concello de Santiago asegurase da execución das medidas preventivas e, en particular, do cumprimento rigoroso no relativo á limpeza da biomasa forestal nos termos recollidos na Lei 3/2007.

3.- O Concello de Santiago promoverá actuacións para paliar os danos dos incendios e, nomeadamente, para a protección do solo queimado, co fin de frear a erosión e evitar o arrastre aos sistemas fluviais e marítimos.”

Dona Elvira Cienfuegos expón que os incendios forestais constitúen ún dos principais problemas ambientais de Galiza, con negativas consecuencias no social, no económico e

sobre de todo no ecolóxico. Os incendios poñen en risco a vida das persoas e os seus bens, destrúen ou deterioran a madeira das árbores, e representan un elevado gasto de extinción, ademais deterioran a paisaxe, alteran a flora, a fauna e o solo, e deixan este como un recurso dificilmente renovable, desprotexido fronte á erosión, o que dá lugar á súa perda e ao arrastre das súas partículas aos sistema fluvio-marítimo, coa conseguinte incidencia negativa sobre a vida neles.

As causas inmediatas dos incendios poden variar, pero unha destaca sobre calquera delas: a maior parte dos lumes son intencionados, xa que logo, unha parte das accións de prevención ten que ir dirixida a evitar que se prenda lume ao monte, pero ésta non pode ser a única das accións, porque hai outras causas remotas ou estruturais que inciden en que o monte arda e os incendios forestais se propaguen con facilidade. A meteoroloxía ou a topografía son algunhas desas causas sobre as que non pode actuar, sen embargo si se pode e se debe facer sobre outras causas de carácter social, económico e político, como o abandono do rural, é dicir, o seu despoboamento e avellentamento, unido á promoción da forestación de terras agrarias sen unha adecuada planificación, o desenvolvemento urbanístico caótico, o sistema de cultivo ou monocultivo forestal con especies altamente combustibles, e sobre todas, a falta de políticas que poñan en valor os recursos forestais.

Unha xestión forestal de calidade ten que estar orientada a garantir a multifuncionalidade do monte, é dicir, a promover a súa función social, económica e ecolóxica, o que leva consigo a diversidade de especies e de aproveitamentos económicos. Nun momento produtivo realízanse labores silvícolas como rozas, rareos, podas ou tratamentos fitosanitarios, e del poden obterse madeiras de calidade, ademais de aproveitamentos complementarios, froitos, setas, leña, mato, todo o cal favorece a creación de emprego e de riqueza no rural.

Prosegue explicando a concelleira que Santiago de Compostela conta con máis de once mil hectáreas de superficie forestal, o que representa o 52% da súa superficie total, segundo os datos do último Anuario de Estatística Agraria. Sen embargo, o que máis vemos é monte desordenado, ou monte baixo, non economicamente produtivo, como sucede en boa parte de Galiza, porque desapareceron os aserradoiros que proliferaban nas aldeas galegas, porque Galiza importa madeiras de calidade, e ten os seus montes improdutivos, ou cultivados con piñeiro e eucalipto, sen dúbida resultado de decisións políticas que unha tras outra provocaron o abandono do campo.

Por iso, o BNG pide o acordo do Pleno para demandar da Xunta de Galiza unha política agroforestal que púle pola reactivación socioeconómica do rural e fomenta a multifuncionalidade do monte, promovendo a diversificación de especies forestais e de aproveitamentos do monte, así como a súa explotación colectivizada, explotación colectiva do monte porque a fragmentación das propiedades dificultan o seu

rendemento. A superficie media das parcelas forestais en Santiago de Compostela non supera os 2.500 metros cadrados, se ben hai notables diferenzas entre parroquias, por exemplo a de Figueiras, onde están as parcelas do Monte Pedroso, é das que as ten pequenas.

Pero ao reverso, o Partido Popular -o goberno da Xunta-, eliminou as unidades de xestión forestal, un instrumento de mellora do aproveitamento forestal en superficies colectivas de extensión mínima de quince hectáreas, ao igual que se paralizaron os proxectos de construción de pequenas centrais de biomasa, que permitirían un aproveitamento do mato das podas, ou dos restos forestais.

Dende o BNG demándase tamén unha nova política agroforestal, máis en tanto non se implemente cómpre cando menos aplicar as medidas preventivas recollidas na Lei 3/2007, modificada no 2012, nomeadamente as medidas destinadas á protección dos núcleos rurais fronte ao lume e o adecuado mantemento da rede viaria forestal, así como respectar as distancias a núcleos habitados de novas plantacións forestais.

Os concellos están obrigados a contar con plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, a revisar anualmente, que deben ser aprobados pola Xunta, en especial en concellos como o de Santiago, que está incluído nas zonas de alto risco. No 2009 no Concello de Santiago aprobouse un plan para a loita contra os incendios forestais, no que, como era preceptivo, identificáronse os medios dispoñíbeis, establecéronse os lugares potencialmente perigosos, os puntos de captación de auga, ou as zonas de actuación preventiva, nomeadamente as faixas laterais das redes viarias forestais. Mesmo se estableceu un cronograma dos traballos a realizar, algúns durante todo o ano, como o control da xestión de biomasa e outro nos meses previos ao verán como a limpeza das marxes viarias.

A lei establece a obrigatoriedade dos concellos de ordenar a execución das actuacións necesarias para manter a biomasa nas condicións precisas para evitar que os incendios cheguen ás casas, ou proceder á súa execución subsidiaria, ademais de a xestionar as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, medidas de prevención a executar en coordinación e colaboración coa administración autonómica a través de protocolos, convenios, ou a fórmula que se determine.

Sen dúbida estes labores preventivos supoñen menor custo económico e social que os traballos de extinción. Non obstante, este Concello, pese a anunciar no mes de maio diferentes actuacións, e que o 30 de xuño é a data límite para a xestión da biomasa, foi o dezaseis de setembro, despois de ter habido varios pequenos incendios de varias decenas de hectáreas, cando se adxudicaron os traballos de limpeza das vías forestais, despois dun verán especialmente seco.

Por outra parte, é grande a preocupación entre a veciñanza pola proximidade de biomasa vexetal ás súas vivendas, biomasa ás veces altamente combustible e en zonas de alto risco, como o caso da vivenda de Bar de Abaixo nas abas do monte Pedroso, que segundo o interesado fixo saber reiteradamente ao concello.

Non se pode esquecer a dificultade de atender a protección dos núcleos dado o seu elevado número no noso concello, pero a concelleira está segura de que as accións efectuadas son claramente mellorables en cantidade, en tempo e en forma, polo tanto pide ao Pleno o acordo de compromiso de execución rigurosa das medidas recollidas na Lei 3/2007, particularmente no relativo á xestión da biomasa forestal.

Por outra parte, e habida conta de que despois dun incendio queda no monte madeira queimada que hai que retirar, que as partículas do solo quedan libres e expostas ao vento e chuvia, e polo tanto iníciase o seu transporte cara ós sistemas fluviais, entende o BNG que é moi necesario, especialmente nas zonas de forte pendente, que se proceda da maneira que se vexa máis conveniente á protección do solo, co que se perdería menos fertilidade e se evitarían os danos ós sistemas fluviais e marítimos. Deste xeito, a terceira proposta de resolución pretende que o Concello promova actuacións para paliar os danos dos incendios e nomeadamente, para a protección do solo queimado.

Di a Sra. Cienfuegos que en resumo a proposición do BNG, cunha tripla proposta de resolución, vai na liña da prevención dos incendios a longo, medio e curto prazo, e a reparar no posible os danos por eles causados no ámbito do Concello, e entendendo que os grupos da corporación comparten o interese global da proposta, pide a concelleira o apoio a esta proposición.

Dona María Gómez Bugallo intervén a seguir, e expón que a limpeza dos montes e fincas de Galicia constitúe a principal materia pendente nas políticas de revalorización do agro e da prevención de incendios. A atomización ou a pouca incisión nas decisións tomadas polo goberno autonómico, ata o momento, ten permitido a existencia das condicións idóneas para a xeración e rápida propagación de incendios forestais. Alén da improvisación na disposición de medidas de seguridade activa en prevención, ningunha medida pasiva se ten tomado que afecte significativa e positivamente ao medio rural galego. Un cóctel de ineficacia, causa entre outras, a vaga de incendios que tamén afectou ao noso concello.

Sen embargo, en materia de políticas públicas existe aínda unha ampla marxe para converter a ineficacia en eficiencia. O monte galego ten no futuro inmediato, ao abeiro das enerxías renovables, a oportunidade de transformar o problema dos residuos ou restrollos orgánicos nunha nova fonte de valor xeradora de insumos particulares e colectivos. Dende que materiais biocombustibles, como os pellets ou lignograns e as briquetas se consideran fontes renovables de enerxía, polas súas características físicas a

efectos ambientais, os nosos montes fornecen en inxente cantidade destas materias primas obtibles tanto na limpeza de montes como nas podas e limpeza pública ou particulares, e o crecemento na demanda dos sistemas calefactores que utilizan lignograns ou briquetas obriga a crer no atractivo do sector, xerando beneficios para os actores participantes. O monte galego ten innovadores elementos de atractivo para o investimento, e novas políticas públicas de limpeza de montes e tratamento produtivo de restrollos.

O grupo socialista refírese en concreto a políticas públicas que fomenten a recollida destes residuos, e que canalicen a súa posterior produción en materiais biocombustibles prensados destinados á xeración de enerxías renovables. Os poderes públicos teñen unha decisiva labor como estimuladores da participación dos propietarios de fincas, agricultores, e comunidades de montes dentro do sector enerxético. As oportunidades para a creación de sinerxias positivas e a constitución de incentivos positivos para a valoración dos recursos naturais, a limpeza de montes, a seguridade preventiva e pasiva na loita contra os incendios, a creación de emprego dentro da economía sostible, e a redución das emisións de CO₂ á atmosfera e a redución da pegada ecolóxica, son argumentos abondos de cara a iniciar sen demora unha decidida política pública de investimento nesta dirección.

Con esta liña de traballo perséguese un triplo efecto: o primeiro é o de por en marcha políticas de limpeza dos montes e de prevención dos incendios. No curto prazo quérese reducir o risco estrutural de incendio incentivando a limpeza dos montes de restrollos e outros materiais orgánicos que especialmente en temporada de seca aumentan a alerta e incentivan a intencionalidade maliciosa. A creación de estímulos positivos de natureza económica e social para a recollida e posterior tratamento destes residuos orgánicos, poden substituír ás anteriores políticas de queima por outras de conservación e mantemento do medio natural e paisaxístico. No medio prazo, e de funcionar estes estímulos e incentivos, poderíase reducir o custo do dispositivo de seguridade activa, permitindo así o investimento en políticas orientadas á recuperación e á explotación turística de espazos naturais actualmente ameazados, degradados e/ou destruídos pola lacra incendiaria.

O segundo efecto, para o grupo socialista é que o alto valor intrínseco do monte galego pode mellorarse e orientarse cara ao benestar da poboación asentada no medio rural, a partir da súa participación estratéxica no sector enerxético. O monte galego e as fincas públicas ou privadas son fonte de materia prima esencial para a xeración de biocombustibles sólidos. Na actualidade, xa dende o nivel minifundista característico de Galicia, para un particular pode resultar rendible a participación nun proceso de explotación de residuos orgánicos forestais. Igualmente o crecemento do sector nos últimos anos, especialmente a partires da súa utilización en sistemas de calefacción con biomasa, ten convencido ao seu grupo de que este camiño permitirá ao rural de Galicia

nun futuro inmediato aumentar os beneficios xerados, accedendo a novas fontes de ingreso, a través da innovación na explotación dos seus recursos tradicionais. En definitiva, non se trata máis que de aproveitar o valor engadido xerado coa reorientación da actividade da explotación forestal tradicional cara aos novos enfoques abertos pola economía sostible, e que en Galiza aínda está pendente de aproveitar, unha vía capaz de mellorar en moito as condicións e a calidade de vida, ou sexa o benestar global das persoas do medio rural galego.

O terceiro efecto ao que se refire a concelleira é que o incentivo dunha actividade económica vinculada a prácticas de conservación natural e paisaxística ten beneficios inmediatos sobre a calidade ambiental global de Galicia. Lembra así que os lignográn son seguros, limpos e clasificados como fonte de enerxía de emisión neutral, porque o CO₂ emitido durante a súa combustión é igual ao CO₂ que absorben as plantas durante o seu crecemento, por iso o pellet de madeira se inclúe dentro da lista de combustibles e enerxías renovables. Ademais, o uso do pellet contribúe a reducir significativamente a emisión dos gases de efecto invernadoiro á atmosfera, é máis eficiente que a combustión da leña, diminúe a acidez da choiva xa que os pellets non presentan axofre ou outros materiais perigosos na súa composición, e a cinza residual é menor á da queima e totalmente biodegradable, mesmo permite o seu tratamento como abono. En último termo, o abundante toxo dos montes galegos tense mostrado como a materia prima máis eficiente na súa transformación e aproveitamento como lignográn.

Indica tamén a Sra. Gómez Bugallo que a participación do medio rural galego no sector enerxético é entendida polo seu grupo como estratéxica para o seu futuro, non só polas consecuencias directas en canto á revalorización do monte galego e da actividade forestal, senón tamén polas consecuencias positivas indirectas en canto ao impacto ambiental ou ao emprego verde vinculado a outras actividades económicas derivadas do sector turístico, fundamentalmente, ademais, claro está, da redución do gasto público e a mellora da eficacia na explotación forestal no medio prazo.

Por todo isto, o grupo socialista fai un chamamento para un traballo conxunto das tres forzas políticas con representación nesta corporación, e adianta que por suposto o seu grupo votará a favor da proposición presentada polo BNG.

Dona María Pardo, pola súa banda, di que tratando de incendios forestais, o primeiro que hai que dicir é que a primeira causa destes lumes é a man do home, cunha porcentaxe estimada de lumes provocados, incluídos aqueles que o son por malas prácticas agrícolas, entorno ao 90% do total.

Resulta evidente que as accións municipais preventivas pouco ou nada poden facer contra este tipo de lumes provocados, sendo unicamente eficaces contra aqueles que se puideran producir de forma accidental ou fortuíta. Non obstante, estas accións

preventivas resultan moi útiles ao acometer as tarefas de extinción, de modo que se non é fácil diminuír o número de lumes provocados, mediante a acción eficaz dos servizos de extinción, si se pode diminuír moi sensiblemente a superficie afectada. Esta afirmación púxose de manifesto este pasado verán, onde a reiterada acción criminal e potencialmente homicida dalgúns pirómanos veuse eficazmente contrarrestada polos bombeiros municipais e o dispositivo de emerxencias desplegado pola Xunta contra os incendios forestais.

O Concello de Santiago dedicou este ano máis de douscentos mil euros a accións encamiñadas a manter máis limpo o medio rural do noso municipio, así como a diferentes accións de desbroces en pistas ordinarias e forestais.

O goberno municipal, sen embargo, non está plenamente satisfeito coa execución destas accións que se viñan levando a cabo nestes anos pasados ata o día de hoxe, e é por ese motivo que no próximo exercicio pretende emprender plans de limpeza das fincas municipais, por primeira vez, dos camiños reais, así como o que xa se veu facendo de desbroces de pistas.

Estas medidas terán unha programación durante o ano e serán executadas mediante un servizo de mantemento como o que afecta a outras infraestruturas públicas, como os parques e xardíns.

Ademais, emprenderanse campañas de sensibilización da poboación e esixirase o cumprimento da normativa mediante as sancións que sexan de aplicación, algo que ata o de agora non se realizaba ou se facía de maneira moi deficiente, pese a ser unha demanda insistente de todas as asociacións de veciños do rural.

O compromiso do grupo popular coa zona rural de Santiago é firme, e a loita contra os incendios forestais ocupa tamén un lugar importante nese compromiso, pero se pode ir máis aló, pois ano tras ano podemos comprobar como as zonas de Galicia que menos arden se corresponden con aquelas que se especializaron na plantación de especies de crecemento rápido, obtendo así un maior produtividade do monte, e aquelas que realizaron un importante esforzo de xestión do monte de maneira coordinada entre os propietarios.

A Xunta realizou un importante esforzo para a incorporación dos máis xoves á produción agraria, así entre os anos 2009-2012 o goberno do Partido Popular de Galicia incrementou en máis dun 70% as axudas á mellora das explotacións e aos agricultores xoves.

Respecto do punto 2 da solicitude do BNG, indica a Sra. Pardo que nela se fala de que o Concello se asegurará da execución de medidas contempladas na Lei 3/2007, e con

respecto a tal solicitude indica a concelleira que o Concello de Santiago, dende o 20 de maio de 2013 realizou sesenta e nove procedementos informados en relación á limpeza de vexetación en propiedades, coas correspondentes inspeccións, partes, fotografías, información catastral e cartográfica do plan xeral de ordenación municipal e ortofotografías.

En 2013 tamén se tramitaron cincuenta e tres procedementos informados en relación á aplicación da Lei 3/2007, de incendios forestais, coas correspondentes inspeccións, partes, fotografías, información catastral e cartográfica do PXOM e ortofotografías, e neste momento, como consecuencia do cúmulo de procedementos relativos ao período vacacional están pendentes de informe unhas trinta e catro.

Prosegue dicindo a concelleira que hai que ser realistas, e non pretender manter as nosas masas forestais como se de parques se tratase, limpas de toda maleza, pois non sería unha política sostible, nin economicamente nin dende o punto de vista medioambiental. Debemos comprender que iso que chamamos “maleza”, sen dúbida despectivamente, forma un ecosistema de especies vexetais e animais que non debe ser arrasado polo lume, pero tampouco pola desbrozadora.

En todo caso, o grupo municipal popular comparte a preocupación e as propostas expostas na proposición que trae hoxe ao pleno o Bloque Nacionalista Galego, e así ten acordado con esta formación a redacción dunha solicitude á Xunta de Galicia que queda co seguinte texto:

“O Concello de Santiago solicitará á Xunta unha política agro-forestal que puxe pola reactivación socio-económica do rural e fomente a multifuncionalidade do monte, promovendo a diversificación de especies forestais e de aproveitamentos do monte, así como medidas en favor dunha explotación dos nosos montes de modo cooperativo.”

Dona Elvira Cienfuegos indica a seguir que o BNG acepta a emenda, aínda que lle resulta rara a expresión “modo cooperativo”, pero en todo caso a idea é a mesma. Afirmar estar segura de que se tramitaron todos os procedementos informativos aos que se refiriu a Sra. Pardo, pero opina que seguen a ser insuficientes, porque a pouco que ún se pasee, está vendo como o monte chegou ás casas, ou as casas subiron ao monte, calquera das dúas situacións son posibles, e cada unha ten tratamentos distintos, pero en todo caso, o resultado é que o risco cando hai incendio é o mesmo.

Logo estanse a dar situacións de xente que non se atreve a denunciar ao veciño, porque ten medo del, e ao mellor había que tratar de actuar “motu proprio” por parte do concello para evitar algunhas situacións que poden ser preocupantes, e que sen embargo non teñen unha traslación de denuncia oficial.

A concelleira valora moi positivamente que se anuncien campañas de sensibilización, porque esta é unha materia pendente non só neste concello senón tamén en toda Galicia, tamén á hora de previr os incendios no monte. É verdade que aquí hai cultura do lume, pero tamén o é que o número de conatos de incendio é demasiado elevado, polo tanto está aínda pendente de incorporar á xente na sensibilización a respecto da importancia do monte dende todos os puntos de vista, mesmo tamén do económico. Sen embargo, a pesar de que agora se está a facer unha grande difusión sobre as consecuencias das imprudencias, é ben coñecido que fai moitos anos o norte de Lugo non arde, e cómpre pensar que hai especies que transmiten bastante peor o lume, e a diversificación dos distintos cultivos contribuirá a poñer en valor o noso monte. Hai plantas de crecemento rápido, como o piñeiro de oregón e o eucalipto, pero hai que contar tamén con outras de crecemento máis lento, porque iso co tempo é o que produce unha riqueza a curto, medio e longo prazo, do que nos esquecemos rapidamente. Temos uns montes dos que finalmente non extraemos todos os recursos económicos necesarios, porque periodicamente están sometidos a incendios. En todo caso, a concelleira agradece a dispoñibilidade dos grupos municipais a votar a favor da proposta de resolución.

Remata o debate deste asunto o Sr. Alcalde, que indica que a Mariña lucense obtivo moi bos resultados en materia de xestión e transformación do monte. Con respecto á afirmación que se fixo no debate sobre a eliminación das unidades de xestión forestal cando chegou o PP á Xunta de Galicia, opón o Sr. Currás que o conselleiro do Bloque Nacionalista Galego no goberno bipartito non creou nin unha unidade de xestión. O que está a facer o goberno popular é substituír esas unidades por sociedades do tipo das limitadas, das que aínda non se coñece o resultado, pero o que é certo é que as unidades de xestión nunca funcionaron debidamente.

A seguir clarexa Dona María Pardo que a emenda transaccional é referida ao primeiro punto da proposta, non ós outros dous, que opina que se refiren a unha solicitude de información que xa se ofreceu neste pleno.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar a seguinte proposición do grupo municipal do BNG para mellorar o cumprimento da normativa na prevención e loita contra os incendios forestais, co texto froito da emenda transaccional formulada polo grupo municipal popular:

“O Concello de Santiago solicitará á Xunta unha política agro-forestal que pule pola reactivación socio-económica do rural e fomenta a multifuncionalidade do monte, promovendo a diversificación de especies forestais e de aproveitamentos do monte, así como medidas en favor dunha explotación dos nosos montes de modo cooperativo.”

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á REVISIÓN DO PLAN DE AXUSTE 2012-2022.

A proposición presentada con data do 18 de setembro de 2013, ten o seguinte contido:

“O 30 de marzo de 2012 foi aprobado o Plan de Axuste para o período 2012-2022 polo Pleno da Corporación, cos únicos votos favorables do Grupo do Goberno e os votos en contra dos grupos da oposición, socialista e nacionalista.

O referido Plan contempla medidas ao longo dos vindeiros dez anos, hipotecando os dous próximos Gobernos desta cidade. As medidas de aforro no capítulo de gastos aplicables á redución dos gastos de personal son importantes e reperécútanse en tres anualidades 2012, 2013 e 2014, nas cuantías de 350.000, 665.000 e 310.000 euros respectivamente.

Os traballadores públicos están a sufrir os efectos da crise coa redución do 5% do seu salario, a supresión na anualidade de 2012 da paga extra de Nadal, o que supón unha redución total de máis do 7%. A eliminación de días de asuntos particulares e o aumento da xornada laboral foron outras das medidas adoptadas e impostas desde o Goberno de Madrid que veñen a sumarse ás da “colleita propia” do Goberno Municipal.

O Goberno municipal popular de Compostela, agravou estas medidas coa eliminación da práctica totalidade da promoción interna, a amortización de prazas no cadro de persoal de 2012 e 2013, a modificación do Convenio Colectivo e do Acordo regulador, entre outras, ignorando sistemáticamente o principio de negociación colectiva que debe rexir as relacións entre o Goberno e os traballadores.

Este Goberno aumentou as prazas de Habilitados Nacionais, as Direccións de área que tanto criticaron cando estaban na oposición, trouxeron funcionarios doutras Administracións para cubrir Xefaturas de Servicio, mentres traballadores deste Concello están “apartados” das súas funcións e sen traballo. Para isto sí tiveron cartos, e dende entón a política de persoal pasa por mermar os dereitos dos traballadores do Concello e modificar as súas condicións de traballo.

O pasado 11 de decembro a totalidade das seccións sindicais con representación no Concello de Santiago presentaron unha proposta de revisión do Plan de Axuste na que dado que a proposta aprobada se repercutía nas anualidades de 2012, 2013 e 2014, aceptaban o recorte no capítulo de gastos de persoal pero solicitaban repercutilos ao longo do prazo de vixencia do Plan de Axuste, é dicir, durante o período 2012-2022.

No mes de decembro os servizos económicos do Concello confirmaron a viabilidade desta proposta e desde entón ninguén se puxo en contacto con eles nin lles confirmou a aceptación da mesma

Cos Orzamentos de 2013 se incrementa o cadro de persoal cunha nova Dirección de Área de Contratación e Personal e dúas Xefaturas de Servizo en Promoción Económica e Tráfico e Seguridade.

Sigue habendo cartos para contratar Directores de Área e Xefes de Servizo, pero non os hai para pagar as axudas sociais, ou as indemnizacións por xubilacións anticipadas, incapacidades permanentes ou falecemento dos traballadores municipais.

O diálogo entre o Goberno e a representación sindical non existe e a situación lexos de mellorar, aumenta o seu deterioro progresivamente, polo que o grupo municipal socialista presenta a seguinte.

PROPOSTA

1.- Instar ao Goberno Municipal a reconducir as negociacións cos representantes dos traballadores.

2.- Instar ao Goberno Municipal a aceptar as medidas propostas por unanimidade de todos os representantes dos traballadores do Concello de Santiago, de xeito unánime o día 11 de decembro.”

Dona Marta Álvarez-Santullano explica que o grupo municipal socialista presentou para o seu debate neste pleno ordinario do mes de setembro unha proposición relativa á revisión do Plan de axuste 2012-2022, en relación sobre de todo ao recorte dos dereitos dos traballadores deste Concello. O 30 de marzo de 2012 foi aprobado o Plan de axuste para o período 2012-2022 por este Pleno da Corporación, cos únicos votos favorables do Grupo do Goberno e os votos en contra dos dous grupos da oposición. O referido Plan contempla medidas a desenvolver ao longo dos vindeiros dez anos, hipotecando os dous próximos gobernos desta cidade. As medidas de aforro no capítulo de gastos aplicables á redución dos gastos de personal son moi importantes, afectando tamén as partidas de acción social dos traballadores, e se repercuten unicamente en tres anualidades, as de 2012, 2013 e 2014.

Cómpre lembrar -di a concelleira- que os traballadores públicos teñen conxelado o seu salario dende o ano 2011, que están a sufrir os efectos da crise, o que supón unha redución do 5% do seu salario, e que tamén padecen a supresión da anualidade da paga extra de Nadal de 2012, que parece que se manterá tamén no 2013, o que conleva unha minoración total de máis do 7%.

A eliminación de días de asuntos particulares e o aumento da xornada laboral foron outras das medidas adoptadas e impostas desde o Goberno de Madrid que veñen a sumarse ás da colleita propia deste concello, das que seguidamente pasa a falar a

concelleira. Así explica que este goberno municipal agravou estas medidas coa eliminación da práctica totalidade da promoción interna, a amortización de prazas no cadro de persoal no 2012 e 2013, ou a modificación unilateral do Convenio Colectivo e do Acordo regulador, entre outras, ignorando sistemáticamente o principio de negociación colectiva que debe rexer as relacións entre o Goberno e os traballadores.

Sen embargo, este Goberno seguiu a aumentar as prazas de habilitados estatais, as Direccións de área que tanto criticou cando estaba na oposición, traendo funcionarios doutras administracións incluso para cubrir xefaturas de servizo, mentres traballadores deste Concello están “apartados” das súas funcións e do seu traballo. Para isto sí houbo cartos.

Prosegue explicando a concelleira que o pasado 11 de decembro a totalidade das seccións sindicais con representación no Concello de Santiago, así como o Comité de Empresa, presentaron unha proposta de revisión do Plan de axuste, na que aceptaban a dedución das cuantías establecidas nel, pero solicitando que se repercutiran ao longo da vixencia do mesmo, e non únicamente en tres anualidades.

No mes de decembro, os servizos económicos do Concello confirmaron a viabilidade desta proposta, e quedaron en solicitar un informe do Ministerio de Economía ao respecto. Así mesmo, o 11 de abril seguinte as seccións sindicais e o Comité de empresa presentaron unha proposta á concelleira de persoal, solicitando que convocara á maior brevidade posible a mesa de negociación, cousa que non se fixo.

Cos Orzamentos deste ano 2013, o goberno volveu a incrementar o cadro de persoal cunha nova Dirección de Área e dúas Xefaturas de Servizo, e segue a haber cartos para contratar persoal *ad hoc*, pero non os hai para pagar as axudas sociais, ou as indemnizacións por xubilacións anticipadas, incapacidades permanentes ou falecemento dos traballadores municipais.

Na liquidación do orzamento de 2012 o goberno reconece un superávit no capítulo de persoal a costa do recorte dos dereitos laborais dos traballadores deste concello, superávit que é superior ás previsións do propio Plan de axuste ao sumarlle os recortes impostos dende o goberno do Estado e a paralización das ofertas de emprego.

O diálogo entre o Goberno e a representación sindical non existe a día de hoxe, e lonxe de mellorar aumenta o seu deterioro progresivamente, razón que leva, unida ás anteriores, a que o grupo socialista presente a proposición que se está a debater.

Continúa dicindo a Sra. Santullano que esta tarde o goberno do Estado transmitiu aos sindicatos na mesa de negociación que os funcionarios seguirán co salario conxelado no ano 2014, o que confirma que é o cuarto exercicio consecutivo que este colectivo non

terá subida salarial. Tamén anunciou que haberá dúas pagas extras no ano 2014, que non poderá haber aumento das plantillas nas administracións públicas nin nas sociedades públicas, e que se manterá o límite existente nos orzamentos xerais do 2013, do 10% da taxa de reposición de efectivos para determinados sectores.

Afirma a concelleira que sempre é a oposición a que vén a este pleno a falar dos dereitos dos traballadores deste concello a través de mocións e proposicións, pero nunca é o goberno quen trae proposicións en relación aos traballadores municipais. Lembra que no pleno no que se aprobaron os orzamentos do ano 2013, que inclúen tamén o cadro de persoal, os concelleiros do goberno que defenderon esta proposta nin tan siquiera fixeron mención algunha ao cadro de persoal, en mostra do ninguneo directo aos traballadores deste concello.

Non lle vale á Sra. Santullano que lle digan que nas últimas mesas de negociación as seccións sindicais non acudiron, pois é da exclusiva responsabilidade do goberno retomar as negociacións e que a paz social volva a este Concello, como houbo durante tantos anos. Por certo, que o goberno popular ostenta o mérito de poñer de acordo a todas as seccións sindicais, pois nunca sucedera tal cousa, tendo os gobernos anteriores que negociar con cada sección porque non todas tiñan a mesma postura. Agora a situación para o goberno é moito máis doada, pois só teñen que facer fronte a unha postura, sen embargo seguen anclados na súa idea de falta de consenso e de confrontación permanente.

A concelleira de facenda falaba do respecto que este goberno tiña aos traballadores desta casa, cuestión da que non debera presumir, porque tal respecto se presupón, pero que se contradí co que figura nunha das actas do mes de setembro da Xunta de Goberno Local, que recolle un informe dun director de área deste concello faltando ao respecto a dúas técnicas municipais, ó que acompaña unha proposta dunha concelleira.

En todo caso, engade a Sra. Santullano, é o momento de que se retomen as negociacións cos traballadores e de que volva a paz social. Neste senso, a proposta que hoxe o grupo municipal trae a este pleno ten dous puntos, nos que se solicita do goberno municipal en primeiro lugar reconducir as negociacións cos representantes dos traballadores, e en segundo aceptar as medidas propostas por unanimidade de todos os representantes dos traballadores do Concello de Santiago.

Don Rubén Cela adianta que o grupo municipal do BNG vai votar a favor desta proposición do grupo socialista, que recolle unha reivindicación unánime de todas as seccións sindicais deste Concello e do Comité de Empresa. En marzo de 2012, no momento da aprobación do plan de axuste 2012-2020, o seu grupo xa explicou os motivos da súa frontal oposición a aquel plan mal chamado de axuste, e que realmente se debera chamar de recortes selectivos, e se hai alguén que é vítima deses recortes

selectivos é sen lugar a dúbidas o persoal deste concello, as traballadoras e traballadores que fan funcionar todos os días esta administración.

Tilda aos recortes de selectivos porque a estas alturas a ninguén engana esa falsa austeridade. Non se recorta en todos os sitios, nin nos que se recorta se recorta de igual xeito, e cada día que pasa fica máis claro que non é un problema de recursos económicos dispoñíbeis, senon unha cuestión ideolóxica e unha mostra de cales son as prioridades do grupo popular, a súa concepción da función pública, e a súa dobre vara de medir, unha dobre vara de medir que permite aplicar recorte tras recorte ao conxunto dos traballadores deste concello, incluso nas prazas de promoción interna, ao tempo que se crean novas prazas de habilitados nacionais, incluso executando eses recortes aos traballadores públicos ao tempo que se alardea de superávits, aínda que sexan ficticios, como xa se veu nos puntos anteriores.

Ese plan de axuste é un atropelo e a aplicación práctica dos recortes, lamentablemente, xa foi moito máis alá do que formalmente marcaban os papeis. Non hai máis que mirar como no plan de axuste nin se imputa o aforro en cada ano, por mor da aplicación do Real Decreto 8/2010, que estableceu a redución no 5% da masa salarial do persoal municipal, nin se imputa o aforro pola amortización de prazas acordadas coa aprobación do cadro de persoal, nin se imputa o aforro producido pola supresión da paga extra de nadal do ano pasado, nin se imputa o aforro previsto pola minoración de horas extras derivado da ampliación da xornada, e non se imputa o aforro previsto pola redución da retribución do persoal en situación de incapacidade temporal.

Por iso, se cabe, é moito máis evidente o xusta e necesaria que é a proposta dos sindicatos de revisión dese plan de axuste, unha revisión solicitada a finais do ano pasado polo conxunto das seccións sindicais con representación neste concello, e polo comité de empresa. Esa petición de revisión non era unha petición de máximos, senón de mínimos, pois nin siquiera solicitaban que non se lles practicase o recorte, senón que o que pedían era simplemente que en vez de asumilo en tres anualidades -2012, 2013 e 2014-, se fixera prorrateado en todo o período de vixencia do plan, é dicir, dividilo entre os dez anos comprendidos entre o 2012 e o 2022, ó igual que se fai coa amortización do crédito que pretende xustificar estas medidas.

En abril deste ano os representantes do persoal solicitaron formalmente a convocatoria da mesa xeral de negociación do concello para tratar ese tema, sen obter ningún compromiso ao respecto.

Para o BNG, ao igual que para as centrais sindicais, os recortes previstos nestes anos 2013 e 2014 deberían fraccionarse ata o 2022, durante o período de vixencia do plan de axuste, co obxectivo precisamente de minorar os gastos en concepto de amortización de prazas, de acción social, de xubilacións, de produtividade, e formación nestes

primeiros anos. Estamos de falar -di o concelleiro- de 975 mil euros nos anos 2013 e 2014, ós que habería que engadir os 350 mil xa recortados en 2012, e sen embargo non hai previsto ningún aforro nese sentido para o resto do período 15-22, aínda que o crédito si que se subscribe para eses anos, o que non ten demasiado sentido.

Os grupos da oposición xa están afeitos a que o goberno non intente a negociación nin o consenso, o que se veu fai tan só uns meses cando volvían a facer uso da seu rodillo, coa súa maioría absoluta, para aprobar neste pleno o cadro de persoal sen que o grupo de goberno acadase o consenso cos representantes dos traballadores e traballadoras, e incumprindo os compromisos adquiridos con eles, e incluso normas legais.

A maioría dos cidadáns de Compostela escolleron ao partido popular para gobernar e iso implica tomar decisións, evidentemente, pero tamén negociar e chegar a acordos. Porén, este goberno municipal está na confrontación permanente, unha confrontación que nunca é gratis, e esta actitude do goberno municipal levou, entre outras cousas, a que as seccións sindicais deste concello impugnaran os orzamentos de 2013, en base a un incumprimento do artigo 38.10 do Estatuto Básico do empregado público, que di o seguinte:

“Garantírase o cumprimento dos pactos e acordos, salvo cando excepcionalmente por causa grave de interese público, derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas, os órganos de goberno das administracións públicas suspendan ou modifiquen o cumprimento de pactos e acordos xa asinados, na medida estritamente necesaria para salvagardar o interese público. Neste suposto, as administracións públicas deberán informar ás organizacións sindicais das causas da suspensión ou modificación”.

Afirma o Sr. Cela que o goberno municipal non seguiu ningún procedemento de suspensión como marca a lei, porque entre outras cousas, non hai razóns obxectivas para xustificalo. Este feito pode levar consigo unha condena ao Concello, que se podería ter evitado perfectamente cunha negociación, e por certo sen custe algún para o concello, xa que o que se pide é diferir no tempo a aplicación destas medidas, non suprimilas.

Dende o punto de vista do BNG non existe ningún problema económico que xustifique isto, e tampouco ningún impedimento técnico-administrativo, como se ten afirmado nalgunha ocasión, achacando imposicións dende Madrid, de non ter capacidade de aceptar ningún tipo de modificación á literalidade do plan de axuste. E hoxe xa é coñecido, á vista dos propios informes da intervención deste concello, que iso non é así, polo tanto só quedan cerrazóns de tipo ideolóxico e político para non atender esta xusta demanda dos traballadores e traballadoras municipais.

Intervén agora Dona Cecilia Sierra, que di que a opinión do goberno municipal é que nestes momentos é oportuna a modificación do plan de axuste, aínda que anticipa o seu voto contrario á proposición

Máis alá de posibles interpretacións e consideracións que exceden do ámbito municipal, o certo é que a situación económica na que se atopa o concello nestes momentos nada ten que ver coa que se atopou o grupo popular de goberno nada máis entrou a gobernar, ou a que se tiña fai un ano.

A seguir, a concelleira explica as razóns polas que o seu grupo non vai votar a favor, e así con respecto á primeira parte da proposición é porque non fai honor ao que realmente ocorre no Concello, aínda que aos membros da oposición lles interese facer ver que así ocorre. Con respecto ó punto número dous da proposición, relativa a unha das propostas plantexadas polos sindicatos, que cree a Sra. Sierra que non é a definitiva, di a concelleira que non supón unha opción seria e coherente de modificación. Para non variar, unha vez máis os grupos da oposición non fixeron os seus deberes no sentido de pararse a estudar o plan de axuste na súa totalidade, así como a liquidación de 2012, e non plantexan alternativas, ou ben sí as estudaron e ven que realmente o goberno xa as está a aplicar. Así, da liquidación e das actuacións levadas a cabo despréndese que hai accións máis alá do plan de axuste que se están poñendo en marcha para posibilitar o obxectivo económico real do plan. Deste xeito, a redución en gastos diversos en máis dun millón de euros dende o ano 2011 axuda a sanear as maltreitas contas municipais, por exemplo. Tamén o resto das medidas do plan se están a executar, como o novo contrato de auditoría enerxética, o estudo da central de compras, ou as licitacións á baixa de novos contratos, por suposto sen afectar aos servizos públicos.

Parece que agora os grupos da oposición queren converterse en adalides dunha política en materia de persoal que no pasado deixaba moito que desexar, pero á hora da verdade falan da conxelación de soldo dos funcionarios de 2011, cando non é certo, pois quen baixou os soldos dos funcionarios por primeira vez na historia foi Rodríguez Zapatero, que de paso, suspendeu a revalorización das pensións. Tamén se fala na proposición ao aumento da xornada laboral, cando non é certo que se estea aplicando, e cando se están a estudar fórmulas para facela máis compatible coa conciliación, o que para algúns colectivos presenta múltiples dificultades.

Con respecto á promoción interna, ou aos concursos, di a concelleira que sobran as palabras, e polo que atinxe aos gastos sen executar, opón que en múltiples ocasións os gobernos anteriores orzamentaron accións sen despois levalas a cabo. Alomenos, este goberno popular actúa con coherencia e non orzamenta algo que non se poida levar á práctica.

Polo que ten que ver coa vontade negociadora, explica a concelleira que non é precisamente o grupo de goberno o que non asiste ás mesas de negociación, e se a oposición fixera os seus deberes e estudara as actas das últimas mesas, deduciría qué parte falta ás mesmas. Indica ó respecto que os sindicatos non asistiron ás reunións do 2 de xaneiro de 2013, 14 de marzo de 2013, 3 de abril de 2013 e 16 de xullo de 2013, mesas convocadas polo goberno. Con anterioridade a esas datas, ambas partes asistiron a tódalas mesas, o que dá idea do afán negociador.

Tamén se fala na proposición da creación das prazas de habilitados, pero a estas alturas a oposición non sabe ou non quere saber que a creación de ditas prazas é por lei, dictada polo anterior goberno de Touriño e Quintana. O goberno anterior non se adaptou ao contido da citada lei, e tivo que ser o actual o que a levará a cabo, dotando economicamente as novas prazas, que tiñan que estar presupostadas e non o estaban.

Non entende a concelleira, por outra banda, que a oposición critique a creación de dúas direccións de área, cando o goberno anterior contemplaba seis a maiores da que xa tiñan na súa plantilla. Por certo, ditas prazas estaban entre os tres millóns de euros en prazas sen orzamentar, que o bipartito deixou de agasallo envenenado no seu orzamento de 2011, cuestión ésta denunciada no seu momento polos propios sindicatos.

Por outra banda, este goberno reduciu o número de asesores de 21 a 15, e as dedicacións exclusivas de 17 a 15, o que suporá un aforro na lexislatura de cerca de 1,5 millóns de euros.

Fálase tamén na proposición da creación de prazas para funcionarios doutros concellos, pero non se fai mención a que este goberno tivo que asumir un coste de persoal que entrou no concello por sentenza de máis de 400.000 euros, e de seguro entrarán máis procedentes da etapa anterior.

O grupo popular -prosegue dicindo a concelleira- actúa baixo un criterio de responsabilidade, e a veces facelo así é complicado e difícil, pero ten moi claro que é primordial evitar o camiño ao que nos levaba o goberno anterior, de recorte dos soldos deste concello, ou incluso posibilitando que algun compañeiro de traballo se fose á rúa, e a que non se poidesen manter os servizos básicos para todos os composteláns. O cometido do goberno é o de lograr que isto non chegue a ocorrer, por iso aconsella a concelleira ós grupos da oposición que plantexen unha alternativa razoable, se ben o goberno municipal xa ten unha que será dada a coñecer en breve.

Aconsella tamén que os concelleiros da oposición non se adiquen a facer un corta e pega das propostas sindicais, e pídelles tamén que presenten un estudo en profundidade do plan de axuste, e das alternativas para a súa modificación, que actúen como oposición con responsabilidade, porque o plan de axuste precisamente deriva dunha

falta total de responsabilidade do goberno anterior á hora de xestionar os cartos públicos e deixar unha débeda con empresas de máis de vinte millóns de euros á que tivo que facer fronte o goberno actual.

Dona Marta Álvarez Santullano, que toma o uso da palabra seguidamente, di que a intervención que lle prepararon á concelleira de facenda os dous directores de área do seu servizo non se parece moito á proposta que hoxe trae o grupo municipal socialista a este pleno, e a concelleira fai afirmacións que dan pé a pensar que nin sequera escoitou algunha das cuestións que plantexou a Sra. Santullano, que non ten porque estudar as actas das reunións das mesas de negociación porque xa dixo na súa anterior intervención que son os sindicatos os que non asisten ás mesas, o que significa que a sra. Sierra non estivo moi atenta ás explicacións da concelleira socialista. Tampouco prestou moita atención á recomendación que lle fixo o señor alcalde fai escasos minutos ao voceiro do grupo socialista en relación a que se tiña que cinguir ao que se debatía estritamente nese punto e non falar doutras cousas que el consideraba alleas a este debate.

Pensa a Sra. Santullano que os primeiros que non fixeron os deberes son os concelleiros do grupo de goberno, e concretamente a concelleira de facenda, pois explica que ten á vista unha proposta da concelleira de persoal, con data de saída do 24 de febreiro, dirixida concretamente á Sra. Sierra e á súa directora de área, que indica que é viable a solicitude dos sindicatos de que se modique o plan de axuste no sentido de que a redución prevista dos gastos correspondentes a acción social e incentivos de xubilación, formación e produtividade, se distribúa ao longo de dez anos, de xeito que cada ano e a partir do 2013 se reduza nunha cantidade fixa. A proposta remitiuse ao departamento de intervención co obxecto -tal e como na mesma se indica- de que tralo seu análise se determine se é posible levar a cabo dita resolución. Esta proposta asinada o 4 de febreiro, con data de saída do 24 de febreiro, está dirixida á ilustrísima concelleira delegada da área de facenda e á señora directora da área de facenda, polo tanto quen non fai os deberes que lle pón a súa compañeira de goberno, dona Amelia González, concelleira de persoal, é a Sra. Sierra.

Parece que non hai cartos e que isto é a bancarrota, pero si hai cartos para traer xente a dedo para determinadas prazas, sen que ningunha lei diga que nun concello dos habitantes que ten Santiago de Compostela haxa que traer tres habilitados máis. O grupo popular trouxo outro persoal porque non lle gustaba o que había, e o resultado é que hoxe contamos con tres habilitados máis, e polo tanto, tres secretarios, tres interventores, e de momento dous tesoureiros, cun tesoureiro de apoio orzamentado. Hai que engadir ademais un novo director de urbanismo, unha nova directora de facenda, unha nova e agora vacante directora de área de seguridade, un novo director de contratación e persoal, unha nova xefatura de servizo de planeamento, de licencias, de tráfico e seguridade cidadá, de promoción económica, e supón a sra. Santullano que o

gobierno os sorprenderá con algunha praza máis no ano 2014, pois para estes fins si hai cartos. O goberno municipal decide a eliminación de prazas de promoción interna, que supoñían 35 mil euros, menos da metade dos cartos que custa traer a un novo xefe de servizo, ou a un director de área, polo tanto quen ten que facer os deberes é a concelleira de facenda, e non é a oposición a que ten que facer estudos e análises do plan de axuste, senon o goberno municipal, que debe poñerse de acordo cos representantes dos traballadores, pois esa é a súa única responsabilidade. Así o que o grupo socialista solicita na proposición é que o goberno se poña de acordo cos representantes dos traballadores, sen embargo o goberno do Concello é un exemplo de confrontación permanente, e a súa vontade non é dende logo de consenso. O goberno fala do persoal municipal só cando lle interesa, e o que roga o grupo socialista, única e exclusivamente, é que ademais de que catro concelleiros con dedicación exclusiva deste concello teñan tempo de cortar pancartas, como fixeron esa maña na concentración dos traballadores, o teñan tamén para reunirse con eles e chegar a un consenso.

Don Rubén Cela intervén seguidamente, e di que se ben no punto anterior a concelleira de facenda describía un concello que se sae no plano económico, agora nos fala dun concello onde non hai ningún tipo de conflictividade laboral, e onde os traballadores desta casa deben estar encantados co goberno. Por desgraza, a realidade dista bastante dese panorama.

Falaba a Sra. Sierra de alternativa razoable, e o Sr. Cela na súa intervención anterior, dicía que a proposta das centrais sindicais non é que fora de máximos, senón que era de minimísimos, pero non son as centrais sindicais as que din que son os recortes son inxustos e que piden que non se lles apliquen eses recortes, o que sería por outra parte o razoable, senon que o que din é que se hai que sufrir eses recortes, non se faga nos anos 2012, 2013 e 2014, pois nun plan de axuste que ten unha vixencia ata o ano 2020, os recortes poden prorratearse durante todo o período. Iso é simplemente o que plantexan os traballadores deste concello, e o goberno o único que ten que dicir é se está disposto a facelo ou non. Proposta máis razoable que ésta dende unha perspectiva sindical é difícil de atopar; en todo caso, os traballadores públicos o que non son é ningunha caste de privilexiados insolidarios, pois son traballadores e traballadoras como calquera outro, que na súa inmensa maioría fan o seu traballo con profesionalidade, e que en calquera caso defenden os seus dereitos lexítimamente. O que ten que facer o goberno é sentarse e dialogar, e nese diálogo lóxicamente ten que haber cesións por todas as partes, pero dende logo o que non pode haber é incluso unha cerrazón ante unha proposta que é absolutamente de mínimos, e o que non é de recibo é que sistematicamente os traballadores paguen todos os pratos rotos, que non romperon eles, e os pagan cando se lles criminaliza, cando se lles ridiculiza, e cando se lles aplica todo tipo de recortes, sexa en redución de dereitos laborais adquiridos previamente, sexa con reducións lineais de salarios.

Di o concelleiro que a señora Santullano facía referencia á noticia que coñecíamos hoxe, dunha nova conxelación salarial, e alégrase o Sr. Cela de que non se volva a meter a pata con medidas como a da supresión de pagas extras, porque xa se viron as consecuencias que tivo na campaña de nadal en Santiago de Compostela. Cando se fan aumentos directos ou indirectos das xornadas, cando hai eliminación da promoción interna, cando hai amortización das prazas, ou cando hai modificacións do convenio colectivo ou do acordo regulador, dende logo non se está a facer ningún favor ao funcionamento deste concello, a que haxa un clima mínimamente razoable, e dende logo a que haxa tamén un clima de confianza mutua entre quen goberna e quen leva o día a día desta casa.

Polo tanto, o que solicita o concelleiro do goberno municipal é que recapacite, que intente dialogar, que se sente a falar cos traballadores, e dende logo, que atenda a unha petición que é técnicamente factible, e que depende exclusivamente da vontade política.

Opón Dona Cecilia Sierra que non hai ningunha cerrazón, e que o goberno asiste a todas as mesas. Precisamente falando do cadro de persoal de 2013, o 11 de decembro de 2012, ás 10:30 horas se celebrou unha mesa de negociación á que os sindicatos non acudiron, e foi unha auténtica pena porque poderían ter aportado alí as súas opinións para plasmalas no novo cadro.

Por outra banda, di a concelleira que os funcionarios están a pagar os platos rotos, pero hai que lembrar que foi o goberno anterior o que os rompeu coa súa xestión, e o que deixou o Concello con 13 millóns de euros que houbo que pedir como préstamo cunhas condicións ICO efectivamente moi duras, pero a lei non deixaba outra posibilidade.

A seguir, a concelleira afirma que o plan de axuste nestes momentos, se é viable, vaise modificar no que atinxe ó capítulo 1, ao mellor dunha maneira máis ambiciosa da que o grupo socialista plantexa na proposición. De todos modos volve a recomendar que os concelleiros da oposición estuden e fagan os seus deberes. A lei de grandes cidades fala de directores xerais en todas as áreas de goberno, e Santiago debería estar acollida á lei de grandes cidades dende fai moito tempo, cousa que non fixo, o que supón outra asignatura pendente que deixou o goberno anterior.

No que atinxe á potestade de autoorganización, indica o concelleira que o goberno ten a capacidade de deseñar unha organización máis áxil e máis moderna que a que recibiu, moi deficiente, pois é sabido que hai concelleiros que non teñen técnicos suficientes nos seus departamentos para facer fronte a importantes responsabilidades.

O grupo popular recibiu en herdanza unha organización totalmente obsoleta, a pesares de que hai un plan de organización realizado pola antiga Andersen no ano 2008 que practicamente plasma a mesma organización municipal que recolleu o seu grupo no

2011. Na actualidade o goberno prosegue a tarefa de modernizar a administración para que sexa máis áxil, pois iso beneficia ó cidadán, que é do que se trata.

A seguir, afirma de novo a concelleira que efectivamente o seu grupo vai modifica-lo plan de axuste, e efectivamente vai propoñer ós representantes dos traballadores que se senten co goberno e que ademais aporten todo o que teñan que aportar, que é o que quere a concelleira que suceda en tódalas mesas de negociación, ás que por certo o seu grupo non deixou de asistir en ningún momento.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a proposición formulada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE relativa á revisión do Plan de Axuste 2012-2022 e transcrita ó inicio do asunto.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A AXUSTES CONTABLES DO ORZAMENTO DE 2013 ÁS OPERACIÓNS REALIZADAS DURANTE A PRÓRROGA ORZAMENTARIA.

Dase conta ao Pleno da Corporación da resolución ditada pola Concelleira de Facenda e Administración Pública con data do 19 de xullo de 2013 (número 4223), que ten o seguinte contido:

“Co gallo de axusta-lo orzamento definitivo para o exercicio 2013 ás operacións realizadas durante a vixencia do orzamento prorrogado do 2012 ao 2013, e en base ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento vixentes:

Artigo nº1: “As posibles dúbidas na aplicación destas bases serán resoltas polo/a Concelleiro/a delegado/a de Facenda”.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Prórroga orzamentaria.

“(…) Aprobado o Orzamento definitivo efectuaranse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado (…).”

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. INTERPRETACIÓN, DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN.

“(…) Autorízase á/ao Concelleiro/a de Facenda a interpretar as presentes Bases e adoptar cantas resolución considere necesarias en orde ao desenvolvemento e aplicación das mesmas(…)”

Procedo a dicta-la seguinte **Resolución:**

PRIMEIRO: MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

1.- Se deberá clarifica-lo acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria o 20 de xuño de 2013, debido á recepción de máis datos por parte do departamento de contabilidade, unha vez iniciado o proceso de realización de volcado de datos:

“ (...) 21.- As modificacións orzamentarias tramitadas e aprobadas durante a prórroga dos orzamentos do ano anterior, enténdense efectuadas sobre o orzamento definitivo para o exercicio a que se refire esta proposta, agás as que se consideren incluídas nos créditos iniciais do Orzamento correspondente ao exercicio 2013, cuxos créditos deberán anularse para evitar duplicidades.

Isto por aplicación do disposto no apartado 6 do artigo 21 do RD 500/1990 que establece que “O orzamento definitivo se aprobará con efectos de 1 de xaneiro, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos”.

Polo tanto, as modificacións realizadas sobre o orzamento prorrogado, que se atopan xa incluídas no Orzamento definitivo deberán ser obxecto de anulación.(...)”

Se especifican as modificacións orzamentarias que deben ser obxecto de anulación por estar incluídas no orzamento, e as que se manteñen sobre o Orzamento do 2013:

MODIFICACIÓN	ANULACIÓN TOTAL	ANULACIÓN PARCIAL
2013/ALZA2013	SI	NON
2013-TRANS-01	NON	NON
2013-XENER-02	NON	NON
2013-XENER-03	NON	SI
2013-XENER-04	NON	NON
2013-XENER-05	NON	NON
2013-XENER-06	NON	NON
2013-TRANS-07	SI	NON

MODIFICACIÓN	ANULACIÓN TOTAL	ANULACIÓN PARCIAL
2013-XENER-10	NON	NON
2013-INCOR-11	NON	NON
2013-XENER-12	NON	NON
2013-INCOR-13	NON	NON
2013-XENER-14	NON	NON
2013-TRANS-15	NON	NON
2013-XENER-16	NON	NON
2013-INCOR-17	NON	NON
2013-CREXT-02	NON	NON
2013-SUPLE-08	SI	NON
2013-XENER-19	NON	NON
2013-XENER-20	NON	NON
2013-XENER-21	SI	NON
2013-XENER-23	NON	NON
2013-TRANS-24	SI	NON
2013-INCOR-22	NON	NON
2013-INCOR-25	NON	NON
2013-TRANS-26	NON	NON
2013-XENER-27	NON	NON
2013-XENER-28	SI	NON
2013-XENER-29	SI	NON
2013-XENER-30	SI	NON
2013-CREXT-09	SI	NON
2013-XENER-31	NON	NON
2013-TRANS-33	SI	NON
2013-INCOR-34	NON	NON
2013-XENER-35	NON	NON
2013-INCOR-36	NON	NON
2013-TRANS-18	NON	NON
2013-XENER-37	NON	NON
2013-TRANS-38	NON	NON

MODIFICACIÓN	ANULACIÓN TOTAL	ANULACIÓN PARCIAL
2013-XENER-39	NON	NON
2013-TRANS-40	NON	NON
2013-INCOR-41	NON	NON

SEGUNDO: Correxilo apartado 17 do acordo plenario referido ao punto único:

A aplicación orzamentaria a minorar, en lugar de se-la 020/ 33400/ 47900 ten que se-la 020/3402/ 48990. Deste xeito, o segundo parágrafo deste punto, quedaría redactado do xeito seguinte “(...) Se minorará a aplicación orzamentaria 020/33402/48990, por importe de 42.500 euros, e se incrementará a aplicación orzamentaria 050/33400/47900 polo mesmo importe (...)”.

TERCEIRO: Nas bases de execución do Orzamento se introducen as seguintes especificacións:

1.- No artigo 15, a partida 130/15900/227xx sería a 130/15100/22707

130/15100/22707	Urbanismo. Servizo xestión e recadación sancións urbanísticas	391.00	Sancións urbanísticas
-----------------	---	--------	-----------------------

Asemade, no mesmo artigo, onde di 050/33800/22698 debe dicir 120/33800/22698. Se produce un cambio de orgánica debido a un erro que se arrastra de anos anteriores. Deberá quedar redactado do seguinte xeito:

120/33800/22698	Festas. Actividades	334.40	Ingresos de taquillas
-----------------	---------------------	--------	-----------------------

2.- Se elimina a mención do artigo 11.3, “terán carácter vinculante entre si os créditos dos grupos de programas 338 festas e 334 CSC.”

CUARTO: Se minora a aplicación “servizos sociais outros gastos diversos” 140/23900/22699, por importe de 1.550 euros e se incrementa a aplicación “servizos sociais combustibles e carburantes” 140/23900/22103 polo mesmo importe.

QUINTO: Para dar cobertura aos maiores gastos efectuados no orzamento prorrogado con respecto aos créditos iniciais consignados no Orzamento 2013, se minorará por importe de 16.819,69 euros a aplicación orzamentaria 010/94300/46690 para incrementar a 010/ 94300/46600 polo mesmo importe.

SEXTO: Para dar cobertura aos maiores gastos efectuados no orzamento prorrogado con respecto aos créditos iniciais consignados no orzamento 2013, se minorará a partida 130/15100/22710 “Estudos e traballos técnicos. Smartcity” por importe de 5.564,38 euros e se incrementará a aplicación orzamentaria 130/15900/22698, polo mesmo importe.

SÉTIMO: As modificacións de crédito con referencias 2013-XENER-21 e 2013-TRANS-24, se consignan nos créditos iniciais por importe de 121.919,52 euros, e dado que, as ditas modificacións orzamentarias deron lugar ao Proxecto 2013/NEMEN/13; faise necesario anular as operacións orzamentarias rexistradas na aplicación 080/45400/60902 durante a prórroga dado que deben rexistrarse nos créditos iniciais definitivamente aprobados.

OITAVO: Se deberá axusta-la anualidade do proxecto 2009-3-URBAN-1 ós créditos iniciais do 2013 na aplicación 110/43300/47900 por importe de 60.000 euros.

NOVENO: Os axustes non afectan aos capítulos de gasto (clasificación económica). Se trata de axustes cualitativos que, en todo caso se deberán tratar como unha corrección de erros aritméticos, e axustes na superposición do volcado dos datos.

DÉCIMO: Se dará conta desta Resolución ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.”

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 1 de xullo ao 10 de setembro de 2013 (núms. 3794 ao 5052, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

- Sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2013 (Núm. 50).
- Sesión ordinaria do día 11 de xullo de 2013 (Núm. 51).
- Sesión extraordinaria urxente do día 16 de xullo de 2013 (Núm. 52).
- Sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2013 (Núm. 53).
- Sesión extraordinaria urxente do día 19 de xullo de 2013 (Núm. 54).
- Sesión extraordinaria urxente do día 22 de xullo de 2013 (Núm. 55).
- Sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2013 (Núm. 56).
- Sesión extraordinaria urxente do día 24 de xullo de 2013 (Núm. 57).
- Sesión extraordinaria urxente do día 26 de xullo de 2013 (Núm. 58).
- Sesión extraordinaria urxente do día 30 de xullo de 2013 (Núm. 59).

Sesión ordinaria do día 1 de agosto de 2013 (Núm. 60).
Sesión extraordinaria urxente do día 2 de agosto de 2013 (Núm. 61).
Sesión extraordinaria urxente do día 7 de agosto de 2013 (Núm. 62).
Sesión ordinaria do día 8 de agosto de 2013 (Núm. 63).
Sesión extraordinaria urxente do día 9 de agosto de 2013 (Núm. 64).
Sesión ordinaria do día 14 de agosto de 2013 (Núm. 65).
Sesión extraordinaria urxente do día 20 de agosto de 2013 (Núm. 66).
Sesión ordinaria do día 22 de agosto de 2013 (Núm. 67).
Sesión extraordinaria urxente do día 23 de agosto de 2013 (Núm. 68).
Sesión extraordinaria urxente do día 23 de agosto de 2013 (Núm. 69).
Sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2013 (Núm. 70).

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada do día 30 de xullo de 2013, núm. 164.

Solicitan que se proceda a deixar as vías expeditas de vexetación na Travesa da Ponte de Sar e o periférico da cidade (especialmente no tramo entre a rotonda de Vidán e a Volta do Castro).

PREGUNTAS.-

1.- Rexistro de entrada do día 9 de agosto de 2013, núm. 165 (para a súa resposta por escrito).

En relación aos pregos para o concurso de comedores escolares e servizo de madrugadores, formulan as seguintes preguntas:

Comparte o goberno municipal a idea de que debería aplicarse a exención do IVE nos servizos de comedores escolares?

Ten iniciado ou ten previsto o goberno municipal emprender accións para a revisión e eliminación do IVE dos comedores escolares e así favorecer a economía das familias de Compostela?

De ser así, cales serían os prazos previstos ou previsíbeis para aplicar a exención do IVE?

2.- Rexistro de entrada do día 2 de setembro de 2013, núm. 166 (para a súa resposta por escrito).

En relación aos convenios anunciados en rolda de prensa o 31 de maio polos concelleiros Don Francisco Noya e Don Luís Meijide, entre o Concello e a Xunta de Galicia, para desbroce de pistas forestais, formulan as seguintes preguntas:

Asináronse os ditos convenios?

De ser afirmativa a anterior resposta, executouse o contido do convenio?

Qué traballos se levan realizado para a prevención dos incendios?

3.- Rexistro de entrada do día 9 de setembro de 2013, núm. 167 (para a súa resposta por escrito).

En relación á creación dunha Comisión de Estudo de Accesibilidade, formulan as seguintes preguntas:

Creouse a dita Comisión?

De ser negativa a anterior resposta, por que non se constituíu?

De ser afirmativa a primeira resposta, por que non fomos convocad@s e que pasos se levan dado?

4.- Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2013, núm. 171 (para a súa resposta por escrito).

En relación a solicitudes de enganches ao servizo eléctrico, formulan as seguintes preguntas:

Cal é a relación de entidades e colectivos que solicitaron do Concello enganches ao servizo eléctrico para realizar actos ou actividades de carácter deportivo, cultural, artístico, festivo ou similar no último ano?

A qué entidades ou colectivos se lle concedeu a autorización para o dito enganche e a cales non?

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

ROGO.-

1.- Rexistro de entrada do día 24 de setembro de 2013, núm. 182.

Rogan que se convoque o Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade.

PREGUNTAS.-

1.- Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2013, núm. 169 (para a súa resposta por escrito).

En relación á saída de bombeiros do parque, formulan as seguintes preguntas:

1. Cántos bombeiros estaban de servizo na quenda que entrou a traballar o día 11 de setembro de 2013, ás 22 horas?
2. Quén era o mando responsable desa quenda?
3. A qué hora recibiu a chamada do 112 solicitando a saída dos bombeiros ao Concello de Ames?
4. Quén valorou o nivel desa emerxencia?
5. Quén adoptou a decisión inicial de non saír, e qué a motivou?
6. Quén adoptou a decisión final de saír a Ames e cal foi o motivo?
7. Cántos bombeiros saíron e cantos quedaron no parque de bombeiros?
8. Cal foi a valoración que fixeron os bombeiros que acudiron ao lume de Ortoño sobre o nivel de emerxencia, indicando si había perigo real para as persoas e para as vivendas?

2. Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2013, núm. 170 (para a súa resposta por escrito).

En relación ao plan de mobilidade, formulan a seguinte pregunta:

Qué avances se fixeron desde o 1 de xullo relativos á aplicación do plan de mobilidade?

3. Rexistro de entrada do día 23 de setembro de 2013, núm. 179 (para a súa resposta por escrito).

En relación ás negociacións cos sindicatos, formulan as seguintes preguntas:

Cantas veces foi convocada a mesa de negociación dende o 1 de xullo de 2011 ata o día de hoxe? Cales foron as datas desas convocatorias?

En qué datas non compareceu a representación sindical?

En relación coas axudas sociais do ano 2012, cales foron os conceptos abonados e as cantidades correspondentes a cada un deles?. Quedan axudas pendentes de aboar do ano 2012? Se a resposta é positiva, qué cantidades son as pendentes?

Cantas indemnizacións por xubilación, incapacidade permanente ou falecemento de traballadores municipais foron solicitadas nos anos 2012 e 2013? Cantas se abonaron e cantas están pendentes, indicando datas e cantidades?

En relación ás horas extraordinarias, hai cantidades pendentes de abonar a día de hoxe?, e pendentes de aprobar pola Xunta de Goberno Local? Indicando en ambos casos o número de horas, datas nas que se realizaron, cuantías e servizos realizados

4. Rexistro de entrada do día 23 de setembro de 2013, núm. 180 (para a súa resposta por escrito).

En relación á incorporación de traballadores ao departamento de tráfico, formulan as seguintes preguntas:

Cantas persoas se incorporaron a traballar nas últimas datas ao departamento de tráfico?

Cal é a vinculación laboral que teñen esas persoas co Concello?

Cal é a retribución que perciben polo desenvolvemento dese traballo e por canto tempo?

Exactamente qué traballo desenvolven, cales son as tarefas encomendadas?

Dona Elvira Cienfuegos inicia o debate coa defensa do rogo formulado polo BNG para a retirada da vexetación das vías da travesa da Ponte do Sar. Explica a concelleira que o rogo presentouse no mes de xullo, cando Santiago recibe moita xente, e daquela eran, e son agora, moitos os puntos da cidade, e nomeadamente dos barrios, nos que a vexetación medra de forma descontrolada ate mesmo ocupar o espazo viario. Ás veces son parcelas de propiedade municipal ,como a que linda coa praza Pepe Noya, onde as silvas non permiten achegarse ao peche perimetral, ou como o parque de Salgueiriños, que leva meses sen mantemento, pese a que foi licitado e hai unha proposta da mesa de contratación dende xaneiro; neste caso do parque, o aspecto de abandono súmase á

acumulación de plásticos no curso do río. Outras veces son parcelas de propiedade privada, ou pública, das que sobresaen as plantas e impiden o uso normal do viario, como é o caso de Ponte do Sar ou de Vista Alegre, nas proximidades da rotonda. Na primeira, os coches non poden aparcar normalmente na zona verde, porque as silvas ocupan o seu espazo, e no segundo, os peóns teñen que coidar de non se enganchar nas silvas ao pasar pola beiravía, e no periférico, en concreto no tramo Vidán – Ponte do Castro, a vexetación estivo, agora menos, tapando ata os indicadores viarios, e tamén os que sinalaban o CHUS.

Por razóns de imaxe, pero tamén polos prexuízos que causa á circulación peonil ou rodada, o BNG roga que coa necesaria periodicidade o Concello execute ou demande a execución da limpeza da vexetación para deixar expeditas as vías, ou para que os espazos urbanos teñan o debido nivel de hixiene e decoro que din as ordenanzas.

Don Juan de la Fuente Fuentes explica que as dúas solicitudes que o BNG recolleu no rogo están satisfeitas a día de hoxe. Di que por primeira vez na historia deste Concello as parcelas municipais estábanse a limpar todas, sen excepción de ningún tipo, de feito na actualidade estanse rematando os traballos no Romaño. O problema, de tódolos xeitos, non foi achacable ó goberno municipal, pois simplemente se debeu a que o operario que traballaba coa desbrozadora lamentablemente caeu enfermo, e a súa enfermidade foi a que retardou o proceso durante dous meses, tempo para facer unha nova contratación. De tódolos xeitos, a sra. Cienfuegos pode ter a tranquilidade de que ao goberno tamén lle preocupa o tema dos desbroces, non só aquí, no centro da cidade, senón tamén no rural.

Dona Mar Martín, a seguir, explica o rogo do grupo socialista relativo á convocatoria do consello sectorial da familia, benestar e igualdade. Indica ao respecto que o preámbulo do regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de familia, benestar social e igualdade do Concello de Santiago, aprobado polo actual goberno municipal, di que a participación cidadá é un dos pilares sobre os que asenta a idea de democracia e tamén ún dos medios mediante os cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos, pois supón recoñecer a pluralidade do pensamento, opinión e visión dos asuntos, contribúe ao seu desenvolvemento social, e mellora da calidade dos servizos públicos. As ventaxas e beneficios que comporta a participación cidadá na toma de decisións fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, os cidadáns en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teña en conta o debate, e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

Tamén se recolle na Constitución o dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos, e son moitas as leis a nivel europeo, estatal, autonómico e local que recoñecen o dereito á participación da cidadanía.

Nos momentos en que os cambios sociais se aceleran e as necesidades aumentan, é cando os movementos sociais adquiren e demandan un maior protagonismo. O papel das asociacións é tamén máis necesario que nunca para dar resposta a estas demandas, darlles a voz, e escoitar as súas propostas.

Engade a concelleira que vai aló máis da metade da lexislatura e aínda non se convocou o Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade, nin se crearon as comisións sectoriais, impedindo así a necesaria participación da sociedade. Por iso, o rogo vai no sentido de que se convoque axiña a reunión do citado Consello.

Dona María Castelao responde que o Consello creouse recentemente, e recentemente tamén se foron dando os pasos oportunos para ir convocando e cubrindo as prazas de vogais. O artigo 8 do Regulamento determina un número de entidades representadas nese Consello, e con data 12 de abril deste ano saíron as solicitudes a cada unha desas entidades e institucións que forman parte do Consello Sectorial. Recibiuse a resposta da última delas o 14 de agosto, e o Concello deixou certa marxe de tempo polo período vacacional. Agora mesmo moitas delas están tramitando o expediente para percibir as subvencións municipais que lles permiten funcionar, por certo por unha cantidade duplicada por parte do Concello de Santiago.

A seguir dí a concelleira que xa se está falando dunha data para a convocatoria do Consello, e que precisamente a intención do goberno é facelo operativo para dar saída ás solicitudes e preocupacións de todas as entidades e institucións, porque co goberno anterior non se estaba a garantir ese dereito á participación do que falaba a Sra. Martín

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2013, núm. 174, relativa a apoiar as persoas sancionadas que perciben pensións de estados estranxeiros

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do concelleiro Rafael Vilar e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a apoiar as persoas sancionadas que reciben pensións de estados estranxeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un

medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do

período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Manifestar o apoio do Concello de Santiago aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a

1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.

2.- Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2013, núm. 175, relativa a corrixir a acepción de Angrois en futuras edicións da Gran Enciclopedia Gallega

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á corrección da acepción de Angrois en futuras edicións da Gran Enciclopedia Gallega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Gran Enciclopedia Gallega, na entrada referida a Angrois, reproduce frases e ditos despectivos e non pertinentes sobre habitantes desta aldea da parroquia compostelá de Sar que, ademais de danaren a súa imaxe, describen unha realidade falsa, como quedou patente coa lección de ética e de solidariedade que veñen de amosar. Esa información está extraída, á súa vez, do Dicionario enciclopédico gallego-castellano de Eladio Rodríguez González.

Debe ser modificada esa acepción e aquelas outras semellantes que nomean máis lugares de Santiago de Compostela de xeito negativo, apelando á responsabilidade social da Gran Enciclopedia Gallega, xa que é tomada como referencia noutras publicacións e páxinas web, tales como a Wikipedia, moi visitadas nos últimos tempos a raíz do accidente ferroviario de Angrois.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela insta á editorial da Gran Enciclopedia Gallega a revisar en futuras edicións a entrada referida a Angrois e a outros lugares da cidade, co obxectivo de eliminar os cualificativos pexorativos que se lle atribúen nesa obra aos seus habitantes e que nada teñen a ver coa realidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 23 de setembro de 2013, núm. 177, en defensa do Estatuto da Capitalidade de Santiago de Compostela.

A designación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas pola Lei 1/1982, de 24 de xuño, supuxo a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como a implantación de dotacións e equipamentos directamente determinados pola presenza das institucións autonómicas.

Con posterioridade, a través da Ley 4/2002, de 25 de xuño, dotouse á cidade de Santiago dun **estatuto especial de capitalidade** que tiña por obxecto, en primeiro lugar, o recoñecemento formal de Compostela como capital da Comunidade Autónoma, có que tal declaración significa no proceso de identificación de Galicia como pobo.

Ese estatuto, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece asemesmo unha previsión de financiamento específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma para contribuir ao sostemento dos servizos públicos que é necesario dotar como sede das institucións autonómicas, o que supón para o exercicio 2013 a cantidade de 2,3 millóns de euros.

O pasado mes de agosto o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, solicitaba públicamente a mesma axuda que recibe Santiago polo Estatuto da Capitalidade, e consideraba que **“no es de recibo que a Santiago se le den dos millones de euros por ser capital”**.

Diante de estas manifestacións que tentan confundir sobre a condición de Capital de Galicia, que corresponde unicamente a Santiago de Compostela, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción a debate e posterior aprobación, se procede, no vindeiro Pleno a celebrar pola Corporación:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

A Corporación de Santiago rexeita as manifestacións de D. Abel Caballero, e installe a aceptar o Estatuto da Capitalidade da cidade de Santiago de Compostela aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, o 25 de xuño de 2002.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 24 de setembro de 2013, núm. 181, relativa ao copago de medicamentos de dispensación hospitalaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Asistimos á degradación do Sistema Público de Saúde, como consecuencia das políticas antisociais do goberno do Partido Popular.

Unha degradación que se apoia en medidas que desmantelan e desvirtúan o Sistema Público de Saúde que coñeciamos até agora e que afecta aos máis débiles de forma directa con medidas que van desde a exclusión do mesmo ao pago das receitas.

Non podemos menos que esixir a atención ante a gravidade dos feitos e non podemos quedarnos contemplando como cada día que pasa o noso Sistema Público de Saúde se vai convertendo nun sistema privado de saúde.

Así, o 1 de decembro de 2012, o Boletín Oficial do Estado publicou unha modificación do Real Decreto-lei 16/2012 que equipara a receita médica á orde de dispensación hospitalaria, dentro do decreto que regula o chamado copago farmacéutico e o 18 de setembro do presente ano publicouse a Resolución de 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se proceden a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario.

A falta de ética por parte do Goberno do Partido Popular eliminando coa mencionada Resolución máis de 150 medicamentos que requiren orde de dispensación hospitalaria, medicamentos que para os pensionistas ou os enfermos con enfermidades crónicas son vitais e entre os que se atopan algúns tratamentos contra o cancro, a hepatitis C, artrite reumatoide, psoriasis, esclerose múltiple e numerosas enfermidades raras. O seu prezo varía en función da duración dos mesmos e o número de doses requiridas, polo que están a abocar ao derrube do Sistema Sanitario Público e o que é máis grave ao medo a poñerse enfermo e non ter os medios para poder curar.

Esta moción pretende salvagardar a sanidade pública da nosa cidade e polo tanto o que representa o Sistema Público de Saúde e denunciar o impacto que sobre a saúde teñen medidas que pretenden converter a sanidade nunha sanidade onde o que ten diñeiro ten sanidade e o que non carecerá de asistencia sanitaria.

A saúde non é un elemento para xogar en política e como ben indica o artigo 41 e 43 da nosa Constitución, texto legal ao que o actual Goberno parece que non reconece e por iso presenta unha Resolución en desenvolvemento dun Real Decreto cheo de sen sabores que en realidade é unha privatización encuberta.

É un tremendo erro facer pagar a crise a quen menos culpa ten. Se o Goberno non coida dos que máis o necesitan perde gran parte da súa representatividade, xa que ao atacar as bases da dignidade e a liberdade das persoas cos seus recortes está en realidade atacando os cimentos que lle sustentan.

Atopámonos con que un número importante de composteláns e compostelás vanse ver expostos de forma directa a un menoscabo sen precedentes na súa xa deteriorada economía.

Todos estes recortes supoñen un cambio cualitativo de enorme magnitude no modelo sanitario, tanto para o acceso aos medicamentos como aos servizos, xerando inxustiza social e desigualdade.

En consecuencia, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte moción para a súa consideración e aprobación polo pleno municipal dos seguintes acordos:

1.- Manifestar a desconformidade co Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións así como coa Resolución de 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario que o desenvolve.

2.- Instar ao Goberno de España a que reconsidere a eliminación de máis de 400 medicamentos do Sistema Público de Saúde que requiren orde de dispensación e que de forma directa afectan a pensionistas, enfermos crónicos e enfermos con enfermidades raras.

3.- Instar o Goberno de España a garantir a universalidade e gratuidade do Sistema Nacional de Saúde como servizo e xestión pública”.

Don Rafael Vilar defende en primeiro lugar a moción do BNG relativa ao apoio ás persoas sancionadas que perciben pensións de Estados estranxeiros, en concreto ó colectivo de pensionistas e emigrantes retornados, que están a padecer unha situación inxusta que se concreta nas reclamacións e expedientes sancionadores dos que están a ser obxecto por parte da Axencia Tributaria.

Por orde directa do Ministerio de Facenda, do Ministro Montoro, estanse a enviar requirimentos de pago a pensionistas emigrantes que perciben este tipo de prestacións doutros países, requirimentos que recollen dende o exercicio 2008-2009 ata o 2012, é dicir, catro exercicios fiscais, en cantidades que poden chegar aos vinte mil euros nalgúns dos casos.

Para estes pensionistas emigrantes, a situación creada é un abuso, xa que tiñan descoñecemento absoluto sobre a obriga da tributación de pensións devengadas polo seu traballo en Estados estranxeiros, e á parte, recibiron neses Estados información contradictoria, que non era a que lles facilitarán no consulado e mesmo nas asesorías que eles tiñan. Ademais, xunto con esta reclamación de cantidades supostamente defraudadas, estanse a abrir expedientes sancionadores, ou mesmo a reclamación de xuros de demora polos cartos non satisfeitos á facenda española, e esta problemática

estaría a afectar só en Galiza a uns douscentos mil pensionistas e emigrantes retornados, varios centos deles veciños da nosa cidade e da súa área de influencia.

Para o concelleiro resulta absurdo que teñan tratamento de defraudadores, cando se trata de xente que en ningún momento tivo afán de eludir as súas obrigas tributarias, e só o descoñecemento e a nefasta información proporcionada provocaron que os pensionistas e emigrantes retornados se viran nesta situación, que dende logo contrasta co trato dado aos grandes defraudadores existentes no Estado español, que se puideron beneficiar dunha amnistía fiscal deseñada polo goberno Rajoy.

Tamén é sabido que a gran bolsa de fraude fiscal non está precisamente nestes pensionistas, senón nas grandes fortunas que se aproveitan da existencia dos chamados paraísos fiscais, ou subterfuxios como as SICAV, polo tanto o que o BNG pide é a consideración da moción por parte do Pleno desta Corporación, co ánimo de dar unha solución xusta á problemática creada en torno aos pensionistas e emigrantes retornados.

Procédese seguidamente á votación, e o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao apoio ás persoas sancionadas que perciben pensións de Estados estranxeiros.

Don Rafael Vilar pasa á defensa da segunda moción formulada polo grupo municipal do BNG que solicita corrixir a acepción de Angrois en futuras edicións da Gran Enciclopedia Galega. Explica o concelleiro que o 24 de xullo, e pola traxedia ferroviaria de todos coñecida, Angrois situábase no centro do foco informativo, xa non só do país senón de medio mundo. Nos seus nove séculos de existencia, o nome de Angrois non tivera nin dende lonxe a repercusión obtida polo tráxico suceso do descarrilamento dun tren alvia. Daquel tráxico suceso aínda tan próximo, unha das poucas leccións positivas tivo que ver co comportamento exemplar dos veciños e veciñas de Angrois, que todos e todas agradecemos. Este mesmo pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xullo, aprobou unha declaración institucional na que entre outras cousas se dicía: “Santiago de Compostela, agradece a solidariedade nesta traxedia, facendo especial mención aos veciños e veciñas de Angrois que dende o primeiro momento entregaron todos os seus esforzos para axudar nesta catástrofe”.

Este comportamento exemplar -di o concelleiro- contrasta co que a Gran Enciclopedia Galega di na súa entrada relativa a Angrois, que pasa a reproducir, cando menos parcialmente:

“Angrois: lugar da parroquia de Sar, Santa. María no Concello de Santiago de Compostela. A suposta rudeza dos seus habitantes deu lugar a unha serie de frases que

xa forman parte do acervo costumista da comarca compostelá, como “parece que ves de Angrois”, para indicar que unha persoa esta aparvada, ou “coidas que son de Angrois”, que di aquela persoa que se ve tomada por parva.”

O concelleiro entende que este uso da lingua, ferinte e despectivo respecto aos habitantes de Angrois, debe desaparecer desa obra de referencia que é a Gran Enciclopedia Galega, e sendo certo que esas expresións existiron ate fai unhas décadas, a día de hoxe é totalmente extemporánea a súa utilización.

Nese sentido, o BNG concorda co expresado polo catedrático e membro da Real Academia Galega, Xesús Ferro Ruibal, que escribiu dende o 24 de xullo de 2013, que ser de Angrois é unha das cousas máis decentes, e máis nobres e máis emocionantes que se pode ser en Galicia, e se agora temos a cortesía de seguir usando este novo significado que xa circula, a Real Academia Galega deberá recoñecer que as locucións, “facerse de Angrois” “paracer de Angrois” e “ser de Angrois”, cambiaron radicalmente de significado o 24 de xullo de 2013.

Polo tanto, o BNG pretende que esta Corporación se dirixa aos responsables desta magna obra, da Gran Enciclopedia Galega, para lles solicitar que na entrada relativa a Angrois desaparecesen as referencias irrespectuosas cos veciños e veciñas do lugar, que deron unha marabillosa lección de entrega e solidariedade nuns momentos tan duros e difíciles.

Don Francisco Reyes, pola súa banda, indica que as frases e ditos despectivos aos que fai referencia a moción do Bloque Nacionalista Galego, que efectivamente aparecen na obra referidos aos habitantes do lugar de Angrois, describen unha realidade efectivamente falsa, e tamén o farían aínda que estes habitantes de Angrois non tiveran amosado a súa solidariedade coas vítimas do tráxico accidente ferroviario do 24 de xullo deste ano, moito máis co seu extraordinario exemplo, nesas horas tráxicas.

O grupo socialista obviamente vai votar a favor desta oportuna proposta do Bloque Nacionalista Galego, aínda que considera o concelleiro que é mágoa que non se tivera aprobado en Xunta de Voceiros.

Dona Rebeca Domínguez adianta que o grupo popular votará a favor da moción presentada polo BNG, malia o cal non lle gustaría deixar pasar a ocasión para reflexionar en voz alta, aínda que sexa brevemente, sobre o que se propón. Están, por suposto, totalmente en desacordo con determinadas lecturas ofensivas que poden atoparse en textos como a Gran Enciclopedia Galega para o topónimo Angrois, aínda que tamén cómpre recoñecer que a prudencia dous autores levou a tildar a rudeza dos habitantes do lugar, que deu lugar posteriormente a moitas expresións pexorativas.

Os dicionarios, as enciclopedias, e os papeis en xeral, como é ben sabido, aguántanno todo, polo tanto poden ser revisados e corrixidos para corresponderse co que pensamos. En consecuencia, débense eliminar apreciacións prexuízosas e anacrónicas que poidan estigmatizar a unha veciñanza, e que non coinciden neste caso co que debe ser o respecto que merecen os veciños de Angrois.

Os dicionarios e as enciclopedias recolleron o que popularmente se dicía, que malia non ser aceptable neste momento, explica o académico Ferro Ruibal, ao que acaba de facer mención o Sr. Vilar, no portal das palabras o seguinte: “en moitas cidades do mundo hai sempre un sitio próximo que os urbanos teñen como patria dos que carecen das destrezas urbanas, e no que abunda unha actitude desconfiada. Recoñecer isto é decatarse de que a lingua é a nosa maneira de falar e unha mostra dos prexuízos que nos adornan”.

Engade a concelleira que igual que os veciños de Angrois, os galegos en xeral fomos postos como exemplo de atrasados en moitos textos ao longo dos séculos. Son moitos os documentos escritos que sostiveron eses estigmas, e o correcto quizás sexa mirar para diante, e que no futuro reflectan outra visión da realidade, a real, pois todos sabemos que calquera xeneralización deste tipo é ofensiva por incerta, e debemos por suposto contribuir a eliminala, mais non só nos dicionarios e enciclopedias, senón tamén no imaxinario do colectivo que a construíu e que a mantivo.

O desgrazado e lamentablemente accidente que ocorreu o 24 de xullo supuxo un impacto tan forte para esta cidade que non lograremos esquecerlo na vida, e ao lado das dantescas imaxes do accidente lembraremos sempre a impagable intervención dos homes e mulleres que sen dubidalo un instante correron a socorrer aos accidentados e puxeron ao seu dispor toda a axuda que puideron.

Esta é a imaxe que temos agora da veciñanza de Angrois, e é a real, e polo tanto a que todos queremos que se reflecta nos textos escritos que os describen e caracterizan. Cecaís esta moción sexa unha boa contribución para facer exame de conciencia, e para recoñecer canto podemos ignorar sobre os nosos, e á vez abrir a nosa mente para deixar coñecemento e eliminar prexuízo, rendendo así unha homenaxe aos veciños de Angrois. Aprendendo deles, agora podemos aprender tamén algo sobre eles, sobre aquel Angrois de Arriba que aparece citado nun documento de 1.147 do Rei Alfonso VII que se conserva na catedral e no que se fala do castro que debeu estar habitado, como outros, fai uns dous mil anos, sobre esa aldea que asenta nun val recollido polos montes do Viso e do Castro, nunha situación que a colocou ás costas dunha urbe, máis tamén á beira dos camiños que nalgún tempo foron Reais, e que hoxe son grandes infraestruturas polas que non sempre chegan boas novas. Sobre ese tantas veces esquecido lugar, cuxos veciños nos deron unha boa lección.

Para rematar a intervención, tamén cita a concelleira ao profesor Ferro, que di que en calquera caso, dende o 24 de xullo de 2013, ser de Angrois é unha das cousas máis decentes, máis nobres e emocionantes que se pode ser en Galicia. Se agora nós temos a cortesía de seguir usando este novo significado que xa circula, a Real Academia Galega deberá recoñecer que as locucións galegas: “facerse de Angrois” “parecer de Angrois” e “ser de Angrois” cambian radicalmente de significado.

Enviárase polo tanto unha petición aos editores da Enciclopedia Galega para que así o recollan.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar a moción formulada polo grupo municipal do BNG, e xa que logo instar á editorial da Gran Enciclopedia Galega a revisar en futuras edicións a entrada referida a Angrois e a outros lugares da cidade, co obxecto de eliminar os cualificativos pexorativos que se lle atribúen nesa obra aos seus habitantes e que nada teñen que ver coa realidade

A terceira moción, do grupo popular, refírese ao Estatuto da Capitalidade. Defende a mesma o Sr. Alcalde, que indica que o certo é que Santiago é sede das institucións autonómicas dende o ano 82, e con posterioridade no 2002, a Lei 4 de 25 de xuño, dotou á nosa cidade dun Estatuto Especial de Capitalidade, que é o recoñecemento formal de Compostela como capital da Comunidade Autónoma, e que foi aprobado por unanimidade de todos os grupos no Parlamento de Galicia.

O pasado 14 de agosto, o Alcalde de Vigo, don Abel Caballero, solicitaba a mesma axuda para a súa cidade que para Santiago, e dicía: “No es de recibo que a Santiago se le den dos millones de euros por ser capital”. Polo tanto entende o Sr. Alcalde que procede rexeitar estas manifestacións, razón pola que solicita que o Pleno da Corporación apoie a urxencia na toma en consideración da moción.

Procédese á votación, e por unanimidade o Pleno da Corporación declara a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo municipal popular relativa ó Estatuto de Capitalidade.

Prosegue a súa intervención o Sr. Alcalde, dicindo que a designación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas pola Lei 1/82, supuxo a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como a implantación de dotacións e equipamentos directamente relacionados coa implantación das institucións autonómicas.

Con posterioridade, a través da Lei 4/2002, de 25 de xuño, dotouse á cidade dun estatuto especial de capitalidade que tiña por obxecto, en primeiro lugar, o recoñecemento formal de Compostela como capital da Comunidade Autónoma, co que

esta declaración significa no proceso de identificación de Galicia como pobo. Ese estatuto, que foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece ademais unha previsión de financiamento específica nos orzamentos da Comunidade Autónoma para contribuír ao sostemento dos servizos públicos que é necesario dotar como sede das institucións autonómicas, o que supuxo no exercicio 2013 a cantidade de 2,3 millóns de euros. E é preciso aquí poñer de manifesto a importante acción coordinada que para a preservación e potenciación do papel que corresponde a Santiago veñen realizando as distintas administracións a través do Consorcio da Cidade de Compostela. Isto levou tamén consigo aqueles mecanismos adecuados para o tratamento xurídico, administrativo e financeiro deste feito específico, a Capitalidade, dotando a Compostela dun estatuto especial, que por outra parte, xa se contemplaba no artigo 89.2 da Lei de Administración Local de Galicia.

Cando o pasado mes de agosto o Alcalde de Vigo, don Abel Caballero, solicitaba públicamente a mesma axuda que recibe Santiago polo estatuto da Capitalidade, dicía textualmente: “no es de recibo que a Santiago se le den dos millones de euros por ser capital”, evidentemente estaba mantendo que a Santiago non lle corresponden eses dous millóns de euros por ser capital de Galicia, e sen embargo pedía eses dous millóns de euros para Vigo, por ser a cidade máis importante das galegas, que nada ten que ver co estatuto de capitalidade, nin nada ten que ver coa capitalidade de Galicia.

Considera o Sr. Currás que o que se pretende é confundir sobre a condición de capital de Galicia, e dende logo, presionar á Xunta de Galicia para que a aportación do Estatuto de Capitalidade se suprima ou se rebaixe de forma importante. Deste modo, a proposta de resolución é clara e pretende rexeitar as manifestacións de D. Abel Caballero e instarlle a aceptar o Estatuto da Capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas no Parlamento de Galicia.

Don Rubén Cela adianta que o grupo municipal do BNG non vai votar favorablemente esta moción, porque opina que facelo supoñería entrar nunha dinámica tremendamente infantil, e moi pouco produtiva para Santiago, pois estamos a falar de cousas demasiado serias como para convertelas en liortas de patio de colexio. O seu grupo evidentemente está en total e absoluto desacordo coas declaracións do Sr. Caballero a respecto do Estatuto da Capitalidade do que goza Santiago, pero coida que esas declaracións desacredítanse por si soas, e que non debería darlle este pleno a relevancia e a categoría que non teñen.

Non ten este pleno que instar ao alcalde doutra cidade a cumprir a lei, pois as leis son de obrigado cumprimento para todos, estean ou non de acordo, e o Estatuto da Capitalidade é lei.

Pola contra, o que si pode facer este Pleno é esixir que ese Estatuto da capitalidade se cumpra na letra e no espírito, e esixirlle ao goberno galego que non recorte esa partida. Tamén se podería tratar de non enganar á cidadanía, porque cando o grupo popular orzamentou eses 2,9 millóns en concepto de estatuto de capitalidade, foi a sabendas de que a aportación da Xunta era de 2,3 millóns, tal e como recollían os orzamentos definitivos da Xunta de Galiza. Sen embargo o goberno municipal argumentaba que estaban a negociar, mentres o que facía realmente era ocultar a realidade.

Santiago é por lei a capital de Galiza, iso non o pode negar absolutamente ninguén, e o problema é que hoxe Santiago non actúa como capital de Galiza, e nin dende o goberno galego se lle trata como tal, e os exemplos, desgraciadamente, nos últimos tempos son múltiples. O sr. Alcalde facía referencia á Lei 1/1982 de 24 de xuño, de aprobación do Estatuto da Capitalidade, da fixación da sede das institucións autonómicas de Galiza, que establecía como sede dos edificios centrais da Xunta e do Parlamento de Galiza a Santiago de Compostela. Habería que agardar ata a lei 4/2002 de 25 de xuño para dotármolos dun Estatuto da capitalidade, que ademais, de server como plasmación normativa expresa do recoñecemento formal de Santiago como capital de Galiza, establece tamén un Consello da Capitalidade, ao que se lle encomenda a coordinación das políticas municipais e autonómicas, e a previsión de financiamento específico para Santiago nos orzamentos da Comunidade Autónoma, para atención da súa condición de capital e sede das institucións galegas.

Nesa lei, ese pagamento só aparece en termos cualitativos, non en termos cuantitativos, polo tanto, o que hai que calcular é en canto diñeiro se traducen esas cargas extraordinarias que soportan as arcas municipais polo feito de ser capital de Galiza. Esa compensación non existe por ningún capricho, por moito que se empeñe o señor Abel Caballero, e dende logo non é ningunha caste de privilexio, senón que é unha contrapartida perfectamente explicada polas exencións tributarias que existen nos edificios por motivo da capital, nas instalacións e vehículos das diferentes administracións, polos custes de conxestión, polos custes de seguridade, pola utilización do espazo físico polas institucións da Comunidade Autónoma, etc. O profesor Caramés, da facultade de Económicas da Universidade de Santiago de Compostela fala nun estudo realizado por el mesmo sobre o cálculo deses custes, e por poñer só algún exemplo, de que o custe de oportunidade pola exención do imposto de bens inmobles e do imposto de vehículos, é dicir, so por iso, sería entorno a 179.000 euros/ano, ou da sección de vados de 4.500 euros/ano, ou os custes de conxestión entorno a 176.000 euros/ano. Segundo o estudo do profesor Caramés, a Xunta de Galiza debería de pagar 5.507.494,3 euros/ano a Santiago de Compostela pola súa condición de capital, é dicir, máis do dobre da asignación actual. Cando o goberno popular queira, dende logo pode traer unha moción a este pleno para pedir un pagamento xusto en concepto de capitalidade e dende logo aí si que terán o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego.

Don Francisco Reyes, pola súa banda, manifesta que xa públicamente o seu grupo comentou que entende, aprecia e respecta que unha das obrigas e das responsabilidades dun alcalde é a defensa da súa cidade, do bo nome da mesma, pero que dentro do exercicio desa responsabilidade e de defensa da propia cidade, existe un límite claro que non se debe traspasar, que é precisamente o respecto ás outras cidades.

Ben certo é que como xa se ten comentado, a Lei 1/1982, designou á nosa cidade de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas, plantexou á nosa cidade o reto de afrontar a prestación duns servizos públicos e das dotacións duns equipamentos directamente determinados pola presenza desas institucións autonómicas no noso termo municipal, aos que había que facer fronte. A lei establecía tamén unha previsión de financiación específica nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para contribuír ao pagamento deses servizos, ademais da existencia dun órgano colexiado de interpretación e seguimento de carácter permanente, o denominado consello da capitalidade.

Non é menos certo que cando neste caso o Alcalde de Vigo fai declaracións de que non é de recibo que a Santiago se lle dean dous millóns de euros por ser capital, non está evidentemente a poñer en dúbida o Estatuto da Capitalidade de Santiago de Compostela, pero si as contías que por eses servizos públicos e por esas dotacións de equipamentos directamente determinados pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal ten esta cidade que afrontar.

O Estatuto da Capitalidade é aprobado no ano 2002, pero a verdade é que non é ata o 2004 que Compostela pode recibir a primeira partida, a primeira achega para facer fronte a estas necesidades, que foi de 1,5 millóns de euros. A cifra dende entón foi progresivamente medrando, así foi de 2 millóns no 2005, 2,5 millóns no ano 2006; de 3 millóns no ano 2007; de 3,09 millóns no ano 2008; e de 3,18 millóns no ano 2009 e no ano 2010.

A verdade é que a partires do 2011 comeza o recorte desta partida; e no 2011 e no 2012, as achegas xa diminúen ata os 2,7 millóns de euros, e agora no 2013, como todos coñecemos, a diminución foi ata os 2,3 millóns de euros.

É certo que o plantexamento do Alcalde de Vigo é, como moi ben dixo o noso Alcalde, pretender rebaixar a aportación da Xunta de Galicia á nosa cidade de Santiago de Compostela, por mor precisamente de exercer ese papel de capitalidade de todos os galegos que se recolle no estatuto da capitalidade. E é verdade tamén, como igualmente manifestou o Sr. Currás, que non se pode permitir que ninguén plantexe esa rebaixa de aportacións, por mor do concepto de capitalidade que ten a nosa cidade, e polo tanto, do mesmo xeito que non se pode permitir que ninguén diga que ten que facerse unha

rebaixa das aportacións, menos se pode permitir que de feito se fagan esas rebaixas nas aportacións, por iso o grupo socialista presentou unha emenda de adición á moción formulada polo grupo municipal do Partido Popular en defensa do Estatuto da Capitalidade de Santiago de Compostela, emenda que recolle textualmente a proposta que fixo o grupo municipal do Partido Popular e que di: “A Corporación de Santiago rexeita as manifestacións de don Abel Caballero, e ínstalle a aceptar o Estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 25 de xuño de 2002”, engadindo á citada proposta o seguinte: “Así mesmo a corporación de Santiago insta á Xunta de Galicia a que cumpra o compromiso adquirido coa cidade de Santiago e estableza nos seus orzamentos para o 2014 a dotación económica que lle corresponde por contribuír ao sostemento dos servizos públicos, como sede das institucións autonómicas, e polo tanto pídesse que non continúe minorando esta achega como ven facendo dende o ano 2011”.

Auséntase do salón de Plenos a concelleira Dona Cecilia Sierra.

O Sr. Alcalde volve a intervir seguidamente, e en primeiro lugar anticipa que o seu grupo non vai aceptar a emenda subscrita polo socialista, ó entender que supón desvia-la atención do asunto que se trae, pasando do Sr. Caballero cara outro tema, que é a Xunta de Galicia. Cómpre indicar que cando máis medrou a aportación ao estatuto da capitalidade foi precisamente coa Xunta do Sr. Feijoo, pois no 2009 estaba en 3,09 millóns, pero efectivamente as circunstancias económicas fixeron que se reducira. O que é verdade é que o Bloque de Santiago non é o Bloque de Vigo, pois éste lle dixo ao señor Caballero que deixase de enfrentar ás cidades galegas, mentres que o de Santiago vai por libre, e así lle vai.

A continuación afirma o Sr. Alcalde que a Xunta de Galicia está a cumprir o Estatuto, e pregunta por que o bipartito non esixiu no seu momento, de acordo co informe do Sr. Caramés, que a aportación fora de 5,7 millóns de euros.

O Sr. Caballero indicou que Vigo está no século XXI, e Santiago no XV, engadindo que quere a mesma aportación que o Consorcio de Santiago para Vigo, cando o Consorcio de Santiago é o brazo executor do Real Patronato, que non ten Vigo. Nós non dicimos que queremos zona franca, nin un porto de cruceiros como o que ten Vigo, porque sabemos que non o podemos pedir, pero temos que defender o noso, e o noso é o Estatuto da Capitalidade, o noso é o Consorcio de Santiago, e o noso é que Santiago de Compostela estea no século XXI, porque é un insulto dicir que estamos no século XV, insulto que non podemos pasar por alto, porque esta Corporación ten a obriga de defender á cidade, e non poñerse de perfil diante de tales ataques.

Don Rubén Cela pensa que defender á cidade é algo máis que traer este tipo de mocións, e defender a capitalidade non é só instar a alguén a que cumpra a lei, porque

iso xa ten que ser. Santiago de Compostela é a capital de Galiza guste ou non guste a quen sexa, e o BNG non considera que sexa cuestión de instar a ninguén a cumprir a lei. O que o seu grupo cree é que á parte de que haxa unha lei que diga que Santiago é a capital, Santiago ten que exercer de capital, e como tal ten que ser tratada por parte das outras administracións públicas, punto no que existe un déficit importante.

Di seguidamente o concelleiro que as declaracións do Sr. Abel Caballero son impresentables e absolutamente intolerables, sen embargo a dinámica que segue o grupo popular non vale para demasiado. Sería máis útil que o sr alcalde explicase ós seus compañeiros que Santiago é a capital de Galiza, que lles dixese o papel que ten o Consorcio, e polo tanto garantir que nos orzamentos da Xunta que se están a tramitar neste momento se garantice o trato que realmente debера ter o Consorcio de Santiago de Compostela.

Defender a capitalidade supón para o Sr. Cela, por exemplo, que en toda a reorganización que supostamente se vai facer do sistema aeroportuario galego a Xunta de Galiza teña en conta que Santiago é a capital de Galiza, e que o aeroporto de Lavacolla é o aeroporto central e de referencia do noso país. Entrar noutras dinámicas pensa o concelleiro que non só é infantil, senon que supón dar mostras dun localismo enfermizo, que ten acarreado non poucos problemas. As declaracións do Sr. Abel Caballero desacredítanse absolutamente por si soas, e na súa opinión estáselles dando unha categoría que nin teñen elas nin quen as fai.

Opón o Sr. Cela que en ningún momento o seu grupo se pon de perfil, pois cree que fixo unha valoración clara e contundente sobre a opinión que lle merece ao grupo municipal do BNG as declaracións do Sr. Caballero. Sen embargo, non cree que a dinámica seguida polo grupo popular ó respecto sexa precisamente positiva.

A continuación toma a palabra Don Francisco Reyes, que sinala que cando o alcalde de Vigo fixo as declaracións ás que nos estamos a referir, o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela fixo tamén as súas declaracións, e calificou publicamente aquelas como inxustificables, inxustas e inaceptables, inxustificables porque non era certo que os problemas que puidera ter a cidade de Vigo foran responsabilidade de Santiago de Compostela, e inxustas porque Santiago ao seu entender non exerceu a capitalidade en beneficio propio, senón precisamente ao servizo do país. Tamén as calificou de inaceptables porque o límite na defensa da propia cidade teno o respecto ás demais cidades, así por exemplo tamén se lle podería dicir ao Alcalde da Coruña, don Carlos Negreira, que as súas declaracións eran inaceptables cando dixo publicamente que a Coruña era a única cidade con proxecto, que era verdadeiramente a referencia de Galicia.

Con respecto ao tema das achegas por mor da capitalidade, o certo é que as cuantías son claras. No 2004, gobernando o Partido Popular, a achega era de 1,5 millóns; no 2005, tamén con goberno popular, o orzamento foi de 2 millóns; no 2006, sendo xa un goberno de progreso, medrou a achega a 2,5 millóns de euros; no 2007 medrou novamente a 3 millóns de euros; no 2008 voltou novamente a medrar a 3,09 millóns de euros, no 2009 no último orzamento que elaborou e aprobou o goberno de progreso en Galicia medrou ata 3,18 millóns de euros, e o goberno do Partido Popular presidido por don Alberto Núñez Feijoo mantivo no 2010 a achega de 3,18 millóns de euros, mentres que no 2011 e no 2012 reduciu a partida a 2,7 millóns, e neste ano para o 2013, a reduciu aínda máis, a 2,3 millóns de euros.

Verdadeiramente a defensa da nosa cidade pasa por esixir o respecto nas declaracións, e o respecto no trato real, e unha redución na achega para o grupo socialista é inaceptable. Por esa razón introduciron unha emenda que ten relación coa proposta de resolución que o Partido Popular está a plantexar. Isto é, non é de recibo que o Alcalde de Vigo diga que non lle dean os 2 millóns de euros por ser capital da nosa Comunidade, aínda que é ben certo que non é o Pleno desta Corporación quen lle ten que dicir nin a D. Abel Caballero, nin a ninguén que ten que aceptar e cumprir a lei, sen embargo, e dalí o contido da emenda presentada, tampouco é aceptable o feito de rebaixar a asignación que á nosa cidade corresponde por ser a capital de Galicia

Rematado o debate sobre o contido da moción formulada polo grupo popular, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, rexeitar as manifestacións de D. Abel Caballero cando indicou que non era de recibo que a Santiago se lle dean dous millóns de euros por ser capital, e instar ao Alcalde de Vigo a aceptar o Estatuto da Capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 25 de xuño de 2002.

Seguidamente indica o Sr. Alcalde que se procederá seguidamente á defensa doutra das mocións do grupo socialista, sobre a gratuidade dos libros de texto para o curso 2013-2014, ó que opón o Sr. Reyes que tal moción foi retirada precisamente porque o texto que se plantexa foi aprobado esta mesma semana no Pleno do Congreso dos Deputados co voto favorable de todos os/as deputados/as do Partido Popular.

Auséntase do salón de plenos o concelleiro D. Rubén Cela.

Indica entón o Sr. Alcalde que procede defender a urxencia da moción tamén presentada polo grupo socialista relativa ao copago dos medicamentos de dispensación hospitalaria no servizo público da saúde.

Don Francisco Reyes sinala ó respecto que o 1 de decembro de 2012 o Boletín Oficial do Estado publicou unha modificación do Real Decreto-lei 16/2012, que equipara a receita médica á orde de dispensación hospitalaria, dentro do decreto que regula o chamado copago farmacéutico, e o 18 de setembro do presente ano publicouse a Resolución de 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario.

Di o concelleiro que o Goberno do Partido Popular eliminou coa mencionada Resolución máis de 150 medicamentos que requiren orde de dispensación hospitalaria, medicamentos que para os pensionistas ou os enfermos con enfermidades crónicas son vitais, e entre os que se atopan algúns tratamentos contra o cancro, a hepatitis C, artrite reumatoide, psoriase, esclerose múltiple e numerosas enfermidades raras. O seu prezo varía en función da duración dos mesmos e o número de doses requiridas, polo que están a levar ao derrube do Sistema Sanitario Público, e o que é máis grave, ao medo a poñerse enfermo e non ter os medios para poder curar.

A moción -engade o Sr. Reyes- pretende salvagardar a sanidade pública da nosa cidade e polo tanto o que representa o Sistema Público de Saúde, e denunciar o impacto que sobre a saúde teñen medidas que pretenden converter a sanidade nunha sanidade onde o que ten diñeiro ten sanidade e o que non, carecerá de asistencia sanitaria.

En consecuencia, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte moción para a súa consideración e aprobación polo pleno municipal dos seguintes acordos:

1.- Manifestar a disconformidade co Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións así como coa Resolución de 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario que o desenvolve.

2.- Instar ao Goberno de España a que reconsidere a eliminación de máis de 400 medicamentos do Sistema Público de Saúde que requiren orde de dispensación e que de forma directa afectan a pensionistas, enfermos crónicos e enfermos con enfermidades raras.

3.- Instar o Goberno de España a garantir a universalidade e gratuidade do Sistema Nacional de Saúde como servizo e xestión pública.

A seguir procédese á votación, e o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor dos membros presentes dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, 12 en contra, dos membros presentes do grupo municipal popular, e 2 abstencións, dos/as concelleiros/as Dona Cecilia Sierra (grupo popular) e D. Rubén Cela (grupo BNG), ausentes no momento da votación, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción formulada polo grupo socialista relativa ao copago dos medicamentos de dispensación hospitalaria no servizo público da saúde.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 21 horas e 50 minutos. Dou fe